



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

XI lexislatura
Número 26
6 de outubro de 2020

Fascículo 1



CSV: BOPGDSPG9QHvWpHL7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



SUMARIO

1. Procedemento parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.1. Normas aprobadas

1.1.1.2. Regulamento do Parlamento

■ Acordo do Pleno do Parlamento de Galicia, do 6 de outubro de 2020, polo que se modifica o Regulamento do Parlamento de Galicia [7327](#)

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

■ Admisión a trámite do Proxecto de lei de impulso demográfico de Galicia e apertura do prazo de presentación de emendas [7332](#)

■ Admisión a trámite do Proxecto de lei de residuos e solos contaminados de Galicia e apertura do prazo de presentación de emendas [7473](#)



1. Procedemento parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.1. Normas aprobadas

1.1.1.2. Regulamento do Parlamento

O Parlamento de Galicia, na sesión plenaria do 6 de outubro de 2020, aprobou, por 73 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención, a reforma do Regulamento do Parlamento de Galicia.

Santiago de Compostela, 6 de outubro de 2020

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

Acordo do Pleno do Parlamento de Galicia, do 6 de outubro de 2020, polo que se modifica o Regulamento do Parlamento de Galicia

Exposición de motivos

A actual e excepcional situación de emerxencia sanitaria derivada da covid-19 exige unha resposta normativa ante a eventual imposibilidade ou dificultade de que a Cámara galega desenvolva as súas funcións e celebre as súas sesións con normalidade. Na actualidade, o Regulamento do Parlamento prevé o voto delegado e telemático dos deputados e deputadas para os supostos de embarazo, maternidade ou paternidade, polo que, por razóns de seguridade xurídica, se fai necesario regular e dar solución a situacións excepcionais que impidan o funcionamento do réxime presencial das sesións dos órganos parlamentarios, engadindo a situación de risco na saúde como causa que permita delegar o voto ou exercerlo telematicamente.

Respecto das posibilidades de funcionamento da Cámara no caso de imposibilidade de presenza física dos deputados e deputadas nesta situación de pandemia, deben tomarse en conta normas aplicables a esta cuestión como o Estatuto de autonomía de Galicia (artigo 12), cando dispón que o Regulamento precisará o número mínimo de deputados para a formación de Grupos Parlamentarios, a intervención destes no proceso lexislativo e as funcións da Xunta de Portavoces. Os Grupos Parlamentarios participarán en todas as Comisións en proporción ao número dos seus membros.

O Regulamento do Parlamento de Galicia prevé, no seu artigo 84, o seguinte:

«1. Os acordos serán válidos unha vez aprobados pola maioría simple dos membros presentes do órgano correspondente, sen prexuízo das maiorías especiais que establecen o Estatuto de Galicia, as demais leis de Galicia e mais este Regulamento.

2. Computaranse como presentes nunha votación as deputadas e os deputados da Cámara que malia estaren ausentes fosen autorizados expresamente pola Mesa do Parlamento para participar na devandita votación a través dos mecanismos previstos neste Regulamento.

3. O voto das deputadas e dos deputados é persoal e indelegable, agás nos casos de embarazo, maternidade ou paternidade que, por impedir o desenvolvemento da función parlamentaria e unha



vez avaliadas as especiais circunstancias, se consideren abondo xustificados. A Mesa do Parlamento, mediante resolución motivada, poderá autorizar que a deputada ou o deputado poida participar nas votacións a través dos sistemas de voto delegado ou voto telemático.

4. O voto delegado: as deputadas e os deputados poderán delegar o seu voto noutra deputada ou deputado do seu mesmo grupo parlamentario. Para tal efecto, a deputada ou o deputado dirixirá escrito á Mesa do Parlamento, no que se farán constar o nome da deputada ou do deputado que delega o seu voto, o nome da deputada ou do deputado que recibe a delegación e o período de duración da delegación ou os debates e as votacións en que debe exercerse. Deberá constar, así mesmo, mediante sinatura, o coñecemento da ou do portavoz do grupo parlamentario correspondente. A delegación non se entenderá prorrogada tacitamente.

5. O voto telemático: as deputadas e os deputados poderán exercer o seu voto telematicamente. Para tal efecto, dirixirán escrito á Mesa do Parlamento, no que se fará constar o seu nome, as votacións ou o período de tempo durante o cal poderá emitir o seu voto a través deste procedemento.

6. Ningunha deputada nin deputado poderá tomar parte, directamente ou mediante delegación, nas votacións sobre resolucións que afecten o seu estatuto de deputados.»

Pola súa banda, o Pleno do Tribunal Constitucional, na súa Sentenza 19/2019, do 12 de febreiro de 2019, en relación coa impugnación de disposicións autonómicas 492-2018, formulada polo Goberno da Nación, pronunciouse sobre os criterios xerais de funcionamento persoal das cámaras parlamentarias que non impiden a súa excepción por motivos epidemiolóxicos excepcionais como ocorre da práctica parlamentaria comparada.

Artigo único. *Modificación do artigo 84 do Regulamento do Parlamento de Galicia*

Engádesse ao artigo 84 do Regulamento do Parlamento de Galicia unha nova alínea 7, que queda redactada nos termos seguintes:

«A Mesa, de acordo coa Xunta de Portavoces, poderá habilitar excepcionalmente e por tempo determinado a presenza, o voto delegado, sistemas de videoconferencia ou calquera outro sistema técnico viable e adecuado que garanta, para todos os efectos regulamentarios, a asistencia e participación nas sesións e nos debates e o exercicio do dereito de voto por quen non puider asistir ás sesións de forma xustificada por atoparse Galicia nunha situación de afectación grave da saúde da poboación declarada polas autoridades sanitarias públicas competentes que lle imposibilite a presenza física na sesión correspondente por comprometer a saúde das persoas.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor*

A presente reforma regulamentaria entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 6 de outubro de 2020
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente



Acuerdo del Pleno del Parlamento de Galicia, de 6 de octubre de 2020, por el que se modifica el Reglamento del Parlamento de Galicia

Exposición de motivos

La actual y excepcional situación de emergencia sanitaria derivada de la covid-19 exige una respuesta normativa ante la eventual imposibilidad o dificultad de que la Cámara gallega desarrolle sus funciones y celebre sus sesiones con normalidad. En la actualidad, el Reglamento del Parlamento prevé el voto delegado y telemático de los diputados y diputadas para los supuestos de embarazo, maternidad o paternidad, por lo que, por razones de seguridad jurídica, se hace necesario regular y dar solución a situaciones excepcionales que impidan el funcionamiento del régimen presencial de las sesiones de los órganos parlamentarios, añadiendo la situación de riesgo en la salud como causa que permita delegar el voto o ejercerlo telemáticamente.

Respecto de las posibilidades de funcionamiento de la Cámara en el caso de imposibilidad de presencia física de los diputados y diputadas en esta situación de pandemia, deben tomarse en cuenta normas aplicables a esta cuestión como el Estatuto de autonomía de Galicia (artículo 12), cuando dispone que el Reglamento precisará el número mínimo de diputados para la formación de Grupos Parlamentarios, la intervención de estos en el proceso legislativo y las funciones de la Junta de Portavoces. Los Grupos Parlamentarios participarán en todas las Comisiones en proporción al número de sus miembros.

El Reglamento del Parlamento de Galicia prevé, en su artículo 84, lo siguiente:

«1. Los acuerdos serán válidos una vez aprobados por la mayoría simple de los miembros presentes del órgano correspondiente, sin perjuicio de las mayorías especiales que establecen el Estatuto de Galicia, las demás leyes de Galicia y este Reglamento.

2. Se computarán como presentes en una votación las diputadas y diputados de la Cámara que a pesar de estar ausentes hayan sido autorizados expresamente por la Mesa del Parlamento para participar en dicha votación a través de los mecanismos contemplados en este reglamento.

3. El voto de las diputadas y diputados es personal e indelegable, salvo en los casos de embarazo, maternidad o paternidad que, por impedir el desarrollo de la función parlamentaria y una vez evaluadas las especiales circunstancias, se consideren suficientemente justificados. La Mesa del Parlamento, mediante resolución motivada, podrá autorizar que la diputada o diputado pueda participar en las votaciones a través de los sistemas de voto delegado o voto telemático.

4. El voto delegado: las diputadas y diputados podrán delegar su voto en otra diputada o diputado de su mismo grupo parlamentario. A tal efecto, la diputada o diputado dirigirá escrito a la Mesa del Parlamento, en el cual se harán constar el nombre de la diputada o diputado que delega su voto, el nombre de la diputada o diputado que recibe la delegación y el periodo de duración de la delegación o los debates y votaciones en que ha de ejercerse. Deberá constar, asimismo, mediante firma, el conocimiento de la o del portavoz del grupo parlamentario correspondiente. La delegación no se entenderá prorrogada tácitamente.



5. El voto telemático: las diputadas y diputados podrán ejercer su voto telemáticamente. A tal efecto, dirigirán escrito a la Mesa del Parlamento, en el que se hará constar su nombre, las votaciones o el periodo de tiempo durante el cual podrá emitir su voto a través de este procedimiento.

6. Ninguna diputada ni diputado podrá tomar parte, directamente o mediante delegación, en las votaciones sobre resoluciones que afecten a su estatuto de diputados.»

Por su parte, el Pleno del Tribunal Constitucional, en su Sentencia 19/2019, de 12 de febrero de 2019, en relación con la impugnación de disposiciones autonómicas 492-2018, formulada por el Gobierno de la Nación, se pronunció sobre los criterios generales de funcionamiento personal de las cámaras parlamentarias que no impiden su excepción por motivos epidemiológicos excepcionales como ocurre de la práctica parlamentaria comparada.

Artículo único. *Modificación del artículo 84 del Reglamento del Parlamento de Galicia*

Se añade al artículo 84 del Reglamento del Parlamento de Galicia un nuevo apartado 7, que queda redactada nos tener siguientes:

«La Mesa, de acuerdo con la Junta de Portavoces, podrá habilitar excepcionalmente y por tiempo determinado la presencia, el voto delegado, sistemas de videoconferencia o cualquiera otro sistema técnico viable y adecuado que garantice, a todos los efectos reglamentarios, la asistencia y participación en las sesiones y en los debates y el ejercicio del derecho de voto por quien no pudiere asistir a las sesiones de forma justificada por encontrarse Galicia en una situación de afectación grave de la salud de la población declarada por las autoridades sanitarias públicas competentes que le imposibilite la presencia física en la sesión correspondiente por comprometer la salud de las personas.»

Disposición final única. *Entrada en vigor*

La presente reforma reglamentaria entrará en vigor el día siguiente al de su publicación en el *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 6 de octubre de 2020

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

Admisión a trámite do Proxecto de lei de impulso demográfico de Galicia e apertura do prazo de presentación de emendas

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 5 de outubro de 2020, adoptou o seguinte acordo:

Admisión a trámite e apertura do prazo de presentación de emendas



- 2624 (11/PL-000003)

Presidencia da Xunta de Galicia

Proxecto de lei de impulso demográfico de Galicia

Examinado o devandito proxecto e logo de verificar que reúne a documentación e os antecedentes previstos no artigo 111 do Regulamento, a Mesa, por unanimidade, acorda:

1º. Admitir a trámite o Proxecto de lei de impulso demográfico de Galicia polo procedemento lexislativo ordinario.

2º. Oír a Xunta de Portavoces para a súa asignación a unha comisión e ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

3º. Abrir o prazo regulamentario de 15 días hábiles para a presentación de emendas, que comezará a contar a partir do día seguinte ao da publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*. O prazo remata o día 24 de outubro de 2020, ás 13.00 horas.

Santiago de Compostela, 5 de outubro de 2020

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

Admisión a trámite do Proxecto de lei de residuos e solos contaminados de Galicia e apertura do prazo de presentación de emendas

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 5 de outubro de 2020, adoptou o seguinte acordo:

Admisión a trámite e apertura do prazo de presentación de emendas

- 2625 (11/PL-000004)

Presidencia da Xunta de Galicia

Proxecto de lei de residuos e solos contaminados de Galicia

Examinado o devandito Proxecto, e logo de verificar que reúne a documentación e os antecedentes previstos no artigo 111 do Regulamento, a Mesa, por unanimidade, acorda:

1º. Admitir a trámite o Proxecto de lei de residuos e solos contaminados de Galicia polo procedemento lexislativo ordinario.

2º. Oír a Xunta de Portavoces para a súa asignación a unha comisión e ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

3º. Abrir o prazo regulamentario de 15 días hábiles para a presentación de emendas, que comezará a contar a partir do día seguinte ao da publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*. O prazo remata o día 24 de outubro de 2020, ás 13.00 horas.

Santiago de Compostela, 5 de outubro de 2020

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente







XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

galicia

Ref: mv



Para a súa tramitación polo Parlamento de Galicia achégolle o "**Proxecto de lei de impulso demográfico de Galicia**", aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día 17 de setembro de 2020.

Asemade achégase a certificación expedida polo secretario do Consello co visto e prace do Sr. Presidente da Xunta de Galicia, así como os documentos aos que se refire o artigo 111 do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

 Xacobeo 2021





ALFONSO RUEDA VALENZUELA, VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E
CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO, E
SECRETARIO DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA,


CERTIFICADO:

Que o Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día dezasete de setembro de dous mil vinte, adoptou o seguinte Acordo:

“Aprobar o *Proxecto de lei de impulso demográfico de Galicia* e a súa remisión ao Parlamento de Galicia”.

E para que conste asino a presente, co visto e praxe do Sr. Presidente, en Santiago de Compostela, a dezasete de setembro de dous mil vinte.

Vº. e Praxe
O PRESIDENTE





XUNTA DE GALICIA

PROXECTO DE LEI DE IMPULSO DEMOGRÁFICO DE GALICIA

CSV: BOPGDSPG9QHtWpHL7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

[Exposición de Motivos]

TÍTULO PRELIMINAR. Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto e finalidade da lei*

Artigo 2. *Ámbito de aplicación*

Artigo 3. *Definicións*

Artigo 4. *Principios reitores*

Artigo 5. *Principios de actuación*

Artigo 6. *Principios específicos en materia de familia*

TÍTULO I. Criterios de actuación e organización para o impulso demográfico

CAPÍTULO I. Carácter sistémico das políticas demográficas

Artigo 7. *Incorporación da perspectiva demográfica*

Artigo 8. *Análise do impacto demográfico*

Artigo 9. *Informe periódico e indicadores en materia demográfica*

Artigo 10. *Colaboración e cooperación interadministrativa*

Artigo 11. *Criterios de actuación das Administracións locais*

Artigo 12. *Apoio ás Administracións locais*

Artigo 13. *Colaboración co sector privado*

Artigo 14. *Colaboración do Terceiro sector social*

Artigo 15. *Participación cidadá*

Artigo 16. *Contratación*

Artigo 17. *Axudas e subvencións públicas*

CAPÍTULO II. Organización administrativa

Artigo 18. *Competencias do Consello da Xunta de Galicia*

Artigo 19. *Comisión para o Impulso Demográfico*

Artigo 20. *Comisión Técnica para o Impulso Demográfico*

Artigo 21. *Observatorio Galego de Dinamización Demográfica*

CAPÍTULO III. Estudo, sensibilización, formación e comunicación

Artigo 22. *Estudo en materia demográfica*

Artigo 23. *Sensibilización social en materia demográfica*

Artigo 24. *Formación no ámbito educativo*

Artigo 25. *Formación do persoal ao servizo do sector público autonómico en materia demográfica*

Artigo 26. *Medios de comunicación social*





XUNTA DE GALICIA

TÍTULO II. Políticas públicas para o impulso demográfico

CAPÍTULO I. Criterios xerais

Artigo 27. *Políticas activas de emprego*

Artigo 28. *Apoio no acceso e á permanencia na vivenda*

Artigo 29. *Renda familiar estandarizada*

CAPÍTULO II. Apoio ás familias

Artigo 30. *Incremento do investimento en políticas de familia*

Artigo 31. *Prestacións e axudas familiares por nacemento, adopción ou acollemento preadoptivo*

Artigo 32. *Accesibilidade dos recursos de atención temperá*

Artigo 33. *Axuda ás familias máis vulnerables*

Artigo 34. *Axudas para a mellora das vivendas*

Artigo 35. *Apoio económico para o transporte*

Artigo 36. *Apoio económico para o acceso á Educación Infantil 0-3*

Artigo 37. *Selo para establecementos amigables coas familias con nenos e nenas*

Artigo 38. *Especial consideración das familias numerosas*

Artigo 39. *Espazos para as familias nos edificios de uso público*

Artigo 40. *Reserva de aparcamento para as familias*

Artigo 41. *Bancos de leite materno*

Artigo 42. *Asistencia sanitaria á reprodución*

CAPÍTULO III. Conciliación da vida familiar, laboral e persoal

Sección 1ª. Principios xerais

Artigo 43. *Criterios xerais de actuación en materia de conciliación*

Artigo 44. *Defensa da maternidade e paternidade nos procedementos penais*

Sección 2ª. Educación Infantil 0-3 e recursos e servizos de conciliación

Artigo 45. *Accesibilidade dos recursos e servizos de conciliación*

Artigo 46. *Medidas de protección da saúde infantil nos recursos e servizos de conciliación*

Artigo 47. *Educación Infantil 0-3*

Artigo 48. *Atención das necesidades puntuais de conciliación*

Sección 3ª. Conciliación no sector público

Artigo 49. *Desenvolvemento profesional*





XUNTA DE GALICIA

- Artigo 50. *Impulso da flexibilidade*
- Artigo 51. *Bolsa de horas de libre disposición*
- Artigo 52. *Recursos de conciliación*

Sección 4ª. Conciliación no sector privado

- Artigo 53. *Implicación do sector empresarial*
- Artigo 54. *Axudas para facilitar a conciliación*
- Artigo 55. *Promoción da conciliación na contratación do sector público autonómico*
- Artigo 56. *Racionalización de horarios*
- Artigo 57. *Conciliación e corresponsabilidade na negociación colectiva*
- Artigo 58. *Reserva de solo empresarial para recursos de conciliación*

CAPÍTULO IV. Apoio á mocidade

- Artigo 59. *Criterios xerais de actuación no ámbito da mocidade*
- Artigo 60. *Formación orientada ao mercado laboral e ás potencialidades do territorio*
- Artigo 61. *Educación non formal e voluntariado*
- Artigo 62. *Impulso do emprendemento*
- Artigo 63. *Impulso da innovación, tecnoloxía, creatividade e das tecnoloxías da información e a comunicación*
- Artigo 64. *Relevo xeracional*

CAPÍTULO V. Retorno e atracción de nova poboación

Sección 1ª. Criterios xerais de actuación

- Artigo 65. *Mellora do saldo migratorio e das taxas de poboación activa*
- Artigo 66. *Estímulo das actividades económicas*
- Artigo 67. *Incorporación ao sistema educativo*

Sección 2ª. Fomento do retorno da poboación galega residente no exterior

- Artigo 68. *Afianzamento dos vínculos coa poboación galega residente no exterior*
- Artigo 69. *Igualdade de condicións no acceso a programas e servizos*
- Artigo 70. *Apoio no proceso de retorno*

Sección 3ª. Atracción de nova poboación

- Artigo 71. *Mercado laboral*
- Artigo 72. *Inclusión social*





XUNTA DE GALICIA

Artigo 73. *Formación para o emprego*

CAPÍTULO VI. Equilibrio territorial

Artigo 74. *Valorización do medio rural e costeiro non urbano*

Artigo 75. *Consideración dos desequilibrios demográficos*

Artigo 76. *Desenvolvemento sustentable das políticas e servizos públicos*

Artigo 77. *Accesibilidade dos servizos públicos*

Artigo 78. *Mobilidade*

Artigo 79. *Telecomunicacións*

Artigo 80. *Servizos para as persoas maiores no medio rural e costeiro non urbano*

Artigo 81. *Servizos para as persoas con discapacidade no medio rural e costeiro non urbano*

Artigo 82. *Prazas educativas e recursos de conciliación*

Artigo 83. *Estándares de calidade no ensino*

Artigo 84. *Formación Profesional*

Artigo 85. *Acceso á cultura e fomento das actividades e industrias creativas e culturais*

Artigo 86. *Fomento do turismo sustentable e inclusivo*

Artigo 87. *Acceso á terra*

Artigo 88. *Impulso das actividades agroforestais*

Artigo 89. *Sustentabilidade das actividades agroforestais e marítimo-pesqueiras*

Artigo 90. *Diversificación da actividade económica*

Artigo 91. *Relevo xeracional no medio rural e costeiro non urbano*

Artigo 92. *Innovación e tecnoloxía no medio rural e costeiro non urbano*

Artigo 93. *Tecnoloxías e competitividade*

Artigo 94. *Incentivos e bonificacións impositivas ao investimento*

Artigo 95. *Solo empresarial*

Artigo 96. *Apoio ao comercio de proximidade*

Artigo 97. *Servizos financeiros e bancarios*

Artigo 98. *Responsabilidade social territorial*

CAPÍTULO VII. Envellecemento activo e saudable

Artigo 99. *Criterios xerais de actuación para o envellecemento activo e saudable*

Artigo 100. *Tecnoloxía aplicada ao envellecemento activo e saudable*

Artigo 101. *Economía do envellecemento*

Artigo 102. *Cuarto ciclo*

Artigo 103. *Posta en valor da experiencia*

Artigo 104. *Atención a domicilio e acompañamento para as persoas maiores e con limitacións funcionais ou de autonomía persoal*

Artigo 105. *Prevenición e atención da soidade non desexada*





XUNTA DE GALICIA

Artigo 106. *Reforzo das relacións interxeneracionais*

Disposición adicional primeira. *Incremento do investimento en políticas de familia*

Disposición adicional segunda. *Estratexia de impulso demográfico*

Disposición adicional terceira. *Plan de apoio ás familias monoparentais*

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa*

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia*

Disposición derradeira segunda. *Modificación da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia*

Disposición derradeira terceira. *Modificación da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia*

Disposición derradeira cuarta. *Modificación da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público*

Disposición derradeira quinta. *Modificación do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, aprobado polo Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro*

Disposición derradeira sexta. *Modificación da Lei 2/2015, do 29 do abril, de emprego público de Galicia*

Disposición derradeira sétima. *Creación do Rexistro das Familias Monoparentais Galegas*

Disposición derradeira oitava. *Desenvolvemento normativo*

Disposición derradeira novena. *Entrada en vigor*





XUNTA DE GALICIA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

A Comunidade Autónoma de Galicia vén experimentando nas últimas décadas un importante proceso de transformación demográfica, socioeconómica e cultural. Os trazos máis salientables da súa dinámica demográfica, compartidos co resto de España, Europa e os países desenvolvidos, e incardinados na denominada segunda transición demográfica, son, por unha parte, o incremento da esperanza de vida, que debe ser valorado como un gran éxito colectivo e que nos sitúa como un dos lugares máis saudables do mundo en atención á duración da vida, e, por outra, a variación da fecundidade, que en Galicia diminuíu, como en todas as sociedades avanzadas nos últimos sesenta anos, pero aquí de forma máis rápida e acusada. Así, aínda que a fecundidade das mulleres galegas xa foi baixa en relación coa das españolas dende o século XIX, entra en fase depresiva nas últimas tres décadas, con valores particularmente reducidos.

Esta redución da fecundidade relaciónase moi directamente coa paulatina prolongación da etapa de xuventude, consecuencia das dificultades que atopa a mocidade na transición á vida adulta. A este respecto son expresivos o retraso na entrada no mercado de traballo, o emparellamento tardío e o progresivo incremento da idade media á primeira maternidade. Con maior ou menor intensidade, todos estes aspectos caracterizan a toda a sociedade occidental.

O cambio demográfico implica tamén unha modificación dos marcos de convivencia no fogar e unha mudanza progresiva no mapa das estruturas familiares, cada vez máis diversas. Neste sentido, a mellora na supervivencia asegurou o núcleo filial-conxugal durante máis anos nos ciclos vitais e aumentou o seu peso no conxunto dos tipos de fogar. Por outra banda, producíronse mudanzas nas formas de vida, vinculadas ao proceso de modernización social e económica e ao desenvolvemento do estado do benestar.

No caso de Galicia, ademais, a estrutura da poboación permanece aínda afectada polos intensos procesos migratorios do século pasado, que minoraron notablemente o crecemento real da poboación e repercutiron directamente no comportamento de todas as variables demográficas, dando como resultado unha estrutura demográfica avellentada e, a día de hoxe, con problemas de renovación xeracional.

A esta complexa situación engádesse un reparto da poboación no territorio que tende cada vez máis a concentrarse nas provincias occidentais, nas maiores áreas urbanas e nos concellos litorais, ao que se une a fragmentación e dispersión dos asentamentos poboacionais: Galicia conta con 3 771 das 4 907 entidades colectivas que hai en España, con máis de 30 000 entidades singulares, que





XUNTA DE GALICIA

supoñen preto da metade das existentes no Estado, e máis da metade dos diseminados.

Así mesmo, as variacións de poboación nas últimas décadas evidencian como os procesos de retorno migratorio e de inmigración non son capaces de compensar os balances negativos do crecemento vexetativo, así como que volve a recobrar importancia a emigración.

Asistimos, polo tanto, a un cambio na dinámica e estrutura demográfica que ten efectos importantes a nivel humano, social, cultural, económico, político e medioambiental, e que supón un dos maiores retos aos que debe afrontarse Galicia nos próximos anos. O cambio nos comportamentos reprodutivos, a maior esperanza de vida da poboación, as pautas de conformación das familias e a distribución da poboación no territorio, así como o impacto das migracións, forman parte dun mesmo proceso de carácter sistémico do que é preciso tomar conciencia e articular as medidas oportunas para xestionalo con éxito.

II

A preocupación polo reto que o cambio demográfico supón transcende o ámbito autonómico e estatal para ser hoxe un dos principais temas da axenda política dos países desenvolvidos. Neste senso, diferentes instancias da Unión Europea puxeron de manifesto a importancia do cambio demográfico e das súas repercusións para a sociedade, e solicitaron, máis aló da desexable toma de conciencia da sociedade, unha urxente resposta dos Estados e das rexións europeas. Nunha liña semellante pronúnciase a Organización das Nacións Unidas, que recolle de forma explícita na Axenda 2030, coa que se comprometeron os gobernos español e galego, a necesidade de afrontar os efectos da nova dinámica demográfica, sobre todo dende a perspectiva do desenvolvemento sustentable, e de tomar as accións oportunas.

A Administración autonómica asume como unha das súas tarefas fundamentais de goberno a abordaxe do devalo demográfico e a xestión dos efectos que del se derivan. Nos últimos anos, estes desafíos recolléronse en diversos documentos de planificación. Así, o Plan de Dinamización Demográfica de Galicia 2013-2016, horizonte 2020, situou a cuestión demográfica entre as máximas prioridades do Goberno autonómico. Tamén en 2013 se aprobou a Estratexia para a Prevención e Detección Precoz da Dependencia, horizonte 2020, orientada a xestionar dun xeito máis eficiente e sustentable a atención ás necesidades derivadas do envellecemento da poboación.

Pola súa parte, en decembro de 2014 viu a luz a Estratexia de Inclusión Social de Galicia 2014-2020, que aborda as consecuencias do cambio demográfico como un factor a ter en conta na análise da pobreza e a exclusión social. Este documento





XUNTA DE GALICIA

incorpora medidas específicas para combater a exclusión territorial, fenómeno propio daquelas zonas nas que se conxuga o declive demográfico con escasas oportunidades de emprego e de desenvolvemento económico e con dificultades para acceder aos servizos.

O Plan estratéxico de Galicia 2015-2020 incluíu como obxectivos transversais a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e a dinamización e a revitalización demográfica de Galicia. Para crear un ambiente social favorable para formar unha familia, incluíronse unha serie de medidas no Programa de apoio á natalidade, PAN Galicia, que ten como obxectivo o apoio integral ás familias a través de tres áreas de actuación: axudas, conciliación e servizos.

En 2016 a Estratexia galega de envellecemento activo desde a innovación 2016-2020 estableceu un marco de actuación para unha vida activa, saudable, independente e segura co obxectivo de situar a Comunidade Autónoma de Galicia como referente neste ámbito.

No ano 2017 ve a luz o VII Plan Estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2017-2020, como instrumento de planificación froito do máximo compromiso institucional.

Tamén se aprobou a Estratexia Retorna 2020, coa que se tenta favorecer a volta a Galicia dos galegos e galegas que emigraron e a da súa descendencia a través dunha batería de medidas dirixidas a que sintan esta terra como o lugar onde desenvolver a súa traxectoria persoal e profesional.

Así mesmo, púxose en marcha o Plan de fixación de poboación no medio rural, dirixido a impulsar o desenvolvemento equilibrado das economías e comunidades rurais mediante o apoio ás actividades socioeconómicas, para crear e manter emprego nestes territorios.

Amparan todas estas actuacións as Directrices de Ordenación do Territorio, aprobadas en febreiro do ano 2011 coa finalidade de concretar a definición do modelo territorial de Galicia e de establecer pautas espaciais de asentamento das actividades que, baixo unha perspectiva de sustentabilidade, propicien a cohesión social e o equilibrio territorial de Galicia.

Finalmente, en 2018 viu a luz o Plan Galego de Conciliación e Corresponsabilidade 2018-2021, un firme compromiso coa sociedade galega en prol da igualdade de dereitos e oportunidades entre mulleres e homes a través do reparto equitativo dos traballos e as responsabilidades no ámbito privado, así como da promoción de máis e mellores medidas e servizos que apoiem as familias na atención ás persoas menores e en situación de dependencia. Este plan tamén





XUNTA DE GALICIA

avoga polo fomento de novas formas de organización do traballo, de novas modalidades de xestión dos recursos humanos e de novas condicións laborais nas administracións e nas empresas.

Por outra parte, o Goberno galego impulsou a creación do Observatorio Galego de Dinamización Demográfica, mediante o Decreto 104/2016, do 28 de xullo, un foro de diálogo permanente entre as administracións públicas e as organizacións representativas de intereses económicos, sociais e políticos de Galicia. O seu obxectivo é afondar no coñecemento da realidade demográfica galega e asesorar ás Administracións Públicas galegas para a inclusión da perspectiva demográfica no deseño e desenvolvemento das súas políticas.

III

A Comunidade Autónoma de Galicia é consciente da necesidade dunha abordaxe máis profunda dos efectos derivados do cambio demográfico e da oportunidade do momento actual para facelo. Xestionar con éxito o reto demográfico ao que se enfronta Galicia implica adoptar novos enfoques e traballar de xeito conxunto e con visión de futuro, tanto o sector público autonómico como as administracións locais e os axentes económicos e sociais. É necesario un compromiso estratéxico que permita establecer medidas estables a medio e longo prazo. Esta Lei de impulso demográfico de Galicia ten o obxecto de servir como marco e orientación das actuacións en materia demográfica, que deben transcender o ámbito político temporal e ser planificadas considerando os seus efectos a medio e longo prazo e acadando un consenso socio político co obxecto de establecer un marco regulador que dea amparo a políticas estables.

O contido da norma baséase na diagnose e na análise DAFO-CAME recollidas no *Informe Galicia: perspectivas demográficas*, elaboradas no seo do Observatorio Galego de Dinamización Demográfica e aprobadas por unanimidade do seu pleno, e busca implicar a todas as Administracións Públicas de Galicia, aos interlocutores sociais, ao sector privado e ao conxunto da cidadanía. É necesario que toda a sociedade tome conciencia das implicacións derivadas do cambio demográfico e que cada quen asuma as obrigas e os compromisos correspondentes no seu ámbito de competencias e posibilidades.

As amplas repercusións que se derivan do cambio demográfico implican a necesidade de incorporar a perspectiva demográfica no deseño e desenvolvemento de todas as políticas públicas. Como consecuencia, a regulación contida nesta lei dítase ao abeiro de títulos competenciais autonómicos diversos. Así, xunto á competencia autonómica en materia de fomento e planificación da actividade económica en Galicia (artigo 30.1.Un do Estatuto de autonomía), as previsións da lei atopan o seu fundamento noutros títulos competenciais máis específicos entre os que procede salientar os relativos ao réxime local, á ordenación do territorio e





XUNTA DE GALICIA

do litoral, urbanismo e vivenda, obras públicas, estradas e transporte, portos, montes, pesca, turismo, asistencia social e medio ambiente (artigo 27, números 2, 3, 7, 8, 9, 10, 15, 21, 23 e 30, do Estatuto de autonomía); réxime xurídico da Administración Pública de Galicia e réxime estatutario do seu funcionariado e contratos (artigo 28, números un e dous, do Estatuto de autonomía); industria, agricultura, gandería e comercio (artigo 30.1. Dous, Tres e Catro do Estatuto de autonomía), educación e sanidade (artigos 31 e 33 do Estatuto de autonomía).

A Comunidade Autónoma de Galicia dispón, polo tanto, de competencia para establecer unha regulación como a contida nesta lei, que sente os fundamentos para o impulso demográfico de Galicia, mediante o establecemento dos principios e das liñas de actuación das Administracións Públicas de Galicia e do conxunto de medidas que atinxen neste ámbito a estas, á cidadanía e aos diferentes axentes que operan no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

IV

A presente lei consta dun total de 106 artigos e estrúcturase nun título preliminar, dous títulos, tres disposicións adicionais, unha derogatoria e nove disposicións derradeiras.

O título preliminar recolle as disposicións xerais da lei, o seu obxecto e finalidade, o ámbito de aplicación, as definicións, os principios reitores e os de actuación. De forma especial faise fincapé nos principios de transversalidade, de colaboración e cooperación entre as diferentes Administracións Públicas de Galicia, e de participación da cidadanía e dos interlocutores sociais, que deben guiar a planificación e o desenvolvemento de todas as políticas públicas en materia demográfica.

O título I divídese en tres capítulos. No capítulo primeiro establécense os criterios de actuación das Administracións Públicas de Galicia, destacando a obriga de incorporar a perspectiva demográfica en todas as súas políticas, en correspondencia co carácter sistémico que debe presidir a acción pública neste ámbito, o impulso da colaboración e cooperación interadministrativa, e a implicación do sector privado así como a participación cidadá. Cobra especial importancia neste senso o compromiso que asume a Administración autonómica de traballar conxuntamente co resto de Administracións Públicas de Galicia, apoiando e impulsando as súas actuacións en materia demográfica.

No capítulo segundo régulase a organización administrativa que se considera necesaria para unha maior efectividade desta lei, creando a Comisión para o Impulso Demográfico, como órgano de colaboración e cooperación das Administracións Públicas de Galicia en materia de impulso demográfico, e a Comisión Técnica para o Impulso Demográfico, como órgano da Administración





XUNTA DE GALICIA

autonómica para a coordinación das políticas autonómicas en materia demográfica. Preténdese reforzar e mellorar a coordinación inter e intra administrativa, incentivando a participación de todas as partes implicadas no deseño e aplicación de políticas públicas con impacto demográfico.

Finalmente, o capítulo terceiro está dedicado ao fomento do estudo, sensibilización, formación e comunicación en materia demográfica, e trata de impulsar as condicións para aprofundar no coñecemento da evolución da poboación e dos seus efectos, transferindo os resultados ao conxunto da cidadanía para contribuír á mellora da gobernanza e á implicación de toda a sociedade na abordaxe consensuada do reto demográfico.

O título II aborda as políticas públicas para o impulso demográfico, núcleo central da lei, e consta de sete capítulos.

O capítulo primeiro establece criterios xerais de actuación en materia de vivenda e nas políticas activas de emprego desenvolvidas pola Administración autonómica e prevé a estandarización da renda familiar coa finalidade de dar un trato equitativo aos diferentes tipos e situacións familiares.

O capítulo segundo regula o apoio ás familias. O seu obxectivo é o de apoiar e promover o libre desenvolvemento das familias e favorecer que as persoas poidan levar a cabo o seu proxecto familiar en Galicia así como ter o número de fillos e fillas que desexen. Con esta finalidade desenvólvense medidas como o incremento do investimento en políticas de familia, e, así mesmo, para a mellora da accesibilidade dos recursos de atención temperá e prestacións e axudas familiares por nacemento, adopción ou acollemento preadoptivo e para a mellora das vivendas, así como o apoio económico para o transporte e para o acceso á Educación Infantil 0-3. Tamén se recolle a previsión de espazos e a reserva de aparcamento para as familias nos edificios de uso público, entre outras medidas. Así mesmo, prevese un apoio específico ás familias numerosas en atención á súa especial contribución á sociedade, dada a súa achega ao relevo xeracional.

A pretensión última deste capítulo é a de establecer un marco xurídico e financeiro estable e o desenvolvemento de actuacións integrais que garantan unha estrutura de servizos de atención das necesidades das familias. Así mesmo, consolida as políticas de igualdade ao integrar a perspectiva de xénero como panca do desenvolvemento social e económico e elemento tractor do impulso demográfico.

No capítulo terceiro abórdase a conciliación da vida familiar, laboral e persoal, que, baixo o principio da asunción equilibrada das responsabilidades domésticas e de coidados e a superación dos roles e estereotipos de xénero, pretende impulsar e





XUNTA DE GALICIA

consolidar o desenvolvemento de políticas efectivas para que homes e mulleres poidan harmonizar as súas responsabilidades laborais e familiares en condicións de igualdade.

O capítulo cuarto pretende sentar as bases que garantan as condicións necesarias para que as mozas e mozos galegos poidan desenvolver o seu proxecto vital e formar unha familia no territorio da nosa Comunidade, buscando reforzar as súas capacidades e habilidades e fomentar as súas oportunidades de emprego.

O capítulo quinto establece un marco favorable para o asentamento de nova poboación na Comunidade Autónoma. Con esta finalidade, impúlsase o retorno da poboación galega residente no exterior e da súa descendencia mediante o afianzamento dos seus vínculos con Galicia, o acceso a programas e servizos en igualdade de condicións que o resto da poboación galega e o apoio para conseguir a súa plena integración social e laboral. Así mesmo, recóllense previsións dirixidas á captación de nova poboación en correspondencia coas demandas do mercado laboral e ao desenvolvemento de programas de acollida que faciliten a integración das novas persoas que se asenten en Galicia.

O capítulo sexto regula o marco necesario para o desenvolvemento equilibrado do territorio e o asentamento da poboación no medio rural e costeiro non urbano, impulsando a dotación de servizos relacionados coas súas necesidades específicas nos ámbitos do ensino, con especial referencia á formación profesional, da conciliación, da cultura e da atención ás persoas maiores ou con discapacidade, entre outros.

Merece especial atención a pretensión desta lei de impulsar as actividades económicas no medio rural e costeiro non urbano, máis aló do ámbito agroforestal e marítimo-pesqueiro, buscando unha modernización e diversificación da súa estrutura económica que garanta a sustentabilidade social, económica e medioambiental. Neste senso, faise especial fincapé na planificación e dotación das telecomunicacións, na aplicación da innovación e das tecnoloxías ás actividades económicas, no relevo xeracional, no acceso á terra e ás actividades marítimo-pesqueiras e na dotación de solo empresarial, entre outras políticas. Así mesmo, establécese un tratamento diferenciado en positivo que fomente novas iniciativas e consolide a actividade económica no rural e nas áreas costeiras non urbanas.

A posta en valor e o desenvolvemento sustentable e integrador do medio rural e costeiro non urbano é unha responsabilidade de toda a sociedade e, en consecuencia, esta lei pretende impulsar a súa implicación nesta tarefa, con especial referencia aos axentes económicos e ás organizacións con actividade en Galicia pola súa potencialidade na consecución deste obxectivo.





XUNTA DE GALICIA

No capítulo sétimo abórdase a promoción do envellecemento activo e saudable, buscando a súa integración nas diferentes políticas públicas coa finalidade de asegurar o benestar durante todo o curso da vida, especialmente na vellez, e de promover, á súa vez, a participación das persoas maiores na sociedade, atendendo as situacións de soidade non desexada, visibilizando o seu papel como motor de cambio e contribuíndo ao seu empoderamento. Con esta pretensión, entre outras accións, impúlsase a aplicación das tecnoloxías neste ámbito e estímúlase a denominada economía do envellecemento, co obxecto de dar resposta ás necesidades e demandas das persoas maiores ao tempo que se aproveita a súa potencialidade, se reforzan os servizos de atención a domicilio, se pon en valor a súa experiencia e se fortalecen as relacións interxeracionais.

Polo que respecta ás tres disposicións adicionais, establécese nelas o mandato dun incremento mínimo do investimento nas políticas de familia do 50% sobre o aumento porcentual do gasto non financeiro dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma no prazo de 5 anos dende a entrada en vigor da lei e de aprobación dunha estratexia conxunta das Administracións Públicas de Galicia para a ordenación e coordinación das políticas en materia demográfica e mais dun plan de apoio ás familias monoparentais.

Por último, cabe destacar a modificación levada a cabo en diferentes corpos normativos a través das disposicións derradeiras da lei.

A disposición derradeira primeira modifica a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, coa finalidade de autorizar ao Consello da Xunta de Galicia para a creación do Comité de Ética dos Servizos Sociais de Galicia, como órgano do Sistema Galego de Servizos Sociais para a análise e asesoramento nos conflitos éticos que se susciten na intervención social.

A disposición derradeira segunda modifica a Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, para incluír nela o trámite de traslado dos proxectos de decreto xunto cunha análise do seu impacto demográfico ao órgano de dirección competente na materia de dinamización demográfica.

A disposición derradeira terceira, de modificación da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, revisa o concepto de familia monoparental para adaptalo á realidade social actual destas familias, introduce o mandato de creación do Rexistro de Familias Monoparentais Galegas, reconece dúas novas tipoloxías de familias de especial consideración, as familias en situación de especial vulnerabilidade económica e as familias vítimas de violencia de xénero, coa finalidade de que accedan ao trato preferente previsto para este





XUNTA DE GALICIA

grupo na dita lei, e acomoda a valoración contractual das políticas empresariais en materia de conciliación ás previsións da presente lei.

A disposición derradeira cuarta modifica a Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, coa finalidade de aliñar a contratación pública aos obxectivos de impulso demográfico establecidos nesta lei.

A disposición derradeira quinta modifica o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, aprobado polo Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, para, por unha banda, eliminar a preferencia das empresas cun plan de igualdade ou en posesión da Marca Galega de Excelencia en Igualdade na adxudicación dos contratos sempre que as súas proposicións igualem ás máis vantaxosas dende o punto de vista dos criterios obxectivos que sirvan de base para a adxudicación, en consonancia co novo escenario que regula a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que permite outras alternativas de maior incidencia e relevancia para a valoración das políticas empresariais en materia de igualdade, e, por outra banda, para recoller unha remisión expresa á valoración das políticas empresariais en materia de conciliación que a presente lei incentiva a través da contratación do sector público autonómico. Así mesmo, revisa o artigo 92, incluído no capítulo relativo ás medidas de conciliación e corresponsabilidade no emprego público, para incorporar unha definición do concepto de flexibilidade horaria e mais as previsións da presente lei a este respecto. No mesmo senso, a disposición derradeira sexta leva a cabo unha modificación da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, para recoller as previsións da lei e a regulación da flexibilidade horaria anteriormente mencionadas respecto do persoal funcionario.

Tamén se recolle na parte final da lei a derogación de cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto nela, unha habilitación para o seu desenvolvemento, fixando a tal fin un prazo máximo, así como o mandato de creación do Rexistro de Familias Monoparentais Galegas e a previsión sobre a súa entrada en vigor.

A presente lei axústase aos principios de boa regulación contemplados no artigo 37.a) da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, ao responder as medidas previstas nela á satisfacción de necesidades de interese xeral coa debida proporcionalidade, eficacia e eficiencia; ao contemplarse na norma os obxectivos perseguidos e a súa xustificación e ao promoverse a participación cidadá no procedemento de elaboración da norma, como esixen os principios de transparencia e accesibilidade; e ao introducirse a través dela, conforme aos principios de seguridade xurídica e simplicidade, as modificacións precisas nas disposicións vixentes. Procede salientar, ademais, que





XUNTA DE GALICIA

os requisitos establecidos na norma para o exercicio de determinadas actividades económicas responden a razóns de interese xeral, baseadas na salvagarda da seguridade e saúde infantil e na consecución de obxectivos da política social, sendo, en todo caso, enunciados do xeito menos restritivo ou distorsionador para a actividade económica á que afectan, de acordo cos principios de necesidade e de proporcionalidade previstos no artigo 5 da Lei 20/2013, do 9 de decembro, de garantía da unidade de mercado.

No procedemento de elaboración desta lei promoveuse a participación cidadá a través do Portal de Transparencia e Goberno aberto. Así mesmo, na tramitación do anteproxecto de lei seguíronse os trámites previstos na normativa de aplicación, incluídos o de audiencia á Comisión de Persoal e de negociación colectiva respecto das medidas que afectan ao réxime de persoal do sector público autonómico así como o informe do Consello Galego de Benestar Social e o ditame do Consello Económico e Social de Galicia.





XUNTA DE GALICIA

TÍTULO PRELIMINAR

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto e finalidade da lei*

1. Esta lei ten por obxecto establecer os fundamentos para o impulso demográfico de Galicia, acorde cos principios de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal, que favoreza un desenvolvemento social, económico e ambiental sustentable e territorialmente equilibrado, de xeito que as persoas consideren Galicia como o lugar idóneo para vivir, para establecerse e, se así o desexan, ter fillas e fillos e desenvolver o proxecto familiar que libremente escollan.

2. Para estes efectos, a lei establece os principios e as liñas de actuación das Administracións Públicas de Galicia no deseño e desenvolvemento das súas políticas e un conxunto de medidas que atinxen ás ditas Administracións, á cidadanía e aos diferentes axentes que operan no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. A finalidade desta lei é o impulso e a dinamización demográfica de Galicia mediante a ordenación e coordinación das políticas públicas autonómicas e o fomento da actuación conxunta das Administracións Públicas e dos distintos interlocutores sociais e económicos de Galicia.





XUNTA DE GALICIA

Artigo 2. *Ámbito de aplicación*

1. Esta lei é de aplicación á Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e ás entidades públicas instrumentais do sector público autonómico.

2. As disposicións desta lei relativas ás Administracións Públicas de Galicia serán tamén de aplicación ás Administracións locais de Galicia e ás entidades públicas vinculadas ou dependentes delas, sen prexuízo do necesario respecto á súa autonomía.

3. Os principios que inspiran as previsións desta lei serán aplicables, no que proceda, ás entidades instrumentais de natureza non pública pertencentes ao sector público autonómico. Ademais, serán directamente aplicables a tales entidades os preceptos desta lei relativos ao conxunto do sector público autonómico.





XUNTA DE GALICIA

Artigo 3. *Definicións*

Para os efectos desta lei enténdese por:

- a) **Administracións Públicas de Galicia:** a Administración xeral da Comunidade Autónoma, as entidades que integran a Administración local e as entidades públicas vinculadas ou dependentes das anteriores.
- b) **Administración autonómica:** a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e/ou a entidade pública instrumental do sector público autonómico competente.
- c) **Impulso demográfico:** conxunto de medidas dirixidas ao desenvolvemento sustentable e ao logro do equilibrio territorial e social, de modo que se creen contornos favorables para o asentamento da poboación, o desenvolvemento saudable e o benestar da infancia e unha libre realización dos proxectos vitais que permita cumprir as expectativas e desexos da poboación de poder formar unha familia e aproxime a fecundidade á media da Unión Europea; que promova o envellecemento activo e saudable e que facilite o retorno das e dos galegos residentes no exterior e a atracción de nova poboación ao territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.
- d) **Perspectiva demográfica:** metodoloxía e mecanismos destinados a integrar na produción normativa e no deseño e desenvolvemento das políticas públicas a consideración das interaccións entre a acción pública e as dinámicas poboacionais.
- e) **Impacto demográfico:** identificación e valoración dos diferentes efectos e resultados dunha norma ou dunha política pública no comportamento da poboación, co obxecto de neutralizar posibles efectos que dificulten ou impidan o impulso demográfico.
- f) **Familias:** todos os núcleos estables de convivencia formados por unha persoa ou unha parella unida por un vínculo conxugal ou de afectividade análoga á conxugal, de carácter xurídico ou non, e mais as persoas ascendentes, as que dependan delas por filiación, adopción, tutela ou acollemento e aquelas que teñan ao seu cargo.
- g) **Familias de especial consideración:** as que teñan este carácter conforme ao previsto na Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.
- h) **Poboación galega residente no exterior:** a cidadanía española residente no exterior á que o Estatuto de autonomía de Galicia outorga dereitos políticos, así como tamén a súa descendencia.
- i) **Poboación galega retornada:** as persoas galegas e nadas en Galicia que residindo fóra de España retornen á Comunidade Autónoma galega, os seus cónxuxes ou persoas con unión análoga á conxugal e os fillos e as fillas das ditas persoas, sempre que cumpran o disposto na Lei 7/2013, do 13 de xuño, da galegitude, e, así mesmo, o resto de descendentes naquelas liñas concretas de acción que expresamente o establezan.





XUNTA DE GALICIA

l) Medio rural e costeiro non urbano: Zonas Intermedias (ZIP) e Zonas Pouco Poboadas de Galicia (ZPP) segundo a clasificación do grao e subgrao de urbanización das parroquias galegas realizada polo Instituto Galego de Estatística.





XUNTA DE GALICIA

Artigo 4. *Principios reitores*

Son principios reitores desta lei:

- a) Igualdade e respecto á diversidade nas políticas activas de impulso demográfico, prestando especial atención ás diferenzas derivadas do xénero, a idade, a situación de dependencia ou discapacidade e a orientación sexual ou relixiosa, mediante a adopción de medidas específicas para previr ou compensar as desvantaxes que estas diferenzas puideran causar.
- b) Apoio á liberdade de constitución e organización das familias, como elemento fundamental de organización da sociedade, en todos os ámbitos e, nomeadamente, no persoal, económico e social.
- c) Interese superior do e da menor. Todo neno e nena ten dereito a que o seu interese superior sexa valorado e considerado como primordial en todas as accións e decisións que lle poidan afectar individual ou colectivamente, tanto no ámbito público como privado. Para os efectos da avaliación e determinación do dito interese superior consideraranse os elementos, criterios e principios recollidos no artigo 2 da Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, de modificación parcial do Código Civil e da Lei de Axuízamento Civil.
- d) Desenvolvemento económico intelixente e sustentable, baseado no capital humano, na aprendizaxe continua, na promoción e xestión do coñecemento e na modernización do sistema produtivo mediante a innovación e a incorporación das tecnoloxías como instrumento da actividade económica, e respectuoso co medio ambiente, que aproveite e vele polo uso dos recursos endóxeos e pola súa forma de explotación e aproxime o PIB per cápita á media da Unión Europea.
- e) Equilibrio territorial, a través dunha ordenación equilibrada do territorio que garanta o acceso equitativo ás oportunidades e aos servizos públicos e corrixa as desigualdades entre os diferentes territorios de Galicia e as zonas de interior e de costa e, particularmente, a polarización entre o medio rural e urbano.





XUNTA DE GALICIA

Artigo 5. *Principios de actuación*

A aplicación desta lei rexeráse polos seguintes principios:

- a) **Transversalidade:** As Administracións Públicas de Galicia incorporarán a perspectiva demográfica en todas as súas políticas, tanto na elaboración da normativa que as regule como na dotación orzamentaria, especialmente nos ámbitos familiar, laboral, da saúde, a educación, a cultura e o ocio, o deporte, a xuventude, o envellecemento, a migración, os servizos públicos e as comunicacións.
- b) **Colaboración e cooperación:** As Administracións Públicas de Galicia colaborarán a prol do impulso demográfico de Galicia e promoverán, no exercicio das súas competencias, a cooperación da administración estatal e comunitaria.
- c) **Coordinación:** As Administracións Públicas de Galicia articularán procedementos de coordinación entre os diferentes órganos implicados nas políticas e medidas previstas nesta lei, co obxecto de simplificar e axilizar a tramitación dos procedementos relacionados con elas.
- d) **Responsabilidade pública:** As Administracións Públicas de Galicia garantirán, no ámbito das súas respectivas competencias, a regulación, articulación e aplicación efectiva do conxunto de políticas e medidas previstas nesta lei.
- e) **Eficacia e eficiencia administrativa:** As Administracións Públicas de Galicia deberán acadar os obxectivos definidos nesta lei garantindo a eficacia e eficiencia no emprego dos recursos, evitando posibles duplicidades derivadas da intervención de diferentes órganos ou administracións e velando pola aplicación dunha perspectiva integral na formulación de políticas sectoriais.
- f) **Información e sensibilización:** As Administracións Públicas de Galicia fomentarán o estudo e a análise das implicacións da evolución demográfica e contribuirán á mellora da concienciación da cidadanía, mediante o impulso do debate e a sensibilización social ao respecto.
- g) **Avaliación e seguimento:** As Administracións Públicas de Galicia realizarán un seguimento continuo do desenvolvemento e implantación das políticas públicas en materia demográfica para avaliar a súa eficacia e eficiencia e facilitar a toma de decisións sobre elas.
- h) **Participación:** As Administracións Públicas de Galicia promoverán a participación da cidadanía, da iniciativa social, dos interlocutores económicos e sociais e dos restantes axentes públicos e privados na planificación e aplicación das políticas de impulso demográfico.





XUNTA DE GALICIA

Artigo 6. *Principios específicos en materia de familia*

As Administracións Públicas de Galicia desenvolverán as súas actuacións de impulso demográfico en materia de familia baixo os principios específicos de:

a) Liberdade e respecto á diversidade. Garantirase a liberdade de constitución e organización da vida privada, familiar e de convivencia, o respecto á dignidade e aos dereitos e o coidado do benestar das persoas que integran os diferentes modelos de familia.

b) Promoción e apoio. Recoñecerase, fomentarse e apoiarase o papel das familias como núcleo fundamental de convivencia da sociedade e axente vertebrador da solidariedade intraxeracional e interxeracional, así como da transmisión de valores sociais.

c) Solidariedade. As políticas de apoio ás familias materializarán o apoio e respaldo da sociedade para con elas e, de forma positiva e diferencial, para coas familias de especial consideración.

d) Equidade. As políticas de apoio ás familias asegurarán que todas elas se beneficien e teñan oportunidades para mellorar ou manter a súa situación de benestar. Darase especial atención a aquelas familias con nenos e nenas en situación de vulnerabilidade pola súa situación de exclusión social ou pobreza económica, a súa pertenza a minorías étnicas, a súa discapacidade, ou por ser parte doutras familias de especial consideración como son as familias monoparentais, as familias numerosas ou as familias vítimas de violencia de xénero.

e) Igualdade. As políticas de apoio ás familias fomentarán a igualdade entre homes e mulleres e a conciliación corresponsable da vida persoal, familiar e laboral.

f) Recoñecemento. As políticas de apoio ás familias poñerán en valor a institución familiar e os traballos de sostemento dos fogares e de coidado, realizados maioritariamente polas mulleres.

g) Accesibilidade. Facilitarase a máxima accesibilidade aos recursos e servizos de apoio ás familias tendo en conta a ordenación territorial de Galicia.

h) Promoción do benestar infantil. Considerarase o neno, nena e adolescente como suxeito de dereitos e favoreceranse as actuacións que promovan o seu benestar e o exercicio progresivo autónomo daqueles dereitos, de acordo coa súa madurez.





XUNTA DE GALICIA

TÍTULO I
Criterios de actuación e organización para o impulso demográfico

CAPÍTULO I
Carácter sistémico das políticas demográficas

Artigo 7. Incorporación da perspectiva demográfica

1. As Administracións Públicas de Galicia incorporarán a perspectiva demográfica na produción normativa e na elaboración, execución e seguimento de todas as políticas e de todas as accións desenvolvidas no exercicio das súas competencias.
2. Na elaboración dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia tomaranse en consideración indicadores que permitan integrar a perspectiva demográfica nas políticas orzamentarias.
3. Na memoria dos orzamentos individualizarase o gasto nas políticas activas de impulso demográfico recollidas na Axenda Demográfica prevista na letra a) do artigo 18.





XUNTA DE GALICIA

Artigo 8. *Análise do impacto demográfico*

1. Nos procedementos de elaboración de proxectos de lei e decretos, así como de documentos de planificación sectorial que se tramiten pola Administración autonómica, deberá darse traslado do texto proxectado, xunto cunha análise do seu impacto demográfico, ao órgano de dirección con competencias en materia de dinamización demográfica, concedéndolle un prazo de 10 días hábiles para a formulación, se é o caso, das observacións que estime procedentes nesta materia.

2. O órgano de dirección con competencias en materia de dinamización demográfica proporcionará directrices, criterios e metodoloxías para facilitar a elaboración da análise prevista no número 1.





XUNTA DE GALICIA

Artigo 9. *Informe periódico e indicadores en materia demográfica*

1. O Observatorio Galego de Dinamización Demográfica elaborará e fará público un informe anual sobre a situación demográfica de Galicia.
2. A Administración Autónoma incluírá na súa planificación estatística a elaboración de indicadores de competitividade territorial, que cumprirán coa obriga de incorporar a perspectiva de xénero, consonte ao previsto na normativa estatística da Comunidade Autónoma de Galicia.
3. Así mesmo, o Observatorio Galego de Dinamización Demográfica definirá indicadores que servirán de orientación ás políticas das Administracións Públicas de Galicia en materia de impulso demográfico.





XUNTA DE GALICIA

Artigo 10. *Colaboración e cooperación interadministrativa*

1. A Administración autonómica garantirá a participación activa das Administracións locais de Galicia en todas as políticas dirixidas ao impulso demográfico.
2. A colaboración e cooperación coas Administracións locais de Galicia no deseño e desenvolvemento de políticas de impulso demográfico será promovida pola Administración autonómica a través da comisión prevista no artigo 19.
3. A Administración autonómica promoverá a inclusión de políticas de impulso demográfico dentro dos programas desenvolvidos pola Eurorrexión Galicia – Norte de Portugal.





XUNTA DE GALICIA

Artigo 11. *Criterios de actuación das Administracións locais*

En atención ao carácter sistémico das políticas públicas en materia demográfica, as Administracións locais de Galicia, no exercicio das súas competencias, rexeranse polos seguintes criterios:

- a) A incorporación da perspectiva demográfica conforme ao previsto no artigo 7.
- b) A colaboración e cooperación coa Administración autonómica no deseño e implementación das políticas de impulso demográfico.
- c) O impulso da participación dos distintos interlocutores sociais e económicos e da cidadanía no deseño e desenvolvemento das políticas de impulso demográfico.





XUNTA DE GALICIA

Artigo 12. *Apoio ás Administracións locais*

1. A Administración autonómica, na asignación de fondos e no outorgamento de axudas e subvencións ás entidades locais terá en conta o desenvolvemento por parte destas de políticas de impulso demográfico de forma coordinada, o esforzo orzamentario realizado nesta materia e a súa capacidade económica.
2. Dentro dos criterios de reparto do Fondo de Cooperación Local incluírase o esforzo orzamentario dos concellos en materia demográfica e, para estes efectos, poderase crear nel un fondo específico destinado ao equilibrio demográfico territorial.
3. A Administración autonómica elaborará e poñerá a disposición das Administracións locais instrumentos que faciliten a incorporación da perspectiva demográfica no deseño e aplicación das políticas e accións levadas a cabo por estas.





XUNTA DE GALICIA

Artigo 13. *Colaboración co sector privado*

1. As Administracións Públicas de Galicia fomentarán a implicación e participación dos axentes do sector privado nas políticas públicas de impulso demográfico, mediante programas específicos de colaboración público-privada.
2. A Administración autonómica asinará convenios de colaboración coas entidades financeiras que operan en Galicia, así como coas Sociedades de Garantía Recíproca galegas co fin de facilitar o acceso ao crédito de traballadores e traballadoras autónomos/as e das empresas para o seu crecemento ou implantación no noso territorio.
3. Así mesmo, a Administración autonómica impulsará a cooperación co sector privado para que este incorpore a formación do seu persoal en materias con impacto demográfico.





XUNTA DE GALICIA

Artigo 14. Colaboración do Terceiro sector social

As Administracións Públicas de Galicia promoverán a participación do Terceiro sector social nas accións de impulso demográfico para fortalecer o recoñecemento e o exercicio efectivo dos dereitos sociais, mellorar o coñecemento e a cobertura das necesidades da poboación máis vulnerable e avanzar nunha sociedade cohesionada e inclusiva.





XUNTA DE GALICIA

Artigo 15. *Participación cidadá*

1. A Administración autonómica garantirá a participación cidadá na elaboración dos seus instrumentos de planificación e na avaliación das políticas de impulso demográfico, mediante a realización dun trámite de consulta aberto á cidadanía en xeral e ás persoas e entidades especialistas na materia en particular.

2. Así mesmo, promoverase a participación das persoas destinatarias directas das políticas, incluíndo a nenos, nenas e adolescentes.





XUNTA DE GALICIA

Artigo 16. *Contratación*

1. O sector público autonómico deseñará e articulará a súa estratexia en materia de contratación pública tendo en conta os principios de desenvolvemento social, económico e ambiental sustentable recollidos nesta lei.

2. Para estes efectos, coa finalidade de proporcionar unha mellor relación calidade-prezo na prestación contractual e unha maior e mellor eficiencia na utilización dos fondos públicos, de acordo co establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, en toda a contratación do sector público autonómico incorporaranse de maneira transversal e preceptiva criterios sociais e medioambientais que garden relación co obxecto do contrato, nos termos previstos no artigo 145 da dita lei.

3. En desenvolvemento do expresado nos números anteriores, procurarase, mediante a súa inclusión nas prescricións técnicas, nos criterios de adxudicación ou nas condicións de execución do contrato, que as obras, produtos e servizos que se adquiran, así como os procesos ou procedementos que se utilicen neles, cumpran requisitos determinados e características específicas de tipo social e medioambiental, preferentemente aqueles relacionados coa igualdade de xénero, o comercio xusto, a agricultura e a gandería ecolóxicas e a xestión forestal e pesca sustentables e os que garantan o cumprimento das Convencións fundamentais da Organización Internacional do Traballo, de conformidade co establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro.

4. En particular, os órganos de contratación introducirán criterios de adxudicación cualitativos, vinculados ao obxecto do contrato, referidos ás políticas empresariais en materia de igualdade no proceso específico de produción, prestación ou comercialización das obras, subministracións ou servizos, preferentemente aqueles referidos aos plans de igualdade de xénero ou ás medidas a prol da igualdade de xénero que se apliquen, á loita contra a discriminación salarial por razón de sexo e ao fomento da contratación feminina.

5. Así mesmo, o sector público autonómico facilitará o acceso á contratación pública das pequenas e medianas empresas e das empresas de economía social.





XUNTA DE GALICIA

Artigo 17. *Axudas e subvencións públicas*

1. O sector público autonómico deseñará e articulará a súa estratexia en materia de axudas e subvencións públicas tendo en conta os principios de promoción da igualdade de xénero e de desenvolvemento social, económico e ambiental sustentable recollidos nesta lei.

2. De acordo co expresado no número anterior, o sector público autonómico incorporará nas bases reguladoras das axudas e subvencións requisitos dirixidos a promover a implicación dos diferentes axentes na sustentabilidade demográfica e na cohesión territorial de Galicia de modo que se favoreza, entre outras, a permanencia das persoas no lugar de residencia habitual, a conciliación corresponsable e o apoio ás familias con persoas a cargo.





XUNTA DE GALICIA

CAPÍTULO II

Organización administrativa

Artigo 18. *Competencias do Consello da Xunta de Galicia*

Ademais das competencias que a normativa vixente atribúe ao Consello da Xunta de Galicia, corresponderanlle en materia demográfica as seguintes:

- a) Establecer as directrices da acción autonómica para o impulso demográfico e aprobar a Axenda Demográfica anual.
- b) Impulsar a implantación efectiva da perspectiva demográfica na acción do goberno autonómico.
- c) Facer o seguimento do desenvolvemento das políticas activas de impulso demográfico.





XUNTA DE GALICIA

Artigo 19. *Comisión para o Impulso Demográfico*

1. Créase a Comisión para o Impulso Demográfico como órgano de colaboración e cooperación da Administración autonómica, dos municipios e das deputacións provinciais de Galicia en materia de impulso demográfico.

2. A Comisión para o Impulso Demográfico adscribese á consellería competente en materia de dinamización demográfica, que lle prestará o soporte persoal e material preciso para o cumprimento das súas funcións.

3. Son funcións da comisión:

a) Promover a colaboración e o intercambio de información en materia demográfica entre a Administración autonómica, os municipios e as deputacións provinciais de Galicia.

b) Facilitar o consenso en torno ás políticas de impulso demográfico que afecten ás diferentes administracións que forman parte dela.

c) Promover sistemas de cooperación e coordinación para a xestión integrada das políticas públicas de impulso demográfico polas diferentes administracións que forman parte dela.

d) Elaborar e aprobar a Estratexia Demográfica para o conxunto das Administracións Públicas de Galicia.

4. Esta comisión estará presidida pola persoa titular da consellería con competencias en materia de dinamización demográfica ou persoa en quen delegue.

5. A comisión terá una composición paritaria entre a Administración autonómica e as Administracións locais. No suposto de que, por cambios organizativos, varíe o número de representantes da Administración autonómica, procederase a unha nova designación das persoas membros da comisión coa finalidade do mantemento da dita composición paritaria.

6. Formarán parte desta comisión en representación da Administración autonómica as persoas titulares de cada unha das consellerías, quen propoñerán ademais unha persoa, que deberá en todo caso ter un rango mínimo de director/a xeral, para a súa designación como suplente.

A representación dos municipios e das deputacións provinciais será proposta pola Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP). A proposta incluírá para cada vogalía unha persoa titular e unha suplente. Cada deputación provincial contará cunha vogalía, que deberá recaer necesariamente a favor da persoa que ostente a presidencia ou que teña a condición de deputado ou deputada provincial, correspondendo o resto de vogalías en representación das Administracións locais aos municipios, que deberán estar representados pola persoa que ostente a alcaldía ou que teña a condición de concelleiro ou concelleira municipal. Ademais, na





XUNTA DE GALICIA

proposta que se formule atenderase preferentemente a criterios de xénero e, no caso dos municipios, tamén a criterios territoriais, garantindo a presenza de municipios de diferentes tamaños así como que estean convenientemente representados os que contan cunha poboación inferior a 5.000 habitantes.

As persoas propostas para formar parte da comisión serán nomeadas pola presidencia.

7. As funcións de secretaría da comisión serán exercidas por unha persoa funcionaria de carreira ao servizo do órgano de dirección da Administración autonómica competente en materia de dinamización demográfica.

8. Os acordos da comisión tomaranse por maioría de tres quintos das persoas membros presentes.

9. A Comisión para o Impulso Demográfico terá autonomía orgánica e funcional para o exercicio das súas funcións e establecerá as súas normas de funcionamento interno, podendo crear grupos de traballo para a abordaxe concreta dalgunha área relacionada co obxecto desta lei.

10. Sen prexuízo do disposto no número 5 respecto do mantemento da composición paritaria, as persoas membros da comisión serán designadas por un período de catro anos e manterán a súa condición mentres exerzan o cargo que motivou o seu nomeamento.

Serán, ademais, causas de separación do exercicio das súas funcións as seguintes:

- a) A renuncia expresa.
- b) A revogación da representación por parte da Administración ou entidade proponente.
- c) A declaración de incapacidade ou inhabilitación para o exercicio de cargo público por sentenza xudicial firme.
- d) Calquera outra causa xustificada que impida o exercicio das funcións asignadas.

As circunstancias anteriormente sinaladas deberán comunicarse á secretaría da comisión.





XUNTA DE GALICIA

Artigo 20. *Comisión Técnica para o Impulso Demográfico*

1. Créase a Comisión Técnica para o Impulso Demográfico, como órgano da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia para a coordinación das políticas autonómicas de impulso demográfico e para asegurar a aplicación transversal e a incorporación efectiva da perspectiva demográfica.

2. Esta comisión adscíbese á consellería competente en materia de dinamización demográfica.

3. A Comisión Técnica para o Impulso Demográfico estará presidida pola persoa titular do órgano de dirección competente en materia de dinamización demográfica e formará parte dela unha persoa en representación de cada consellería, que deberá ocupar un posto con nivel mínimo de subdirección xeral.

As funcións de secretaría da comisión serán exercidas por unha persoa funcionaria de carreira ao servizo do órgano de dirección da Administración autonómica competente en materia de dinamización demográfica.

Na composición desta comisión atenderase ao principio de presenza equilibrada de mulleres e homes.

4. A Comisión Técnica para o Impulso Demográfico terá as seguintes funcións:

a) A elaboración da proposta de Axenda Demográfica anual da Administración autonómica.

b) A análise, estudo e elaboración de propostas para o impulso demográfico dende unha perspectiva sistémica e transversal.

c) O desenvolvemento de procedementos e medidas para a incorporación da perspectiva demográfica no sector público autonómico.

d) O fomento da capacitación do persoal do sector público autonómico en materia demográfica mediante a proposta de accións formativas e de sensibilización.

e) Aquelas outras que lle sexan encomendadas para o mellor cumprimento da súa finalidade.

5. No marco desta comisión poderanse crear grupos de traballo para a abordaxe concreta dalgunha área relacionada co obxecto desta lei.

6. A comisión aprobará o seu regulamento interno de funcionamento.





XUNTA DE GALICIA

Artigo 21. *Observatorio Galego de Dinamización Demográfica*

1. O Observatorio Galego de Dinamización Demográfica configúrase como o órgano colexiado da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia para o asesoramento, a colaboración institucional e a participación social en materia de demografía no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.
2. O réxime xurídico do Observatorio Galego de Dinamización Demográfica será o previsto nesta lei e na súa norma de creación.





XUNTA DE GALICIA

CAPÍTULO III

Estudo, sensibilización, formación e comunicación

Artigo 22. Estudo en materia demográfica

1. As Administracións Públicas de Galicia fomentarán o estudo da demografía, dos factores que a condicionan, dos efectos do cambio demográfico e da súa repercusión no estado de benestar, garantindo a súa transferencia á cidadanía mediante o traballo conxunto dos poderes públicos e das institucións académicas e científicas.
2. O Observatorio Galego de Dinamización Demográfica realizará e divulgará estudos, informes e traballos que resulten de interese dende o punto de vista demográfico. A este respecto elaborará e publicará un informe anual do custo da crianza e educación dos fillos e fillas ata a súa emancipación que poderá servir de referencia ás Administracións públicas de Galicia para o deseño das súas políticas en materia demográfica, que se adaptarán progresivamente en función das disponibilidades orzamentarias á realidade económica das familias en Galicia.
3. Así mesmo, o Observatorio Galego de Dinamización Demográfica difundirá os estudos, informes e traballos realizados por persoas expertas ou por entidades de especial relevancia no ámbito da demografía.





XUNTA DE GALICIA

Artigo 23. *Sensibilización social en materia demográfica*

1. Corresponderá ás Administracións Públicas de Galicia a sensibilización da sociedade sobre o cambio demográfico e as súas implicacións así como sobre os beneficios de atraer nova poboación ao territorio da Comunidade Autónoma, co fin de xerar unha conciencia social a este respecto.

2. A Administración autonómica informará periodicamente á poboación a través de resolución publicada no Diario Oficial de Galicia do saldo vexetativo de cada concello e de Galicia.





XUNTA DE GALICIA

Artigo 24. *Formación no ámbito educativo*

1. A Administración autonómica, no marco das súas competencias en materia educativa, incorporará contidos formativos que contribúan ao impulso demográfico, e, para estes efectos, elaborará materiais e desenvolverá programas de formación do profesorado, entre outras, nas seguintes materias:

- a) Cambio demográfico en Galicia, características e implicacións.
- b) Igualdade de xénero, respecto á diversidade e corresponsabilidade.
- c) Promoción do autocoidado e valoración positiva do proceso de envellecemento e das persoas maiores.
- d) Reforzo das relacións interxeracionais.

2. Así mesmo, a Administración autonómica promoverá, en colaboración coas universidades, a formación especializada e a investigación en materia demográfica no Sistema Universitario de Galicia.





XUNTA DE GALICIA

Artigo 25. Formación do persoal ao servizo do sector público autonómico en materia demográfica

A Administración autonómica impulsará a formación do persoal do sector público autonómico en materia demográfica, considerándoa un contido transversal de cara á súa promoción profesional. Para estes efectos os órganos e entidades do sector público autonómico con competencia en materia de formación do dito persoal elaborarán programas de formación específicos.





XUNTA DE GALICIA

Artigo 26. *Medios de comunicación social*

1. As Administracións Públicas de Galicia colaborarán cos medios de comunicación social que actúen no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia para a transferencia á cidadanía do coñecemento en materia demográfica.
2. A Administración autonómica potenciará acordos cos medios de comunicación para a realización de campañas de sensibilización sobre a conciliación, a corresponsabilidade, as consecuencias do cambio demográfico e a parentalidade positiva.
3. Así mesmo, promoverá nos medios públicos o adianto da emisión dos programas televisivos de máxima audiencia para favorecer o descanso e o benestar da poboación.





XUNTA DE GALICIA

TÍTULO II Políticas públicas para o impulso demográfico

CAPÍTULO I Criterios xerais

Artigo 27. *Políticas activas de emprego*

1. A Administración autonómica, dentro das súas políticas activas de emprego e respectando a normativa estatal aplicable, poñerá en marcha programas específicos orientados á incorporación no mercado laboral galego da mocidade, das familias con fillas e fillos en situación de desemprego ou con baixa intensidade de emprego, da poboación retornada e da que se asente por primeira vez en Galicia e fomentará a adopción de instrumentos que faciliten o acceso á formación profesional para o emprego no ámbito laboral para aquelas persoas que teñan que exercer responsabilidades de coidado.

2. Así mesmo, a Administración autonómica deseñará as súas políticas activas de emprego dando prioridade ao desenvolvemento profesional no medio rural e costeiro non urbano para facilitar a transición entre a formación e o emprego e o acceso a un emprego de calidade nestes ámbitos.





XUNTA DE GALICIA

Artigo 28. *Apoio no acceso e á permanencia na vivenda*

1. A Administración autonómica, no marco das súas competencias en materia de vivenda, establecerá programas específicos que faciliten o acceso á vivenda da mocidade galega, das familias con fillas e fillos e persoas dependentes a cargo e das persoas galegas retornadas.
2. Así mesmo, impulsará e apoiará novas tipoloxías residenciais destinadas ás persoas maiores e programas específicos que faciliten o acceso a unha vivenda de calidade no medio rural e costeiro non urbano e que configuren un factor de competitividade que manteña e atraia poboación.
3. Igualmente, no marco das súas competencias, poñerá en marcha programas de apoio ás familias con fillas ou fillos ou persoas dependentes a cargo que estean afectadas por procedementos de desafiuzamento ou lanzamento e promoverá o acceso a servizos ou o asesoramento xurídico gratuíto nos ditos procedementos das familias que, en función da súa renda familiar estandarizada, estean en risco de pobreza.
4. Nos programas de acceso á vivenda, a Administración autonómica fomentará a mobilización de vivendas baleiras e a rehabilitación edificatoria facilitando o asentamento da poboación en réxime de compra ou alugueiro.





XUNTA DE GALICIA

Artigo 29. *Renda familiar estandarizada*

1. A administración autonómica, no ámbito das súas competencias, establecerá un sistema para determinar de xeito homoxéneo o nivel económico da renda da unidade familiar coa finalidade de dar o trato máis equitativo posible aos diferentes tipos e situacións familiares no acceso ás axudas, servizos ou prestacións que veñan condicionados ou graduados polo nivel de renda.

Este sistema será empregado con carácter xeral salvo naqueles casos nos que se xustifique que non resulta adecuado por razóns obxectivas atendendo aos obxectivos ou características concretas das axudas, servizos ou prestacións.

2. O sistema de determinación da renda familiar estandarizada establecerase regulamentariamente en atención, entre outros factores, ao tamaño e á composición da unidade familiar.





XUNTA DE GALICIA

CAPÍTULO II

Apoio ás familias

Artigo 30. Incremento do investimento en políticas de familia

Co obxecto de avanzar na creación de contornos favorables para o libre desenvolvemento dos proxectos familiares, a Administración autonómica incrementará o investimento en políticas de familia.





XUNTA DE GALICIA

Artigo 31. *Prestacións e axudas familiares por nacemento, adopción ou acollemento preadoptivo*

1. A Administración autonómica garantirá o apoio económico ás familias nas que se produza un nacemento, adopción ou acollemento preadoptivo, coa finalidade de colaborar nos gastos derivados destas circunstancias mediante a concesión de prestacións e axudas familiares, que se ampliarán en función da situación económica familiar e do número de fillos e fillas, como mínimo, ata que o neno ou nena cumpra 3 anos.
2. As familias en situación de especial vulnerabilidade económica poderán manter as prestacións e axudas previstas neste artigo nos casos nos que non perciban unha prestación de apoio á renda e, téndoa solicitado, non tiveran aínda acceso a ela.
3. Na articulación das prestacións e axudas familiares previstas no número 1 prestarase especial atención ao medio rural e costeiro non urbano.





XUNTA DE GALICIA

Artigo 32. Accesibilidade dos recursos de atención temperá

A Administración autonómica garantirá que todas as familias que residan en Galicia con fillos ou fillas con trastornos no desenvolvemento, ou en risco de padecelos, teñan accesibles recursos de atención temperá que faciliten a súa autonomía persoal e inclusión social.





XUNTA DE GALICIA

Artigo 33. *Axuda ás familias máis vulnerables*

A Administración autonómica apoiará a renda das familias en situación de especial vulnerabilidade económica, promovendo o seu acceso a prestacións económicas de inclusión social e/ou cubríndolles, a través de programas específicos, as súas necesidades básicas concretas.





XUNTA DE GALICIA

Artigo 34. *Axudas para a mellora das vivendas*

A Administración autonómica promoverá programas de axudas destinados á mellora da habitabilidade das vivendas, ao aforro e eficiencia enerxética así como á rehabilitación integral e á mellora da accesibilidade, contemplando un trato diferenciado para as familias con nenos, nenas ou persoas en dependencia, e, en especial, para as numerosas e monoparentais.





XUNTA DE GALICIA

Artigo 35. *Apoio económico para o transporte*

1. A Administración autonómica promoverá bonificacións e descontos coa finalidade de apoiar economicamente ás familias no acceso á rede de transporte regular de persoas viaxeiras de uso xeral. Este apoio económico será máis intenso para as familias de especial consideración.
2. Así mesmo, a Administración autonómica habilitará, no marco das súas competencias, medidas específicas de apoio para o uso do servizo público de transporte regular de persoas viaxeiras de uso xeral destinadas como mínimo ás persoas menores de idade residentes na Comunidade Autónoma.





XUNTA DE GALICIA

Artigo 36. *Apoio económico para o acceso á Educación Infantil 0-3*

A Administración autonómica, para facer efectivas as posibilidades de acceso de toda a poboación infantil á etapa educativa 0-3, aplicará bonificacións nos prezos públicos establecidos e desenvolverá liñas de axudas para o apoio económico ás familias que teñan aos seus fillas e fillos matriculados no primeiro ciclo de educación infantil en escolas infantís de titularidade privada por non ter obtido unha praza pública ou residir nun municipio no que non existan recursos públicos.





XUNTA DE GALICIA

Artigo 37. Selo para establecementos amigables coas familias con nenos e nenas

1. A Administración autonómica promoverá a corresponsabilidade e implicación do sector privado na consideración das familias como un valor social e promoverá a creación dunha rede de establecementos amigables coas familias con nenos e nenas mediante o seu recoñecemento institucional.
2. O dito recoñecemento materializarase a través dun distintivo dirixido a aqueles establecementos comerciais e hostaleiros que contén con estruturas e servizos que atendan as diferentes necesidades das familias con nenos e nenas.
3. Este distintivo será outorgado pola consellería competente en materia de familia e avalará o cumprimento das condicións de accesibilidade universal establecidas para cada tipo de establecemento e a seguridade e confort dos servizos que este ofrece ás familias.
4. A consellería competente en materia de familia aprobará mediante resolución administrativa as bases reguladoras que determinen as condicións que deben cumprir os establecementos comerciais e hostaleiros para poder obter o distintivo previsto neste artigo. Estas bases, que se publicarán no Diario Oficial de Galicia, precisarán os trámites para a solicitude de concesión do distintivo, as estruturas e servizos cos que deben contar os establecementos, así como os compromisos de atención que deben asumir, as formas nas que a Administración xeral da Comunidade Autónoma fará pública esta distinción e a posible utilización polos establecementos da distinción na súa publicidade, a validez temporal do distintivo e as causas da súa perda.





XUNTA DE GALICIA

Artigo 38. *Especial consideración das familias numerosas*

1. A Administración autonómica aprobará un plan específico de apoio ás familias numerosas.
2. Entre as medidas do plan de apoio ás familias numerosas previsto no número anterior, a Administración autonómica establecerá bonificacións nas peaxes das autoestradas da súa titularidade e preverá a aplicación de prezos reducidos para estas familias nas licitacións de contratos ou concesións que inclúan a xestión de prazas de aparcamento nos hospitais públicos e centros dependentes dela.
3. Así mesmo, en colaboración coa Federación Galega de Municipios e Provincias, fomentará o establecemento por parte das administracións locais de bonificacións homoxéneas en todo o territorio da Comunidade Autónoma e de axudas que faciliten o acceso das familias numerosas ás subministracións básicas, así como a vivendas e ao transporte público.





XUNTA DE GALICIA

Artigo 39. *Espazos para as familias nos edificios de uso público*

1. As Administracións Públicas de Galicia preverán nos novos edificios de uso público da súa titularidade a existencia de espazos específicos para a lactación dotados con cambiadores para o aseo dos nenos e nenas con accesibilidade universal, segura e autónoma e desenvolverán programas para adaptar os edificios de uso público da súa titularidade xa existentes para que contén con estes espazos.
2. Así mesmo, nos novos edificios de uso público de titularidade privada deberá existir un espazo accesible para homes e mulleres dotado cun cambiador para o aseo dos nenos e nenas. As Administracións Públicas de Galicia desenvolverán programas para promover que os edificios de uso público de titularidade privada xa existentes contén con este espazo e con outros recursos a disposición das familias.
3. Para os efectos do disposto neste artigo enténdese por edificios de uso público aqueles que impliquen concorrencia de persoas para a realización de actividades de carácter social, recreativo, deportivo, cultural, educativo, comercial, administrativo, asistencial, residencial ou sanitario.





XUNTA DE GALICIA

Artigo 40. *Reserva de aparcamento para as familias*

1. Nos novos edificios de uso público, tanto de titularidade pública como privada, que contén con prazas de aparcamento deberán existir prazas especialmente adaptadas para as necesidades das familias con fillos e fillas menores de doce anos e das mulleres en estado avanzado de xestación. Dentro destas reservas de aparcamento, que se situarán próximas aos accesos ás áreas comúns con accesibilidade universal, segura e autónoma, un mínimo do 10 por cento das prazas destinaranse ás familias numerosas.
2. As Administracións Públicas de Galicia desenvolverán programas para promover a adaptación dos aparcamentos dos edificios de uso público xa existentes para que contén con prazas axustadas ás necesidades das familias con fillos e fillas menores de doce anos.
3. Entenderase por edificios de uso público os previstos no número 3 do artigo anterior.
4. As previsións deste artigo non serán de aplicación a aqueles aparcamentos dos edificios de uso público que se reservan para persoal autorizado.





XUNTA DE GALICIA

Artigo 41. *Bancos de leite materno*

A Administración autonómica realizará campañas de sensibilización dirixidas a que a poboación coñeza a existencia e finalidade dos bancos de leite materno para garantir as doazóns suficientes e que poidan beneficiarse todos os nenos e nenas acabados de nacer na Comunidade Autónoma de Galicia que así o precisen.

[Faint, illegible handwritten text]





XUNTA DE GALICIA

Artigo 42. *Asistencia sanitaria á reprodución*

1. A Administración autonómica adoptará de maneira progresiva medidas tendentes a que as persoas que necesiten da reprodución asistida como medio para ter descendencia poidan dispoñer de asistencia sanitaria e dos medios precisos para tal fin.

2. Así mesmo, a Administración autonómica desenvolverá campañas de información e sensibilización que fomenten as doazóns necesarias para os procesos de reprodución asistida.

[Faint handwritten signature or mark]





CAPÍTULO III
Conciliación da vida familiar, laboral e persoal

Sección 1ª. Principios xerais

Artigo 43. Criterios xerais de actuación en materia de conciliación

1. As Administracións Públicas de Galicia promoverán a conciliación da vida familiar, laboral e persoal, fundamentada no principio de igualdade entre mulleres e homes tanto no ámbito doméstico como no laboral e na consideración de que o coidado das fillas e fillos e das persoas dependentes é tanto un dereito como unha responsabilidade dos poderes públicos e de toda a sociedade.

2. Para os efectos do previsto no número anterior, as Administracións Públicas de Galicia impulsarán a posta a disposición das familias de recursos que lles permitan compatibilizar o desempeño profesional cos labores de atención e coidado das fillas e fillos e persoas dependentes, ao tempo que fomentarán a corresponsabilidade no fogar e a implicación empresarial.





XUNTA DE GALICIA

Artigo 44. *Defensa da maternidade e paternidade nos procedementos penais*

A Administración autonómica, en defensa dos dereitos das vítimas e sempre que estas o autoricen, poderá exercer, na forma e condicións establecidas pola lexislación procesual, a acción popular nos procedementos penais por delitos de discriminación derivada ou por razón da situación familiar consecuencia da maternidade ou paternidade.

[Faint, illegible handwritten text or signature]





XUNTA DE GALICIA

Sección 2ª. Educación Infantil 0-3 e recursos e servizos de conciliación

Artigo 45. Accesibilidade dos recursos e servizos de conciliación

1. A Administración autonómica promoverá que todas as familias que residan en Galicia teñan accesible un recurso de conciliación de calidade para a atención dos fillos e fillas menores de 3 anos e das persoas en situación de dependencia.
2. Así mesmo, nos concellos de menos de 5.000 habitantes nos que exista un centro público de educación infantil e primaria da súa titularidade, a Administración autonómica poñerá a disposición das entidades locais para o desenvolvemento nel de servizos de atención aos nenos e nenas, con carácter non lectivo, previos ao inicio da xornada lectiva.
3. Estes centros estarán igualmente a disposición das entidades locais e das asociacións de nais e pais para o desenvolvemento de actividades extraescolares, cunha duración mínima dunha hora, posteriores á finalización da xornada lectiva. En ningún caso as ditas actividades se incorporarán á programación xeral docente.
4. Os órganos superiores da Administración autonómica competentes en materia de igualdade e conciliación poderán establecer liñas de apoio á realización das actividades previstas no número anterior, facilitando o acceso a estes recursos das nenas e nenos en risco de exclusión.
5. A Administración autonómica promoverá unha oferta de recursos de conciliación nos períodos estivais e non lectivos e o achegamento dos recursos de conciliación aos lugares de traballo.

[Faint signature or stamp]





XUNTA DE GALICIA

Artigo 46. Medidas de protección da saúde infantil nos recursos e servizos de conciliación

1. A Administración autonómica promoverá medidas de prevención para evitar fontes de risco e asegurar o benestar colectivo dos nenos e nenas e o mantemento dun alto nivel de protección da saúde da poboación infantil.

2. Con esta finalidade, será condición necesaria para o acceso e permanencia nos recursos e servizos de atención continuada á infancia 0-3 de titularidade pública autonómica ou local ou que contén con financiamento público das ditas administracións que se acredite o seguimento do calendario de vacinación infantil do Programa galego de vacinación.

3. Non será esixible a condición establecida no número anterior no caso dos nenos e nenas con contraindicación dalgunha vacina, o que deberá acreditarse mediante a presentación dun informe asinado por un/unha profesional médico/a colexiado/a que inclúa os seguintes aspectos:

- a) Afirmación de que o estado físico ou a condición médica do neno ou nena é tal que non se considera segura a inmunización.
- b) Indicación das vacinas que non se consideran seguras e que, polo tanto, se exceptúan, e o carácter permanente ou temporal da dita excepción.
- c) Data de finalización da excepción ou de realización dunha nova valoración, nos supostos de contraindicación temporal.

As persoas titulares dos recursos deberán dar traslado do informe ao órgano de dirección da Administración xeral da Comunidade Autónoma competente en materia de saúde pública, que o analizará e comunicará á persoa titular do recurso se este resulta suficiente para entender xustificada a non esixencia da condición de seguimento do calendario de vacinación, debendo rexeitarse aqueles informes que non estean baseados na evidencia científica. Mentres non se realice a análise, permitirse o acceso ou a permanencia no recurso, se ben estes estarán supeditados ao resultado da dita análise.

4. No caso de recursos de atención continuada á infancia 0-3 de titularidade privada que non estean financiados con fondos públicos procedentes da Administración autonómica ou local as persoas titulares poderán tamén esixir, de acordo co establecido neste artigo, que se acredite o seguimento do calendario de vacinación infantil do Programa galego de vacinación.

No caso de que a persoa titular do recurso opte por non esixir a referida condición para o acceso e permanencia, deberá advertirse desta circunstancia expresamente no momento da matriculación e farase constar nos formularios de inscrición. Así mesmo, a información de que no dito recurso non se garante que estea vacinada a totalidade dos nenos e nenas deberá figurar de forma clara e visible no establecemento.





XUNTA DE GALICIA

5. O incumprimento polas persoas titulares dos recursos das condicións e previsións establecidas nos números 2 e 3 en canto ao acceso e permanencia nos ditos recursos, ou das obrigas formais ou de información establecidas no parágrafo segundo do número 4, será constitutivo de infracción grave e será sancionado de acordo co previsto para as infraccións desta natureza na Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, e seguindo o procedemento establecido nela.





XUNTA DE GALICIA

Artigo 47. *Educación Infantil 0-3*

1. A Administración autonómica garantirá a calidade e o carácter inclusivo dos recursos de educación infantil 0-3, avanzará na súa universalización e gratuidade e promoverá unha dotación suficiente de prazas e os recursos para facer efectivas as posibilidades de acceso, permanencia e promoción de toda a poboación infantil a esta etapa educativa.

2. Así mesmo, procurará a adaptación progresiva dos horarios das escolas infantís 0-3 aos horarios laborais de pais e nais.

[Faint, illegible signature or stamp]





XUNTA DE GALICIA

Artigo 48. *Atención das necesidades puntuais de conciliación*

1. As Administracións Públicas de Galicia avanzarán na posta a disposición das familias de solucións efectivas ás súas necesidades de conciliación, proporcionando recursos para cubrir supostos de enfermidade da nena ou neno ou da persoa coidadora habitual, a asistencia a entrevistas de traballo e cursos de formación ou outras situacións puntuais de carácter laboral ou de coidado que impidan compatibilizar o desempeño profesional coa atención das responsabilidades familiares.

2. Para os efectos do previsto no número anterior, a Administración autonómica desenvolverá programas destinados a proporcionar servizos de atención á infancia a domicilio ou a apoiar economicamente ás familias no uso de servizos de atención á infancia de carácter puntual e promoverá o voluntariado dirixido a brindar apoios esporádicos na crianza.

3. Así mesmo, a Administración autonómica apoiará economicamente ás familias no uso de servizos de atención ás persoas en situación de dependencia ou con discapacidade no domicilio nos supostos de carácter puntual nos que sexa necesario ou conveniente posibilitar a permanencia destas persoas no fogar.

[Faint, illegible text or signature]





XUNTA DE GALICIA

Sección 3ª. Conciliación no sector público

Artigo 49. Desenvolvemento profesional

1. O sector público autonómico garantizará, no ámbito das súas competencias, que a maternidade e a paternidade e o coidado de persoas dependentes non sexan obstáculo para o desenvolvemento profesional en igualdade de condicións.

2. Con esta finalidade, as condicións que estableza o sector público autonómico en materia de promoción profesional, provisión, selección e contratación de persoal, así como nas convocatorias públicas da súa competencia con incidencia nestas materias, deseñaranse de modo que se evite toda discriminación directa ou indirecta. Para estes efectos, estableceranse as diferencias de trato que sexan obxectivamente precisas para garantir a igualdade de condicións no desenvolvemento profesional.

3. En particular, nos procesos e nas convocatorias citados no número anterior, deberanse establecer condicións que impidan que o tempo de inactividade profesional por situacións de risco durante o embarazo, maternidade ou paternidade, garda con fins de adopción, acollemento, risco durante a lactación e excedencia por coidado de fillo/a ou familiar supoña unha penalización, prexuízo ou demérito. Para estes efectos, poderá estenderse nestes casos o período temporal de valoración a períodos anteriores para que a dita valoración se poida efectuar en condicións de igualdade.





XUNTA DE GALICIA

Artigo 50. *Impulso da flexibilidade*

1. A Administración autonómica promoverá a ampliación da posibilidade de acollerse á flexibilidade horaria a todo o persoal do sector público autonómico que se atope nalgunha das seguintes situacións:

- a) Ter fillos/as ou persoas acollidas menores de idade ou fillos/as maiores de idade incapacitados xudicialmente ao seu cargo.
- b) Convivir con familiares que, por enfermidade ou avanzada idade, necesiten de asistencia ou ter ao seu cargo persoas con discapacidade ata o primeiro grao de consanguinidade ou afinidade.
- c) Ser vítima de violencia de xénero as empregadas públicas.

2. Así mesmo, fomentará e estenderá o uso de medidas de flexibilidade espacial tales como a mobilidade xeográfica ou de área, así como a utilización de tecnoloxías que permitan a conciliación e, nomeadamente, a fórmula do teletraballo.

[Faint handwritten signature or mark]





XUNTA DE GALICIA

Artigo 51. *Bolsa de horas de libre disposición*

1. A Administración autonómica establecerá unha bolsa de horas de libre disposición dirixida á atención de responsabilidades de coidado de fillos ou fillas menores de idade, persoas maiores a cargo e que, por enfermidade ou avanzada idade, necesiten a asistencia doutras persoas e persoas con discapacidade ata o primeiro grao de consanguinidade ou afinidade, nos termos que en cada caso se determinen.

2. Esta bolsa de horas tamén poderá establecerse para a súa utilización nos seguintes supostos:

a) Persoal empregado público con fillas ou fillos maiores incapacitados xudicialmente.

b) Mulleres que se atopen nunha situación de violencia de xénero.

c) Persoal empregado público que se atope nun proceso de nulidade, separación ou divorcio desde a interposición da demanda xudicial ou, por decisión da persoa interesada, desde a solicitude de medidas provisionais previas, ata transcorridos tres meses desde a citada demanda ou, de ser o caso, desde a citada solicitude.

3. Esta bolsa será de flexibilidade horaria e en ningún caso substituirá os permisos nin as licenzas por motivos de conciliación existentes.

4. A Administración, logo da negociación coa representación do persoal, levará a cabo a implantación e xestión da flexibilidade horaria prevista neste artigo e promoverá as medidas oportunas para que o exercicio do dereito non cause prexuízo aos dereitos do resto de persoal empregado público.





XUNTA DE GALICIA

Artigo 52. *Recursos de conciliación*

A Administración autonómica avanzará na implantación de servizos de conciliación nos seus principais centros de traballo e promoverá a dotación destes recursos no resto das Administracións públicas de Galicia.





Sección 4ª. Conciliación no sector privado

Artigo 53. Implicación do sector empresarial

1. A Administración autonómica desenvolverá, no ámbito da responsabilidade social das empresas, programas dirixidos a integrar na cultura e na estratexia empresarial unha xestión do capital humano que facilite un equilibrio entre a vida laboral e a persoal e familiar baseado no reparto de responsabilidades entre homes e mulleres. Para estes efectos impulsará a adopción por parte das empresas de medidas de flexibilidade temporal e espacial que se adapten aos diversos modelos de familia.

2. Estes programas incorporarán accións de información, asesoramento e titorización e poderán incluír liñas de axuda para colaborar nos gastos derivados da implantación de medidas de conciliación.





XUNTA DE GALICIA

Artigo 54. *Axudas para facilitar a conciliación*

1. A Administración autonómica poderá establecer axudas para as persoas traballadoras que se acollan a unha excedencia ou a unha redución de xornada de traballo para coidar os fillos e fillas ou a familiares dependentes que lles supoña unha redución efectiva das súas remuneracións.
2. Poderán beneficiarse das axudas previstas no número anterior as persoas traballadoras por conta allea, as persoas socias de traballo das sociedades cooperativas e as persoas traballadoras por conta propia que cesen temporalmente ou reduzan a súa actividade profesional ou laboral para coidar as fillas e fillos ou a familiares dependentes.





XUNTA DE GALICIA

Artigo 55. *Promoción da conciliación na contratación do sector público autonómico*

1. A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades instrumentais do sector público autonómico, cando utilicen unha pluralidade de criterios para a adxudicación dun contrato, incluírán entre eles, sempre que estea vinculado ao obxecto do contrato de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, un referido ás políticas empresariais en materia de conciliación da vida persoal, familiar e laboral e corresponsabilidade que se apliquen na execución do contrato, entendendo por tales, entre outras, as que incorporen medidas de flexibilidade espacial, tales como o teletraballo, ou de flexibilidade na organización do tempo de traballo, melloras dos permisos legalmente establecidos ou beneficios sociais para a atención das responsabilidades familiares.

2. Este criterio deberá valorarse como mínimo co 10% da puntuación máxima que poida atribuírse ás ofertas, debendo motivarse no expediente a atribución dunha porcentaxe menor, que non deberá ser inferior ao 5% da puntuación máxima.

3. Para a valoración deste criterio terase en conta a existencia na empresa dun plan de igualdade, ou de conciliación, que conteña as medidas obxecto de valoración e que se aplique á execución do contrato. Para acreditar a existencia e o cumprimento dos plans de igualdade ou conciliación terase en conta, entre outros medios posibles, a existencia de certificados que acrediten estes extremos, como a Marca Galega de Excelencia en Igualdade, o Certificado de Empresa Familiarmente Responsable ou calquera outro certificado ou acreditación axeitado para estes efectos. Tamén se considerarán os acordos ou pactos cos traballadores e traballadoras a este respecto ou a inclusión na oferta de medidas de conciliación que se aplicarán na execución do contrato.

4. A puntuación máxima deste criterio desagregarase en función da calidade e intensidade das medidas que se recollan, podendo ponderarse o sector no que operan as empresas e o seu tamaño, atendendo en particular á non discriminación da pequena e mediana empresa.





Artigo 56. *Racionalización de horarios*

As Administracións Públicas de Galicia, conxuntamente cos interlocutores sociais e económicos, impulsarán o establecemento de sistemas horarios que se adecúen ás necesidades empresariais e dos traballadores e traballadoras como estratexia tanto de mellora da competitividade e produtividade das empresas como das condicións laborais e de vida das persoas que traballan nelas.





XUNTA DE GALICIA

Artigo 57. Conciliación e corresponsabilidade na negociación colectiva

A Administración autonómica impulsará a inclusión de medidas de conciliación entre a vida laboral e a persoal e familiar e o fomento da corresponsabilidade no marco da negociación colectiva, como ámbito idóneo para a súa adaptación á realidade concreta dos diferentes sectores, empresas e persoas traballadoras.





Artigo 58. Reserva de solo empresarial para recursos de conciliación

A Administración autonómica, no marco das súas competencias, contemplará nos novos desenvolvementos de solo empresarial a reserva para dotacións públicas ou privadas necesaria para facilitar a conciliación da vida laboral e familiar. Esta reserva farase tendo en conta as necesidades que se xeren no ámbito de actuación e atendendo ás interaccións deste co contorno no que se localiza.





XUNTA DE GALICIA

CAPÍTULO IV

Apoio á mocidade

Artigo 59. Criterios xerais de actuación no ámbito da mocidade

As Administracións Públicas de Galicia procurarán garantir as condicións necesarias para que as mozas e mozos galegos poidan desenvolver o seu proxecto vital e formar unha familia no territorio da Comunidade Autónoma a través da educación formal, non formal e das medidas de creación e fomento do acceso ao emprego.





XUNTA DE GALICIA

Artigo 60. Formación orientada ao mercado laboral e ás potencialidades do territorio

1. A Administración autonómica desenvolverá unha política educativa, nas diferentes etapas, ciclos, graos, cursos e niveis de ensinanza aos que se estenda a súa competencia, que teña en conta as necesidades do mercado laboral e as potencialidades do territorio, mellorando a adecuación da oferta á demanda e permitindo o desenvolvemento formativo na Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Igualmente, a Administración autonómica facilitará, no exercicio das súas competencias en materia de xuventude, o acceso a complementos formativos fóra da Comunidade Autónoma de Galicia como oportunidade para mellorar as capacidades e adquirir novas competencias.





XUNTA DE GALICIA

Artigo 61. *Educación non formal e voluntariado*

1. A Administración autonómica impulsará, no ámbito da educación non formal, programas de desenvolvemento persoal que reforcen as capacidades e habilidades transversais da mocidade galega poñendo en valor a súa cualificación, talento e esforzo.
2. A Administración autonómica fomentará a participación da mocidade en programas de voluntariado como ferramenta para adquirir novas destrezas, enriquecer o seu currículo de cara á súa inserción no mercado laboral e capacitala para a prestación de coidados no ámbito familiar.





XUNTA DE GALICIA

Artigo 62. *Impulso do emprendemento*

1. As Administracións Públicas de Galicia, no marco das políticas de fomento empresarial, establecerán incentivos e axudas específicas á mocidade para a creación de empresas ou para o autoemprego, dándolle prioridade ás iniciativas emprendedoras de traballo autónomo e á constitución e agrupación de entidades de economía social.
2. Así mesmo, establecerán medidas de formación, asesoramento e seguimento que permitan a consolidación e a mellora da competitividade dos proxectos empresariais.





XUNTA DE GALICIA

Artigo 63. Impulso da innovación, tecnoloxía, creatividade e das tecnoloxías da información e a comunicación

A Administración autonómica desenvolverá actuacións específicas dirixidas a fomentar as oportunidades de emprego das mozas e mozos, de forma especial, nos ámbitos ligados á innovación, ao desenvolvemento tecnolóxico, á creatividade e ás tecnoloxías da información e a comunicación, co obxecto de impulsar un ecosistema de emprego atractivo para a mocidade e que actúe de elemento tractor da economía de Galicia.





XUNTA DE GALICIA

Artigo 64. *Relevo xeracional*

A Administración autonómica desenvolverá programas de relevo xeracional en empresas en funcionamento co fin de aproveitar ao máximo as oportunidades de xeración de emprego para a mocidade ao tempo que se salvagarda o patrimonio empresarial colectivo e se xera crecemento económico.

[Faint, illegible handwritten text]





CAPÍTULO V

Retorno e atracción de nova poboación

Sección 1ª. Criterios xerais de actuación

Artigo 65. Mellora do saldo migratorio e das taxas de poboación activa

1. As Administracións Públicas de Galicia, no marco das súas respectivas competencias, impulsarán o desenvolvemento de estratexias de carácter integral dirixidas a propiciar un saldo migratorio positivo e á mellora das taxas de poboación activa de Galicia.
2. Con esta finalidade deseñarán políticas específicas, coordinando, entre outras, as actuacións en materia de política social, emprego e vivenda, para que as persoas galegas e a súa descendencia consideren Galicia como o lugar idóneo para establecerse.
3. Así mesmo, promoverán as condicións socioeconómicas necesarias para a atracción de nova poboación a todo o territorio da Comunidade Autónoma.

[Faint, illegible handwritten text]





XUNTA DE GALICIA

Artigo 66. *Estímulo das actividades económicas*

A Administración autonómica desenvolverá medidas específicas destinadas a atraer o talento e a incentivar o investimento produtivo e a implantación empresarial no territorio da Comunidade Autónoma, prestando especial atención á poboación galega residente no exterior ou retornada.





XUNTA DE GALICIA

Artigo 67. Incorporación ao sistema educativo

1. A Administración autonómica adoptará, no ámbito das súas competencias, as medidas necesarias para facilitar a incorporación ao sistema educativo do alumnado que, por proceder do estranxeiro, se incorpore de xeito tardío ao sistema educativo.
2. As consellerías competentes en materia de educación e política social, en colaboración cos concellos, poderán establecer programas de benvida e acollida que faciliten a incorporación deste alumnado.

[Faint, illegible text or signature]





XUNTA DE GALICIA

Sección 2ª. Fomento do retorno da poboación galega residente no exterior

Artigo 68. Afianzamento dos vínculos coa poboación galega residente no exterior

1. A Administración autonómica levará a cabo programas de carácter cultural, lingüístico, educativo, sociosanitario e de reforzo dos vínculos dirixidos á poboación galega residente no exterior, coa finalidade de fortalecer o seu sentido de pertenza a Galicia.

2. O desenvolvemento destes programas contemplará actuacións especificamente dirixidas á mocidade e ás mulleres.

[Faint, illegible text, possibly a signature or stamp]





XUNTA DE GALICIA

Artigo 69. Igualdade de condicións no acceso a programas e servizos

A Administración autonómica facilitará o asentamento das persoas galegas retornadas en igualdade de condicións que o resto da poboación de Galicia. Para estes efectos, eliminará as eventuais barreiras no acceso aos programas e servizos da súa competencia e prestará especial atención ás necesidades no medio rural.

[Faint, illegible text, possibly a signature or stamp]





XUNTA DE GALICIA

Artigo 70. Apoio no proceso de retorno

1. A Administración autonómica desenvolverá, no ámbito das súas competencias, as accións necesarias para unha adecuada información, orientación e seguimento da persoa retornada e da súa familia, tanto no seu país de procedencia como na súa chegada a Galicia, para conseguir unha plena integración na sociedade galega, desenvolvendo accións específicas de asesoramento sobre o acceso ao emprego, con carácter previo e no momento do seu retorno.
2. Para os efectos do previsto no número anterior, dispoñerá dunha unidade de xestión integral que dea a coñecer á poboación galega residente no exterior as axudas e programas existentes e facilite información e seguimento personalizado ás persoas galegas retornadas e ás súas familias.





XUNTA DE GALICIA

Sección 3ª. Atracción de nova poboación

Artigo 71. Mercado laboral

1. A Administración autonómica identificará periodicamente as necesidades que presenta o mercado laboral galego, coa finalidade de determinar os perfís profesionais cuxa carencia se poña de manifesto.
2. Igualmente, levará a cabo programas de difusión das posibilidades do mercado laboral galego, así como de información sobre as alternativas e facilidades para asentarse en Galicia, entre os colectivos cuxa atracción pretenda, e desenvolverá programas de captación de man de obra en correspondencia coa demanda do mercado laboral galego.





XUNTA DE GALICIA

Artigo 72. *Inclusión social*

A Administración autonómica impulsará o desenvolvemento de programas comunitarios de acollida ás persoas que se asenten en Galicia para facilitar a súa integración, apoiando ás entidades que realizan labores de atención a persoas inmigrantes, refuxiadas ou solicitantes de protección internacional. Estes programas de acollida terán en conta as necesidades específicas no medio rural e costeiro non urbano.





XUNTA DE GALICIA

Artigo 73. Formación para o emprego

A Administración autonómica establecerá, no ámbito das súas competencias, as bases que permitan o deseño e a implantación áxil de programas de formación profesional para o emprego no ámbito laboral para dar resposta ás necesidades específicas que poidan presentar o mercado laboral galego e as persoas que se pretende atraer para a súa integración nel.





XUNTA DE GALICIA

CAPÍTULO VI

Equilibrio territorial

Artigo 74. Valorización do medio rural e costeiro non urbano

1. As Administracións Públicas de Galicia levarán a cabo accións tendentes a poñer en valor o traballo e a vida no medio rural e costeiro non urbano e a concienciar á sociedade acerca da relevancia da conservación e mantemento dos seus valores sociais, económicos, culturais e medioambientais.
2. Así mesmo, as Administracións Públicas de Galicia impulsarán medidas e iniciativas dirixidas a promover a identidade de quen vive no medio rural e costeiro non urbano, de forma que se proxecte unha imaxe positiva e actual.





XUNTA DE GALICIA

Artigo 75. Consideración dos desequilibrios demográficos

As Administracións Públicas de Galicia, no deseño e desenvolvemento das súas políticas e servizos públicos, terán en conta o envellecemento da poboación residente no medio rural e costeiro non urbano así como a descompensación existente en termos de sexo na poboación nova e adulta, introducindo as medidas necesarias para corrixir estes desequilibrios.

[Faint, illegible text, possibly a signature or stamp]





XUNTA DE GALICIA

Artigo 76. Desenvolvemento sustentable das políticas e servizos públicos

1. As Administracións Públicas de Galicia levarán a cabo a planificación e xestión das súas políticas e servizos públicos dunha forma sustentable en termos sociais, económicos e ambientais.

2. A dita planificación realizarase de forma coordinada coa Estratexia galega de infraestrutura verde e da conectividade e restauración ecolóxicas, aproveitando as potencialidades derivadas desta, e terá en conta as disposicións e alternativas sociais e económicas que achegan a Economía Azul e a Economía Circular, incardinándose nas liñas xerais que para elas se marquen nos ámbitos estatal e europeo.

3. Con esta finalidade, as Administracións Públicas de Galicia fomentarán e potenciarán as posibles sinerxías entre a administración, a universidade, o Terceiro sector social, a empresa e a sociedade.





XUNTA DE GALICIA

Artigo 77. Accesibilidade dos servizos públicos

1. As Administracións Públicas de Galicia, no ámbito das súas competencias, deseñarán as súas infraestruturas de servizos e de transporte de tal xeito que toda a cidadanía, con independencia do seu lugar de residencia, teña accesibles os servizos básicos de carácter educativo, sanitario, social e de xustiza.
2. Con esta finalidade, a Administración autonómica, no ámbito das súas competencias, impulsará a investigación e a implantación de novas fórmulas de prestación de servizos á cidadanía amparadas nas tecnoloxías da información e a comunicación, que faciliten a súa prestación e o acceso a eles ao longo de todo o territorio.





XUNTA DE GALICIA

Artigo 78. *Mobilidade*

1. A Administración autonómica articulará unha rede de transportes e comunicacións que garanta a mobilidade e a conexión, preferentemente diaria, da poboación e permita o pleno desenvolvemento da vida persoal, familiar e profesional en todo o territorio galego. Neste senso, procurarase o establecemento de liñas de transporte regular ou a demanda entre o medio rural e costeiro non urbano e o urbano, así como o aumento do número e das posibilidades de solicitude e acceso de transportes adaptados.
2. Igualmente, dotará o territorio galego das infraestruturas de transporte e comunicacións necesarias para que todos os galegos e galegas poidan acceder de maneira axeitada aos servizos de vías de altas capacidades.
3. A xestión de flotas e do servizo de transporte público terá en conta aspectos de sustentabilidade ambiental, a necesidade de redución de emisións de gases de efecto invernadoiro e criterios de mellora continua na calidade do aire.

[Faint, illegible text or signature]





XUNTA DE GALICIA

Artigo 79. *Telecomunicacións*

1. A planificación e a ordenación territorial das telecomunicacións en Galicia facilitará a extensión das redes de telecomunicacións a todo o territorio, prestando especial atención ao medio rural e costeiro non urbano e ás áreas máis illadas, en aras a conseguir unha maior cohesión territorial e social na nosa Comunidade.

2. A Administración autonómica, no marco das súas competencias, incentivará no medio rural e costeiro non urbano a extensión de redes de acceso á internet a velocidades equiparables coas existentes ou previstas para o resto do territorio.






XUNTA DE GALICIA

Artigo 80. *Servizos para as persoas maiores no medio rural e costeiro non urbano*

1. A Administración autonómica desenvolverá servizos de atención ás persoas maiores, con especial incidencia nos servizos de atención diúrna e de prevención do Alzheimer e doutras enfermidades neurodexenerativas, no medio rural e costeiro non urbano, máis afectado polos procesos de envellecemento poboacional, dispersión dos núcleos de poboación e carencia de recursos de atención.

2. Así mesmo, poñerá en marcha recursos itinerantes para a atención puntual das necesidades das persoas maiores residentes no medio rural e costeiro non urbano que non conten con recursos estables propios.





XUNTA DE GALICIA

Artigo 81. Servizos para as persoas con discapacidade no medio rural e costeiro non urbano

1.A Administración autonómica apoiará o desenvolvemento persoal e social autónomo e activo das persoas con discapacidade que residan no medio rural e costeiro non urbano de Galicia e, con esta finalidade, impulsará a colaboración coas entidades de iniciativa social de apoio á discapacidade presentes no territorio e fomentará o desenvolvemento de recursos residenciais e terapéuticos próximos ás contornas sociais e vitais destas persoas.

2. A Administración autonómica favorecerá os proxectos de economía social orientados á empregabilidade de persoas con discapacidade en actividades económicas desenvolvidas no medio rural e costeiro non urbano.

3. As Administracións Públicas de Galicia colaborarán no aproveitamento, sempre que sexa viable e eficiente, do patrimonio inmobiliario da súa titularidade para o seu uso como recursos de atención das persoas con discapacidade no medio rural e costeiro non urbano.





XUNTA DE GALICIA

Artigo 82. *Prazas educativas e recursos de conciliación*

1. A consellería competente en materia de educación terá en conta a dispersión poboacional e o carácter rural dos asentamentos de poboación para efectuar a oferta de prazas educativas.
2. Na programación da oferta educativa teranse en conta os principios de proximidade ao domicilio do alumnado nas etapas de educación infantil e primaria, así como os limiares mínimos de carácter pedagóxico para constituír unha unidade educativa socializante.
3. A consellería competente en materia de política social impulsará novas fórmulas de prestación de servizos que permitan dotar os concellos de menos de 5.000 habitantes de recursos para a atención dos fillos e fillas menores de 3 anos e das persoas en situación de dependencia.





XUNTA DE GALICIA

Artigo 83. *Estándares de calidade no ensino*

A consellería competente en materia de educación garantirá que a oferta educativa, acomodada a criterios pedagóxicos, se realice nos concellos de menos de 5.000 habitantes en termos de calidade semellantes aos dos concellos de maior poboación.

[Faint, illegible text or signature]





XUNTA DE GALICIA

Artigo 84. *Formación Profesional*

1. A Administración autonómica avanzará na oferta dunha Formación Profesional que responda ás necesidades e potencialidades dos territorios e que facilite a incorporación da mocidade ao mercado laboral en condicións adecuadas no seu ámbito xeográfico máis próximo como instrumento de desenvolvemento territorial equilibrado e sustentable.

2. En particular, fomentará o desenvolvemento dunha Formación Profesional dual naquelas actividades nas que a capacitación práctica da ensinanza teña relevancia, dirixindo este esforzo cara á obtención dun relevo xeracional axeitado naqueles ámbitos laborais de maior relación co medio rural e costeiro non urbano.





XUNTA DE GALICIA

Artigo 85. Acceso á cultura e fomento das actividades e industrias creativas e culturais

1. A Administración autonómica facilitará o acceso no territorio próximo aos recursos culturais, tanto no que a infraestruturas como a programación se refire.
2. Así mesmo, fomentará as actividades e industrias creativas e culturais vinculadas ao territorio de Galicia, como elementos dinamizadores do medio rural e costeiro non urbano.





XUNTA DE GALICIA

Artigo 86. Fomento do turismo sustentable e inclusivo

As Administracións Públicas de Galicia, no deseño e desenvolvemento das súas estratexias e programas para o fomento da actividade turística, incentivarán aquelas iniciativas que contribúan ao benestar e crecemento inclusivo e á vertebración territorial, poñendo especial énfase na preservación da vinculación cos valores e co patrimonio do territorio e das comunidades.





XUNTA DE GALICIA

Artigo 87. *Acceso á terra*

A Administración autonómica facilitará o acceso á terra a través dos instrumentos previstos na normativa autonómica sectorial, tendo en conta aspectos sociais, medioambientais e de fixación da poboación e dándolle prioridade á poboación, explotacións, cooperativas, empresas agrarias e forestais ou calquera outro tipo de iniciativa empresarial que radique no lugar de actuación.

1





XUNTA DE GALICIA

Artigo 88. *Impulso das actividades agroforestais*

1. A Administración autonómica impulsará un marco normativo que incentive e facilite a recuperación e posta en valor das terras agrarias co obxecto de mellorar a súa xestión e a viabilidade económica da súa explotación.
2. Así mesmo, desenvolverá a figura dos polígonos agroforestais ou calquera outra de xestión conxunta, como fórmulas de dinamización económica do medio rural.
3. A Administración autonómica impulsará instrumentos de investimento adaptados á singularidade do sector agroforestal, co obxecto de atraer novos investimentos ao dito sector.





Artigo 89. Sustentabilidade das actividades agroforestais e marítimo-pesqueiras

1. A Administración autonómica impulsará, dentro do marco regulador da Unión Europea e do Estado, a coordinación do desenvolvemento do territorio rural galego e o establecemento dunha estrutura de ordenación e xestión das actividades agroforestais e marítimo-pesqueiras que asegure a súa sustentabilidade e viabilidade en termos ambientais, sociais e económicos.
2. Con esta finalidade, aproveitaranse as capacidades de asentamento de poboación e de redistribución económica que posúen as actividades produtivas que se localizan no medio rural e a pesca costeira artesanal e o marisqueo, apostando, para tal fin, pola recuperación de terras abandonadas ou infrutilizadas e a xestión activa e multifuncional do monte e do agro galego así como polo impulso das actividades desenvolvidas nos portos de competencia autonómica do medio costeiro non urbano.

[Faint, illegible text, possibly a signature or stamp]





XUNTA DE GALICIA

Artigo 90. *Diversificación da actividade económica*

1. As Administracións Públicas de Galicia incentivarán aquelas actividades e sectores económicos que supoñan un complemento, modernización e diversificación da estrutura económica do medio rural e costeiro non urbano establecendo estratexias de desenvolvemento local participativo que impulsen o respecto ao medio ambiente e á contorna e idiosincrasia do lugar no que se desenvolven, incorporen maior valor engadido aos produtos e actividades existentes e contribúan a desenvolver o potencial e as vantaxes competitivas da zona.

2. Para os efectos do previsto no número anterior, a Administración autonómica desenvolverá programas específicos que inclúan, entre outras medidas, o asesoramento e titorización e liñas de axuda e de financiamento, e que impulsen o emprendemento individual e colectivo, dándolle prioridade ás entidades ou persoas emprendedoras que se establezan en municipios de menos de 10 000 habitantes.

[Faint, illegible text, possibly a signature or stamp]





XUNTA DE GALICIA

Artigo 91. *Relevo xeracional no medio rural e costeiro non urbano*

A Administración autonómica poñerá en marcha programas específicos de relevo xeracional dirixidos ás actividades económicas desenvolvidas no medio rural e costeiro non urbano, co obxecto de garantir a súa consolidación e continuidade, e dará prioridade a aquelas localizadas en municipios de menos de 10 000 habitantes.





XUNTA DE GALICIA

Artigo 92. Innovación e tecnoloxía no medio rural e costeiro non urbano

A Administración autonómica impulsará de forma específica a xeración e transferencia de coñecemento ligado ao tecido produtivo do medio rural e costeiro non urbano, aproveitando os programas europeos existentes ou calquera outro, a través de liñas de axuda e de financiamento dirixidas ao desenvolvemento dun ecosistema de I+D+i que actúe de elemento tractor do tecido agroindustrial e marítimo-pesqueiro así como da diversificación da actividade económica no medio rural e costeiro non urbano.





XUNTA DE GALICIA

Artigo 93. *Tecnoloxías e competitividade*

1. A Administración autonómica potenciará o uso das novas tecnoloxías para a transformación e a comercialización dos produtos derivados das actividades económicas no rural e da pesca e da acuicultura, co obxecto de incrementar o seu valor engadido e facilitar o acceso aos mercados.

2. A política de Hubs de innovación dixital impulsada pola Administración autonómica terá en conta no seu deseño e desenvolvemento as necesidades específicas das actividades recollidas no número anterior.

[Faint, illegible text, possibly a signature or stamp]





XUNTA DE GALICIA

Artigo 94. *Incentivos e bonificacións impositivas ao investimento*

1. A Administración autonómica aprobará un réxime de incentivos ao investimento ou de bonificacións impositivas autonómicas, coa finalidade de fomentar novas iniciativas empresariais no medio rural e costeiro non urbano que contribúan a fixar poboación e a mellorar a calidade de vida das persoas e do contorno.

2. Así mesmo, a Administración autonómica promoverá programas de préstamos, avais ou subvencións de xuros dirixidos ás iniciativas empresariais no medio rural e costeiro non urbano.





XUNTA DE GALICIA

Artigo 95. *Solo empresarial*

1. A Administración autonómica introducirá na súa política de solo empresarial elementos de acción positiva que favorezan e faciliten o acceso a este solo no medio rural e costeiro non urbano, como elemento de fomento e atracción de actividades económicas.

2. Neste senso, impulsaranse os portos de competencia autonómica como elementos dinamizadores da economía e como puntos de asentamento empresarial e de fomento da potencialidade loxística, sacando proveito da súa proximidade aos núcleos de poboación e da súa relación con estes.

[Faint, illegible text, possibly a signature or stamp]





XUNTA DE GALICIA

Artigo 96. *Apoio ao comercio de proximidade*

1. As Administracións Públicas de Galicia apoiarán a creación e o desenvolvemento de cadeas de distribución curtas e de mercados locais, fomentando a transformación e procesado dos produtos das actividades agrarias e marítimo-pesqueiras a pequena escala e con destino a mercados de alta calidade, a fin de acadar un maior valor engadido e un maior retorno económico para as primeiras e primeiros produtores.
2. Así mesmo, implantarán liñas de apoio, incentivo e asesoramento para recuperar o pequeno comercio no medio rural e costeiro non urbano.
3. As Administracións Públicas de Galicia promoverán o consumo de produtos de proximidade nos servizos de alimentación dos establecementos da súa titularidade ou sostidos con fondos públicos.





XUNTA DE GALICIA

Artigo 97. *Servizos financeiros e bancarios*

A Administración autonómica impulsará a colaboración das entidades financeiras que operan en Galicia no obxectivo da cohesión territorial, ao obxecto de promover que toda a cidadanía, con independencia do seu lugar de residencia, teña acceso aos servizos financeiros e bancarios en condicións equivalentes.





XUNTA DE GALICIA

Artigo 98. *Responsabilidade social territorial*

1. As Administracións Públicas de Galicia fomentarán a implicación de toda a sociedade no desenvolvemento sustentable e integrador do medio rural e costeiro non urbano.

2. Nesta liña, a Administración autonómica recoñecerá a responsabilidade social territorial como elemento diferencial dentro da responsabilidade social corporativa das empresas e organizacións que operan en Galicia.

3. Para os efectos do previsto neste artigo entenderase por responsabilidade social territorial todas aquelas accións desenvolvidas por empresas ou organizacións, dentro da súa responsabilidade social corporativa, que supoñan un incremento do emprego local, unha valorización do patrimonio natural e cultural da zona, e/ou unha mellora das condicións de vida da poboación residente na zona de influencia, incidindo deste xeito no desenvolvemento sustentable e integrador do medio rural e costeiro non urbano.

4. A responsabilidade social territorial será determinada en cada caso pola consellería competente nos termos que regulamentariamente se determinen e establecerase un recoñecemento específico para as entidades de economía social, de xeito que se afiancen as capacidades e potencialidades e se manteña a idoneidade que para as actividades agrarias, forestais e marítimo-pesqueiras teñen, entre outras, as cooperativas agrarias e as confrarías de pescadores polo seu papel de fomento da redistribución económica, da cogobernanza e da responsabilidade social corporativa.

5. O recoñecemento de ser unha empresa ou organización con responsabilidade social territorial poderá ter unha ponderación específica nas convocatorias de axudas públicas, así como no caso de outorgamento en réxime de concorrencia de títulos habilitantes de competencia autonómica para actividades económicas.





CAPÍTULO VII

Envelhecimento activo e saudable

Artigo 99. Criterios xerais de actuación para o envelhecimento activo e saudable

1. As Administracións Públicas de Galicia integrarán o envelhecimento saudable en todas as súas políticas coa finalidade de potenciar o benestar físico, social e mental das persoas durante o seu curso de vida, especialmente na vellez.
2. Así mesmo, promoverán a participación das persoas maiores na sociedade de acordo coas súas necesidades, expectativas e capacidades, favorecendo a súa autonomía persoal, ao tempo que lles proporcionarán a protección, seguridade e coidados axeitados.





XUNTA DE GALICIA

Artigo 100. *Tecnoloxía aplicada ao envellecemento activo e saudable*

1. A Administración autonómica desenvolverá plans de inclusión e alfabetización dixital que faciliten as competencias básicas para o desenvolvemento dunha vida plena nun contexto dixital.

2. Igualmente, apoiará a posta en marcha de empresas de base tecnolóxica e iniciativas innovadoras co fin de impulsar os avances científico-tecnolóxicos orientados á mellora da calidade de vida e o envellecemento activo, favorecendo a súa posta a disposición da cidadanía.

3. En concreto impulsarase o desenvolvemento da teleasistencia avanzada, como unha ferramenta que facilite a atención e o coidado das persoas maiores que vivan soas, especialmente das que teñan menos recursos e das que estean en situación de dependencia, establecendo unha rede dixital de acompañamento e seguridade no fogar, nas actividades da vida diaria e con especial atención á detección de casos de soidade non desexada, cun sistema tecnolóxico accesible e adaptado ás circunstancias específicas das persoas usuarias.





XUNTA DE GALICIA

Artigo 101. *Economía do envellecemento*

A Administración autonómica desenvolverá programas específicos de apoio ás actividades económicas dirixidas á satisfacción das necesidades e demandas das persoas maiores, garantindo a súa cobertura ao tempo que se aproveita a oportunidade e a potencialidade que aquelas supoñen para a economía galega.





XUNTA DE GALICIA

Artigo 102. *Cuarto ciclo*

A Administración autonómica, no exercicio das súas competencias en materia de maiores, colaborará co Sistema Universitario de Galicia no impulso e consolidación dos estudos de cuarto ciclo para as persoas maiores coa finalidade de que poidan actualizar os seus coñecementos e adquirir novas competencias que propicien a súa participación cidadá e o compromiso social co seu contorno.





XUNTA DE GALICIA

Artigo 103. *Posta en valor da experiencia*

A Administración autonómica levará a cabo programas específicos de voluntariado para que as persoas maiores poidan achegar os seus coñecementos e experiencias de vida e asesorar e acompañar á mocidade no inicio de actividades empresariais, especialmente das emprendedoras.





XUNTA DE GALICIA

Artigo 104. *Atención a domicilio e acompañamento para as persoas maiores e con limitacións funcionais ou de autonomía persoal*

1. As Administracións Públicas de Galicia colaborarán no desenvolvemento de servizos de proximidade de atención no domicilio para persoas maiores e/ou con limitacións funcionais ou de autonomía persoal coa finalidade de mellorar a súa calidade de vida e facilitar que permanezan no seu contorno habitual.

2. A Administración autonómica levará a cabo, en colaboración co Terceiro sector social, programas de voluntariado orientados ao acompañamento de persoas maiores autónomas nos seus propios fogares co obxectivo de fomentar o envellecemento activo.





XUNTA DE GALICIA

Artigo 105. *Prevención e atención da soidade non desexada*

A Administración autonómica aprobará, en colaboración coa Federación Galega de Municipios e Provincias, coas universidades e co Terceiro sector social, unha estratexia de prevención, atención e abordaxe integral da soidade non desexada.





XUNTA DE GALICIA

Artigo 106. *Reforzo das relacións interxeneracionais*

As Administracións Públicas de Galicia impulsarán a interacción e o intercambio entre persoas de diferentes xeracións, nomeadamente entre persoas mozas e maiores, para promover o entendemento e respecto entre elas, crear relacións de cooperación e apoio mutuo e favorecer a transmisión de coñecementos e das tradicións e da lingua e da cultura galegas.





XUNTA DE GALICIA

Disposición adicional primeira. *Incremento do investimento en políticas de familia*

A Administración autonómica, dentro do necesario respecto aos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, incrementará o investimento en políticas de familia durante os 5 anos seguintes á entrada en vigor desta lei un mínimo do 50% sobre o aumento porcentual do gasto non financeiro dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma.





XUNTA DE GALICIA

Disposición adicional segunda. *Estratexia de impulso demográfico*

A Comisión para o Impulso Demográfico elaborará, no prazo dun ano dende a entrada en vigor desta lei, unha estratexia conxunta para a ordenación e coordinación das políticas das Administracións públicas de Galicia en materia demográfica que se someterá a informe do Parlamento de Galicia con carácter previo á súa aprobación pola dita comisión.





XUNTA DE GALICIA

Disposición adicional terceira. *Plan de apoio ás familias monoparentais*

O Consello da Xunta de Galicia aprobará, no prazo dun ano dende a entrada en vigor desta lei, un plan de apoio ás familias monoparentais coa finalidade de mellorar a atención e a cobertura social das súas necesidades. Dentro deste plan promoverase, en colaboración coa Federación Galega de Municipios e Provincias, o desenvolvemento de medidas específicas por parte das administracións locais.





XUNTA DE GALICIA

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto nesta lei.





XUNTA DE GALICIA

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia*

Engádesse un artigo 41 coa seguinte redacción:

“Artigo 41. Comité de Ética dos Servizos Sociais de Galicia

1. Autorízase á Xunta de Galicia para a creación do Comité de Ética dos Servizos Sociais de Galicia, que se configurará como un órgano colexiado de carácter permanente interdisciplinar e independente, sen personalidade xurídica propia, consultivo, que ten como finalidade a análise e o asesoramento nos aspectos e conflitos éticos que se susciten na práctica diaria da intervención social. A creación efectiva deste órgano materializarase mediante decreto do Consello da Xunta de Galicia, que desenvolverá a regulación da súa composición, funcións e réxime de funcionamento
2. O Comité de Ética dos Servizos Sociais de Galicia adscribirase á consellería da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia con competencias en materia de servizos sociais.
3. Este comité exercerá as súas funcións asesoras con plena autonomía e sen dependencia funcional de ningún outro órgano.”





XUNTA DE GALICIA

Disposición derradeira segunda. *Modificación da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia*

Engádesse un número 9 ao artigo 42 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento de la Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, coa seguinte redacción:

“9. Todos os proxectos de decreto serán remitidos xunto cunha análise do seu impacto demográfico ao órgano de dirección competente en materia de dinamización demográfica para os efectos previstos no artigo 8 da Lei XX/XX, de impulso demográfico de Galicia.”





XUNTA DE GALICIA

Disposición derradeira terceira. *Modificación da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia*

A Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, queda modificada como segue:

Un. Engádense as letras g) e h) ao artigo 9 coa seguinte redacción:

- “g) As familias en situación de especial vulnerabilidade económica.
- h) As familias vítimas de violencia de xénero.”

Dous. Modifícase o artigo 13, que queda redactado como segue:

“1. Para os efectos desta lei, enténdese por familia monoparental o núcleo familiar composto por un único proxenitor ou proxenitora que non conviva con outra persoa coa que manteña unha relación análoga á conxugal e os fillos ou as fillas ao seu cargo, nos seguintes supostos:

- a) Os homes ou mulleres que afrontan a maternidade ou a paternidade en solitario.
- b) As familias formadas por un cónxuxe viúvo/a e os fillos e fillas.
- c) As familias formadas por un pai ou nai que queda a cargo das fillas e fillos sen que haxa custodia compartida.

2. Para os efectos previstos neste artigo, teñen a mesma consideración que o fillo ou a filla:

- a) As persoas unidas ao único proxenitor ou proxenitora por razón de tutela ou acollemento.
- b) O concibido ou a concibida, sempre que mediante a aplicación desta asimilación se obteña maior beneficio.

3. A Xunta de Galicia creará un Rexistro das Familias Monoparentais Galegas e determinará os requisitos e os medios de acreditación da dita condición.”

Tres. Engádense dúas novas seccións ao capítulo II do título I, coa seguinte redacción:

“Sección 6ª bis. Familias en situación de especial vulnerabilidade económica

Artigo 17 bis. *Concepto*

Para os efectos desta lei, considéranse familias en situación de especial vulnerabilidade económica aquelas que se atopan nunha probada situación





XUNTA DE GALICIA

de necesidade, como son as perceptoras da Renda de Inclusión Social de Galicia (RISGA), ou aquelas outras que perciben prestacións ou rendas do traballo que non superen o 125% dos límites equivalentes da RISGA que lles serían de aplicación segundo a composición da unidade de convivencia.

Sección 6ª ter. Familias vítimas de violencia de xénero

Artigo 17 ter. Concepto

Teñen a consideración de familias vítimas de violencia de xénero, para os efectos desta lei, aquelas nas que conviva algunha muller ou menor vítima de violencia de xénero. A situación de violencia de xénero acreditarase por calquera dos medios previstos no artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero. Para estes efectos teñen a consideración de vítima de violencia de xénero os fillos e fillas menores dunha muller vítima desta violencia, así como os e as menores suxeitos á súa tutela, garda ou custodia.”

Catro. Modifícase a letra f) do artigo 18 que queda redactada como segue:

“f) No ámbito económico, mediante o establecemento pola Xunta de Galicia de axudas ou beneficios fiscais na área das súas competencias.”

Cinco. Modifícase o número 4 do artigo 29 que queda redactado como segue:

“A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades instrumentais do sector público autonómico, cando utilicen unha pluralidade de criterios para a adxudicación dun contrato, incluírán entre eles, sempre que estea vinculado ao obxecto do contrato de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, un referido ás políticas empresariais en materia de conciliación da vida persoal, familiar e laboral e corresponsabilidade que se apliquen na execución do contrato, o cal será valorado segundo o previsto no artigo 55 da Lei XX/XX de impulso demográfico de Galicia.”





XUNTA DE GALICIA

Disposición derradeira cuarta. *Modificación da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público*

A Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público queda modificada como segue:

Un. Modifícase o artigo 25, que queda redactado como segue:

“Artigo 25. *Compra pública responsable*

O sector público autonómico deseñará e articulará a súa estratexia en materia de contratación pública tendo en conta os principios recollidos no artigo 16 da Lei XX/XX de impulso demográfico de Galicia.”

Dous. Engádesse un novo artigo 25 bis coa seguinte redacción:

“Artigo 25 bis. *Promoción da conciliación na contratación do sector público autonómico*

A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades instrumentais do sector público autonómico, cando utilicen unha pluralidade de criterios para a adxudicación dun contrato, incluírán entre eles, sempre que estea vinculado ao obxecto do contrato de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, un referido ás políticas empresariais en materia de conciliación da vida persoal, familiar e laboral e corresponsabilidade que se apliquen na execución do contrato, o cal será valorado segundo o previsto no artigo 55 da Lei XX/XX de impulso demográfico de Galicia.”

Tres. Engádesse un número 6 no artigo 35 bis, coa seguinte redacción:

“6. O sector público autonómico terá en conta a doutrina sentada polo Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia para a mellora da súa práctica contractual, en particular, no referido á incorporación nela de criterios sociais e medioambientais, nos termos previstos nesta lei e na Lei XX/XX de impulso demográfico de Galicia.”





XUNTA DE GALICIA

Disposición derradeira quinta. *Modificación do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, aprobado polo Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro*

O texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, aprobado polo Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, queda modificado como segue:

Un. Modifícase o número 4 do artigo 67, que queda redactado como segue:

“4. No sector público autonómico, nos supostos de utilización dunha pluralidade de criterios para a adxudicación dun contrato, valoraranse especificamente as medidas de conciliación da vida persoal, familiar e laboral recollidas no plan de igualdade nos termos previstos no artigo 55 da Lei xx/xx, do xx, de impulso demográfico de Galicia.”

Dous. Suprímese a letra c) do artigo 75.

Tres. Modifícase o artigo 92, que queda redactado como segue:

“1. O persoal ao servizo da Administración pública galega, nos termos que regulamentariamente se determinen, ten dereito á flexibilidade horaria da súa xornada de traballo por motivos de conciliación familiar cando se atope nalgunha das seguintes situacións:

- a) Ter fillos/as ou persoas acollidas menores de idade ou fillos/as maiores de idade incapacitados xudicialmente ao seu cargo.
- b) Convivir con familiares que, por enfermidade ou avanzada idade, necesiten de asistencia ou ter ao seu cargo persoas con discapacidade ata o primeiro grao de consanguinidade ou afinidade.
- c) Ser vítima de violencia de xénero as empregadas públicas.
- d) Atoparse en proceso de nulidade, separación ou divorcio, dende a interposición da demanda xudicial ou dende a solicitude de medidas provisionais previas ata transcorridos tres meses dende a citada demanda ou solicitude.

2. Entenderase por flexibilidade horaria a realización da xornada de traballo nun horario diario de referencia fixado en cada caso pola administración adaptado ás necesidades da persoa empregada pública. O horario diario de referencia fixarase salvagardando as necesidades do servizo e dentro do marco horario establecido pola administración con carácter xeral.”





XUNTA DE GALICIA

Disposición derradeira sexta. *Modificación da Lei 2/2015, do 29 do abril, de emprego público de Galicia*

Modifícase o número 4 do artigo 106 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, que queda redactado como segue:

“4. O persoal funcionario, nos termos que regulamentariamente se determinen, ten dereito á flexibilidade horaria da súa xornada de traballo por motivos de conciliación familiar cando se atope nalgunha das seguintes situacións:

- a) Ter fillos/as ou persoas acollidas menores de idade ou fillos/as maiores de idade incapacitados xudicialmente ao seu cargo.
- b) Convivir con familiares que, por enfermidade ou avanzada idade, necesiten de asistencia ou ter ao seu cargo persoas con discapacidade ata o primeiro grao de consanguinidade ou afinidade.
- c) Ser vítima de violencia de xénero as empregadas públicas.
- d) Atoparse en proceso de nulidade, separación ou divorcio, dende a interposición da demanda xudicial ou dende a solicitude de medidas provisionais previas ata transcorridos tres meses dende a citada demanda ou solicitude.

Entenderase por flexibilidade horaria a realización da xornada de traballo nun horario diario de referencia fixado en cada caso pola administración adaptado ás necesidades da persoa funcionaria. O horario diario de referencia fixarase salvagardando as necesidades do servizo e dentro do marco horario establecido pola administración con carácter xeral.”





XUNTA DE GALICIA

Disposición derradeira sétima. *Creación do Rexistro das Familias Monoparentais Galegas*

No prazo de seis meses dende a entrada en vigor desta lei darase cumprimento ao mandato de creación do Rexistro das Familias Monoparentais Galegas previsto na nova redacción dada ao número 3 do artigo 13 da Lei 3/2011, do 30 de xuño.





XUNTA DE GALICIA

Disposición derradeira oitava. *Desenvolvemento normativo*

O Consello da Xunta, no prazo máximo dun ano desde a publicación da presente lei, ditará as normas regulamentarias necesarias para o seu desenvolvemento.





XUNTA DE GALICIA

Disposición derradeira novena. *Entrada en vigor*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Alfonso Rueda Valenzuela
Vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo





XUNTA DE GALICIA
 VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
 ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
 Dirección Xeral de Relacións Institucionais
 e Parlamentarias

galicia

Ref: mv

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

29 SET. 2020

Núm.2625.....

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
 ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
 DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS

29 SET. 2020

S A I D A

Num.89.....

Para a súa tramitación polo Parlamento de Galicia achégolle o "**Proxecto de lei de Residuos e Solos Contaminados de Galicia**", aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día 24 de setembro de 2020.

Asemade achégase a certificación expedida polo secretario do Consello co visto e prace do Sr. Presidente da Xunta de Galicia, así como os documentos aos que se refire o artigo 111 do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

 Xacobeo 2021

NS ALVAREZ, BLANCA

0

CSV: BOPGDSPG9QHvWpHL7
 Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





ALFONSO RUEDA VALENZUELA, VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E
CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO, E
SECRETARIO DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA,

CERTIFICO:

Que o Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día vinte e catro de setembro de dous mil vinte, adoptou o seguinte Acordo:

“Aprobar o *Proxecto de lei de Residuos e Solos Contaminados de Galicia* e a súa remisión ao Parlamento de Galicia”.

E para que conste asino a presente, co visto e praxe do Sr. Presidente, en Santiago de Compostela, a vinte e catro de setembro de dous mil vinte.

Vº. e Praxe
O PRESIDENTE





**XUNTA
DE GALICIA**

PROXECTO DE LEI DE RESIDUOS E SOLOS CONTAMINADOS DE GALICIA

CSV: BOPGDSPG9QHwPHL7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

A Constitución española recoñece no seu artigo 45 o dereito de todos os españois a gozar dun medio ambiente adecuado para a persoa e establece o correlativo deber de conservalo. Así mesmo, en virtude do seu artigo 149.1.23ª, corresponde ao Estado, como competencia exclusiva, a lexislación básica sobre a protección do medio ambiente e ás comunidades autónomas a facultade de establecer normas adicionais de protección.

A Comunidade Autónoma de Galicia asumiu, a través do artigo 27.30 do seu Estatuto de autonomía, a competencia exclusiva para aprobar as normas adicionais sobre protección do medio ambiente e da paisaxe, en virtude da cal a nosa comunidade autónoma vén ditando disposicións con incidencia sobre a produción e a xestión de residuos. Tal foi o caso da aprobación da Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia, que constitúe a norma marco de referencia en materia ambiental, así como a aprobación con posterioridade, como disposición específica na materia que nos ocupa, da Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia. Esta última veu xustificada pola necesidade de completar o marco xurídico xa existente, regulando, de conformidade co disposto na normativa básica estatal, a produción e xestión de residuos no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

A aprobación da presente lei, que se fundamenta na referida competencia exclusiva para aprobar normas adicionais sobre protección do medio ambiente, responde á concorrencia de circunstancias similares ás que motivaron que se ditase a Lei 10/2008, do 3 de novembro, e pretende proporcionar á Comunidade Autónoma de Galicia un réxime xurídico completo e actualizado, de conformidade co marco normativo vixente, en materia de produción e xestión de residuos, así como de solos contaminados.

II

No tempo transcorrido desde a publicación da Lei 10/2008, do 3 de novembro, os cambios experimentados foron importantes, tanto desde o punto de vista cuantitativo como cualitativo, pola entrada en vigor de novas normas da Unión Europea e de lexislación básica estatal que regulan cuestións non recollidas na normativa autonómica galega e que inciden de maneira directa sobre ela, o que xustifica a necesidade de actualizar, modificar e completar o marco xurídico existente na nosa comunidade autónoma en materia de residuos.





Así, a Directiva 2008/98/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 19 de novembro de 2008, sobre os residuos e pola que se derrogan determinadas Directivas, estableceu o marco xurídico da Unión Europea para a xestión dos residuos, proporcionando os instrumentos que permiten disociar a relación existente entre crecemento económico e produción de residuos. En particular, a directiva fai fincapé na prevención, entendida como as medidas adoptadas antes de que una substancia, material ou produto se converta en residuo, para reducir a cantidade de residuo (mesmo mediante a reutilización dos produtos ou o alongamento da súa vida útil), os impactos adversos sobre o medio ambiente e a saúde humana da xeración de residuos ou o contido de substancias nocivas en materiais e produtos. Así mesmo, incorpora o concepto de xerarquía de residuos, que servirá de orde de prioridades na lexislación e a política sobre a prevención e a xestión dos residuos, comezando pola prevención e seguindo pola preparación para a reutilización, a reciclaxe e outro tipo de valorización (como, por exemplo, a valorización enerxética), e rematando pola eliminación. O fin é transformar a Unión Europea nunha «sociedade da reciclaxe».

Posteriormente, a Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados, traspuxo ao ordenamento estatal a Directiva 2008/98/CE. Esta lei, que en boa parte dos seus preceptos ten o carácter de lexislación básica de protección do medio ambiente, incorpora todas as novidades introducidas pola normativa da Unión Europea e, coa finalidade de simplificar as cargas administrativas sobre os operadores, substitúe parte das autorizacións existentes na lexislación anterior por comunicacións. Como consecuencia disto, refórzanse as potestades das administracións públicas para a inspección, a vixilancia e o control das actividades reguladas. Ademais, a lei regula de maneira máis sistematizada e coherente o marco normativo da denominada «responsabilidade ampliada do produtor do produto», en virtude da cal os suxeitos produtores de produtos que co seu uso xerarán residuos quedan involucrados na prevención e na organización da xestión dos residuos xerados, de acordo co principio de que quen contamina, paga.

Coa finalidade de dotar dunha mellor intelixibilidade á presente lei, reproducense algúns dos artigos da Lei 22/2011, do 28 de xullo. Isto permitirá que na lei galega queden perfectamente integrados aqueles preceptos da norma básica estatal que posibiliten que os destinatarios da norma poidan ter unha visión de conxunto da regulación aplicable.

O tempo transcorrido desde a aprobación da Lei 10/2008, do 3 de novembro, foi tamén un período de importantes desenvolvementos regulamentarios da lexislación básica estatal. Así, cabe mencionar o Real decreto 110/2015, do 20 de febreiro, sobre residuos de aparellos eléctricos e electrónicos; o Real decreto 710/2015, do 24 de xullo, polo que se modifica o Real decreto 106/2008, do 1 de febreiro, sobre pilas e acumuladores e a xestión





ambiental dos seus residuos; e o Real decreto 180/2015, do 13 de marzo, polo que se regula o traslado de residuos no interior do territorio do Estado.

En relación coa planificación na produción e xestión de residuos, a Comunidade Autónoma de Galicia ten levado a cabo o seu proceso planificador a través do Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia 2010-2020, que foi modificado no ano 2016 para adaptarse a novos obxectivos e para ampliar a súa vixencia ata o 2022, e no eido dos residuos industriais, mediante o Plan de xestión de residuos industriais de Galicia 2016-2022.

A todo iso hai que engadir a necesaria transición na que se atopa inmersa esta comunidade autónoma cara a unha auténtica economía circular, coa que se pretende, de acordo co plan de acción impulsado no ámbito da Unión Europea, que o valor dos produtos, os materiais e os recursos perduren na economía durante o maior tempo posible e que se reduza ao mínimo a xeración de residuos.

Neste sentido, a Unión Europea comezou en 2010 a transformación do modelo económico imperante ata entón. O VII Programa xeral de acción da Unión en materia de medio ambiente ata 2020 «Vivir ben, respectando os límites do noso planeta», adoptado pola Decisión nº 1386/2013/UE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de novembro de 2013, xa anunciaba a necesidade de fomentar a transición cara a unha economía verde, primando as medidas encamiñadas a desvincular por completo o crecemento económico da degradación do medio, para converter a Unión nunha economía hipocarbónica, eficiente no uso dos recursos, ecolóxica e competitiva.

En decembro de 2015 a Comisión Europea propuxo un paquete de medidas coas que se persegue transformar a economía lineal baseada no trinomio extraer-usar-e-tirar nunha economía circular na que, onde antes había residuos, agora existan recursos potenciais que poidan ser utilizados de novo no sistema de produción.

Ese paquete de medidas inclúe un bo número de propostas que terán un impacto importante nos máis diversos ámbitos, tanto o produtivo e o económico, como o social, ademais do puramente ambiental.

O Plan de acción para a economía circular [COM(2015) 614 final], deseñado pola Comisión Europea baixo o lema «pechar o círculo», inclúe toda unha serie de propostas legislativas sobre residuos para reducir os depósitos en vertedoiros e aumentar a preparación para a súa reutilización e reciclaxe, así como un anexo con 54 medidas de desenvolvemento nos ámbitos da produción, o consumo, a xestión de residuos, o mercado de materias primas secundarias e a reutilización da auga, determinadas áreas prioritarias (plásticos, residuos alimentarios, materias primas críticas, construción e demolición, e biomasa e bioproductos),





a innovación, a inversión e outras medidas horizontais, e o seguimento dos avances cara unha economía circular.

En materia de residuos e dentro dese paquete de medidas, a Unión Europea ten aprobado no ano 2018 varias directivas, cuxo prazo de transposición finaliza o 5 de xullo de 2020, que modifican a regulación na materia: Directiva (UE) 2018/849 do Parlamento Europeo e do Consello, do 30 de maio de 2018, pola que se modifican a Directiva 2000/53/CE relativa aos vehículos ao final da súa vida útil; Directiva 2006/66/CE relativa ás pilas e acumuladores e aos residuos de pilas e acumuladores e a Directiva 2012/19/UE sobre residuos de aparellos eléctricos e electrónicos; Directiva (UE) 2018/851 do Parlamento Europeo e do Consello, do 30 de maio de 2018, pola que se modifica a Directiva 2008/98/CE sobre os residuos; Directiva (UE) 2018/850 do Parlamento Europeo e do Consello, do 30 de maio de 2018, pola que se modifica a Directiva 1999/31/CE relativa ao vertido de residuos; e Directiva (UE) 2018/852 do Parlamento Europeo e do Consello, do 30 de maio de 2018, pola que se modifica a Directiva 94/62/CE relativa aos envases e residuos de envases.

A este respecto, a Directiva (UE) 2018/851, antes citada, aprobouse baixo a consideración de que a xestión de residuos na Unión Europea debe mellorarse e transformarse nunha xestión sustentable das materias con miras a protexer, preservar e mellorar a calidade do medio, así como a protexer a saúde humana, garantir a utilización prudente, eficiente e racional dos recursos naturais, promover os principios da economía circular, mellorar o uso da enerxía renovable, aumentar a eficiencia enerxética, reducir a dependencia da Unión dos recursos importados, crear novas oportunidades económicas e contribuír á competitividade a longo prazo.

Neste contexto, a Comisión chegou igualmente á conclusión, na Estratexia europea sobre o plástico prevista na súa Comunicación do 16 de xaneiro de 2018, titulada «Unha estratexia europea para o plástico nunha economía circular», de que debía abordarse o aumento constante da xeración de residuos plásticos e do abandono deses residuos plásticos no medio, en particular o medio mariño, para conseguir que o ciclo de vida dos plásticos sexa circular. O importante impacto negativo de determinados produtos de plástico no medio, a saúde e a economía esixían o establecemento dun marco xurídico específico que permitise reducir eficazmente eses efectos negativos. Así, se aprobou a Directiva (UE) 2019/904 do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de xuño de 2019, relativa á redución do impacto de determinados produtos de plástico no medio ambiente, tamén en período de transposición.

En definitiva, como salienta o propio Plan de acción para a economía circular, facer realidade a economía circular esixe un compromiso a todos os niveis, desde os Estados membros ás rexións e ás cidades, pasando polas empresas e a cidadanía.





Por iso, co obxectivo fundamental de facilitar e promover a transición cara a unha verdadeira economía circular, que é unha das finalidades esenciais da presente lei, e segundo as premisas impostas no ámbito da Unión Europea, o Consello da Xunta de Galicia aprobou, o 12 de decembro de 2019, a Estratexia galega de Economía Circular 2020-2030. Así, desenvolveuse o marco establecido pola Comisión, adaptándoo ás súas peculiaridades económicas, sociais, naturais, produtivas e enerxéticas, o que comportará non só beneficios ambientais asociados á correcta xestión dos residuos e á protección do solo, das augas, do aire e do clima, senón que proporcionará igualmente beneficios económicos e sociais asociados.

O presente texto normativo nace imbuído do devandito espírito de cambio, para que esta necesaria transición brinde a oportunidade de transformar a nosa economía; xerando novas vantaxes competitivas e sustentables para Galicia. A nosa comunidade autónoma desexa unha activa participación no proceso, incorporando a esta lei, como principios inspiradores, a economía circular e a loita contra o cambio climático.

Desde esta orientación, alcanza ademais condición de principio xeral informador da política de residuos o principio de xerarquía na prevención e xestión, onde a base da pirámide, e polo tanto, o maior esforzo das administracións públicas, debe corresponder á prevención do residuo e, por esta orde, á preparación para a súa reutilización, á súa reciclaxe e, de non ser posible, a outros tipos de valorización, minimizándose por completo a eliminación de residuos e, con maior énfase, a eliminación destes en vertedoiros.

III

A presente lei consta de 93 artigos, divididos en nove títulos.

O título preliminar estrutúrase en tres capítulos. No capítulo I, relativo ás disposicións xerais, regúlanse o obxecto, as finalidades e obxectivos e o ámbito de aplicación da lei, as definicións de conceptos empregados nela, a fin da condición de residuo e os subprodutos. Todo iso en liña coas previsións da Directiva 2008/98/CE e da política de residuos da Unión Europea ás que antes se aludiu.

O capítulo II aborda a distribución competencial entre a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades locais, establecendo a necesaria coordinación entre elas.

No capítulo III recóllense os principios da política de residuos, entre os que resalta o principio de xerarquía de residuos e o principio de que quen contamina, paga, de tanta transcendencia nesta materia.





O título I, titulado «Política de residuos. Instrumentos», establece a regulación dos plans de xestión e dos programas de prevención de residuos no ámbito autonómico, especificando os mecanismos de seguimento e control, así como do cumprimento dos seus obxectivos e os supostos para a súa revisión. Contéplanse tamén os programas locais de prevención e xestión de residuos, e establécense as medidas económicas e financeiras e mais a regulación da Sociedade Galega do Medio Ambiente.

O título II, «Da produción, posesión e xestión de residuos», consta de tres capítulos. No capítulo I, quedan establecidas as obrigas do suxeito produtor ou outro suxeito posuídor inicial do residuo, así como as obrigas que se asumen na xestión. Entre tales obrigas destaca a determinación dos supostos nos que resulta necesaria a constitución dun seguro ou dunha fianza que garanta a restitución do dano que o desenvolvemento da actividade poida causar no medio.

O capítulo II refírese ao traslado de residuos, sendo a súa principal finalidade a da clarificar o réxime xurídico daquel dentro do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, tendo en conta a previsión básica contida na disposición adicional segunda do Real decreto 180/2015, do 13 de marzo, polo que se regula o traslado de residuos no interior do territorio do Estado. Co mesmo fin de dotar dunha maior seguridade xurídica aos operadores, e para facilitar a aplicación da normativa sobre rastrexabilidade de residuos, derrógase o Decreto 59/2009, do 26 de febreiro, polo que se regula a rastrexabilidade de residuos.

O capítulo III regula o réxime de intervención administrativa de todas as actividades relacionadas coa produción e xestión de residuos, incluídas as levadas a cabo polos sistemas de responsabilidade ampliada do suxeito produtor, contemplando todas as actividades sometidas a autorización ou comunicación. Ademais, recóllense os supostos nos que será necesario solicitar informe aos organismos competentes, establecendo, segundo o caso, o carácter preceptivo e vinculante destes informes.

Ademais, por primeira vez nunha norma con rango de lei, faise referencia á existencia da plataforma electrónica que a Administración autonómica pon a disposición dos suxeitos produtores e xestores con instalacións no noso territorio para permitir e facilitar o cumprimento das súas obrigas na materia, tanto respecto dos movementos de residuos realizados dentro da comunidade autónoma como respecto dos movementos de residuos realizados entre comunidades autónomas, cuxo uso é obrigatorio.

O título III, sobre «Xestión de residuos domésticos, comerciais e industriais», desenvolve, entre outros aspectos, o réxime xurídico dos puntos limpos.





Establécese a necesidade de fomentar a creación de centros de recollida de residuos industriais e o fomento de medidas específicas de prevención da fracción orgánica dos residuos, así como da súa reciclaxe a través da implantación de sistemas de compostaxe doméstica e comunitaria, e medidas para a redución do desperdicio alimentario. Así mesmo, recóllense prohibicións sobre a entrega gratuíta de bolsas de plásticos e a venda de vaixela dun só uso.

O título IV regula a responsabilidade ampliada do suxeito produtor.

O título V prevé a declaración de utilidade pública e interese social no establecemento ou ampliación de instalacións de xestión de residuos, para efectos da lexislación sobre expropiación forzosa, a cal xa se recollía na anterior Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia.

O título VI regula os solos contaminados. O capítulo I introduce os principios da política de solos e clarifica algúns supostos específicos de non aplicación da normativa de solos, recolléndose as obrigas de información que con carácter xeral se establecen neste ámbito.

O capítulo II regula os instrumentos de avaliación de calidade do solo, establecidos na normativa sectorial.

O capítulo III regula a declaración de solos contaminados, os seus efectos e os suxeitos obrigados á recuperación daqueles, así como a posibilidade de reparación de maneira voluntaria.

O capítulo IV relaciona un conxunto de instrumentos de políticas de solos.

O título VII regula o marco xurídico de axudas económicas, así como as accións de promoción e difusión para alcanzar os obxectivos da lei.

O título VIII, «Vixilancia, inspección, control e potestade sancionadora», desenvólvese en tres capítulos. O capítulo I, titulado «Vixilancia, inspección, e control», detalla os órganos competentes para o exercicio de actividades de vixilancia e control e as súas potestades e funcións.

O capítulo II, «Responsabilidade e réxime sancionador», regula a potestade sancionadora, a responsabilidade administrativa e os suxeitos responsables, así como o réxime de infraccións e sancións, a reparación do dano e a indemnización e a posibilidade de impoñer multas coercitivas.

Por último, no capítulo III, sobre «Procedemento sancionador», régúlanse determinados aspectos do procedemento sancionador e os supostos de adopción de medidas provisionais.





A lei remata con tres disposicións adicionais, catro disposicións transitorias, unha derogatoria e dúas derradeiras.

As disposicións adicionais regulan a tramitación electrónica da totalidade dos procedementos administrativos previstos nesta lei, a recuperación de solos degradados por verteduras incontroladas e o sistema promovido pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia para a xestión institucional dos residuos domésticos.

Respecto da obriga de tramitación electrónica de todos os procedementos administrativos regulados por esta lei, debe sinalarse que, de conformidade co previsto na disposición adicional novena da Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados, e co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, se establece para as persoas físicas incluídas no ámbito de aplicación da presente lei a obriga de relacionarse cos órganos competentes a través de medios electrónicos, por quedar acreditado que, debido á súa capacidade técnica e dedicación profesional, teñen acceso e dispoñibilidade dos medios electrónicos necesarios.

As disposicións transitorias regulan o procedemento de traslados de residuos dentro do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, a adaptación ao réxime de responsabilidade ampliada do suxeito produtor, a adaptación ao novo réxime de fianzas e o réxime transitorio aplicable aos subprodutos na Comunidade Autónoma de Galicia.

Derróganse expresamente a Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia, o Decreto 59/2009, do 26 de febreiro, polo que se regula a rastrexabilidade dos residuos, e o Decreto 154/1998, do 28 de maio, polo que se publica o catálogo de residuos de Galicia, quedando igualmente derogadas todas aquelas disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ou contradigan ao establecido na presente lei.

Habilitase ao Consello da Xunta de Galicia, para que dite as disposicións necesarias para o desenvolvemento da presente lei, que entrará en vigor aos vinte días naturais da súa publicación.

IV

Desta maneira, danse por cumpridos os obxectivos propostos coa aprobación da presente lei, coa finalidade, por un lado, de dispoñer na nosa comunidade autónoma dunha normativa que, de conformidade co marco competencial xa exposto, concilie o réxime xurídico común ou básico coas peculiaridades que presenta, ou pode presentar, a xestión dos residuos no noso territorio; e por outro, de actualizar as disposicións anteriormente vixentes adaptándoas á lexislación básica, introducindo elementos novos e mantendo outros que se modifican parcial ou totalmente. Tamén se procura unha normativa máis





completa e tecnicamente máis acomodada para facer fronte ás necesidades existentes na nosa comunidade autónoma, acorde coa experiencia e os avances que esta materia experimentou nos últimos anos e que atenda á simplificación das cargas administrativas impostas aos administrados e á mellora do control e da xestión efectiva dos procedementos administrativos incluídos no ámbito de aplicación desta lei.

V

De conformidade con todo o exposto, coa aprobación desta lei dáse pleno cumprimento aos principios de necesidade, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia, accesibilidade, simplicidade e eficacia, que constitúen a base da calidade normativa, consonte o artigo 37.a) da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.

En canto ao principio de transparencia, no procedemento de elaboración desta lei promoveuse a participación pública da cidadanía en xeral e dos operadores económicos dos sectores afectados en particular. Así mesmo, durante a tramitación da lei obtívose o ditame preceptivo do Consello Económico e Social de Galicia, de conformidade co artigo 5 da Lei 6/1995, do 28 de xuño, polo que se crea o Consello Económico e Social de Galicia.

VI

Esta lei ten sido previamente notificada á Comisión Europea, en cumprimento do artigo 16 da Directiva 94/62/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de decembro de 1994, relativa aos envases e residuos de envases, e da Directiva (UE) 2015/1535 do Parlamento Europeo e do Consello, do 9 de setembro de 2015, pola que se establece un procedemento de información en materia de regulamentacións técnicas y de regras relativas aos servizos da sociedade de la información, así como do disposto no Real Decreto 1337/1999, do 31 de xullo, polo que se regula a remisión de información en materia de normas e regulamentacións técnicas e regulamentos relativos aos servizos da sociedade da información.

Así mesmo, ao abeiro da competencia exclusiva da Comunidade Autónoma de Galicia para aprobar normas adicionais sobre protección do medio ambiente e da paisaxe, a presente lei incorpora ao ordenamento xurídico autonómico algúns dos mandatos da Directiva 94/62/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 20 de decembro de 1994, relativa aos envases e residuos de envases, incluída a súa modificación pola Directiva (UE) 2018/852 do Parlamento Europeo e do Consello, do 30 de maio de 2018; da Directiva (UE) 2018/849 do Parlamento Europeo e do Consello, do 30 de maio de 2018, pola que se modifican a Directiva 2000/53/CE relativa aos vehículos ao final da súa vida útil, a Directiva 2006/66/CE





relativa ás pilas e acumuladores e aos residuos de pilas e acumuladores e a Directiva 2012/19/UE sobre residuos de aparellos eléctricos e electrónicos; da Directiva (UE) 2018/851 do Parlamento Europeo e do Consello, do 30 de maio de 2018, pola que se modifica a Directiva 2008/98/CE sobre os residuos; da Directiva (UE) 2018/850 do Parlamento Europeo e do Consello, do 30 de maio de 2018, pola que se modifica a Directiva 1999/31/CE relativa ao vertido de residuos; e da Directiva (UE) 2019/904 do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de xuño de 2019, relativa á redución do impacto de determinados produtos de plástico no medio ambiente.

CSV: BOPGDSPG9QHtWpHL7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





TÍTULO PRELIMINAR

Disposicións e principios xerais

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto*

1. Constitúe o obxecto desta lei a regulación da produción e xestión sustentable dos residuos, potenciando medidas que preveñan a súa produción e diminúan os impactos adversos sobre a saúde humana e o medio, vinculados á súa xeración e xestión, á vez que se fomenta o uso sustentable dos recursos e a transición cara a unha economía circular no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.
2. Ademais, é obxecto desta lei regular o réxime xurídico dos solos contaminados aplicable na Comunidade Autónoma de Galicia.





Artigo 2. Finalidades

Esta lei ten como finalidade fomentar:

- a) A progresiva transformación da sociedade galega nunha sociedade cuxo sistema produtivo estea baseado na economía circular, potenciando a utilización do residuo como recurso e o seu valor económico, e favorecendo a creación de emprego verde, entendido como aquel que reduce o impacto ambiental das empresas e sectores económicos ata alcanzar niveis sostibles.
- b) A loita contra o cambio climático, a través, principalmente, da aplicación do principio de coherencia da política de residuos coa estratexia contra o cambio climático e de supeditación daquela a esta.
- c) A estabilización e redución da produción de residuos en canto ao seu peso, volume, diversidade e perigosidade, co fin de disociar a produción de residuos do crecemento económico.





Artigo 3. *Obxectivos*

1. Para a consecución dos fins previstos no artigo anterior, establécense os seguintes obxectivos cuantitativos:

a) A redución progresiva do peso dos residuos producidos, ata alcanzar no ano 2020 un 10% de redución respecto dos xerados no ano 2010, tal como dispón o artigo 15.1 da Lei 22/2011, do 28 de xullo, e no ano 2025 un 15%.

b) O incremento progresivo, de conformidade coa Directiva 2008/98/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 19 de novembro de 2008, da cantidade de residuos municipais destinados á preparación para a reutilización e a reciclaxe para as seguintes fraccións: papel, metais, vidro, plástico, biorresiduos e outras susceptibles de ser preparadas para a reutilización. Estes deberán alcanzar, no seu conxunto, como mínimo o 50% en peso no ano 2020, correspondendo un 2% á preparación para a reutilización principalmente de residuos téxtiles, residuos de aparellos eléctricos e electrónicos e mobles, o 55% no ano 2025 e o 60% no ano 2030.

c) A eliminación en vertedoiro no ano 2035 dun máximo do 10% dos residuos domésticos xerados, tal como establece a Directiva (UE) 2018/850 do Parlamento Europeo e do Consello, do 30 de maio de 2018.

d) O incremento progresivo da cantidade de residuos non perigosos de construción e demolición destinados á preparación para a reutilización, a reciclaxe e outros tipos de valorización material, ata alcanzar antes do ano 2020 o 70% en peso dos residuos producidos, tal como establece o artigo 22.1.b) da Lei 22/2011, do 28 de xullo, e o 75% no ano 2025. Para o cómputo deste fluxo quedarán excluídos os materiais naturais escavados codificados co LER 17 05 04.

2. Así mesmo, se establecen como obxectivos cuantitativos aqueles fixados polas normas reguladoras de determinados fluxos de residuos e, en concreto, os seguintes:

a) Para os envases, a máis tardar o 31 de decembro de 2025 reciclarase un mínimo do 65% en peso de todos os residuos e a máis tardar o 31 de decembro de 2030, o 70%, de conformidade co artigo 6 da Directiva 94/62/CE do Parlamento e do Consello, do 20 de decembro de 1994, relativa aos envases e residuos de envases.

Ademais, a máis tardar o 31 de decembro de 2025 alcanzaranse os seguintes obxectivos mínimos en peso de reciclaxe dos materiais específicos que se indican seguidamente, contidos nos residuos de envases:





- 1º. O 50% de plástico.
- 2º. O 25% de madeira.
- 3º. O 70% de metais ferrosos.
- 4º. O 50% de aluminio.
- 5º. O 70% de vidro.
- 6º. O 75% de papel e cartón.

A máis tardar o 31 de decembro de 2030 os devanditos obxectivos serán:

- 1º. O 55% de plástico.
- 2º. O 30% de madeira.
- 3º. O 80% de metais ferrosos.
- 4º. O 60% de aluminio.
- 5º. O 75% de vidro.
- 6º. O 85% de papel e cartón.

b) Para os residuos de pilas e acumuladores, os obxectivos mínimos de recollida que se terán que alcanzar son os establecidos no Real decreto 106/2008, do 1 de febreiro, sobre pilas e acumuladores e a xestión ambiental dos seus residuos.

c) Para os residuos de aparellos eléctricos e electrónicos, os obxectivos mínimos de valorización que se terán que alcanzar son os establecidos no Real decreto 110/2015, do 20 de febreiro, sobre residuos de aparellos eléctricos e electrónicos.

d) Para os pneumáticos ao final da súa vida útil, alcanzarase no ano 2020, como mínimo, o obxectivo do 15% para a preparación para a reutilización (segundo uso e recauchutado), do 45% para reciclaxe, debendo ser a reciclaxe do aceiro do 100%, e un máximo do 40% de valorización enerxética, tal como establece o Plan estatal marco de residuos.

e) Respecto do aceite industrial usado, a súa recollida e xestión realizarase de conformidade coas mellores técnicas dispoñibles e será do 100% sobre o total xerado, garantíndose o seu sometemento aos tratamentos adecuados necesarios, de forma que se asegure a protección da saúde humana e do medio, en calquera dos usos a que se destine, tal como establece o Real decreto 679/2006, do 2 de xuño, polo que se regula a xestión dos aceites industriais usados.





f) Para os biorresiduos, os concellos deberán instaurar antes do 31 de decembro de 2023 a súa recollida separada no servizo de xestión dos residuos municipais que presten.

g) Para os residuos téxtiles e os residuos perigosos de orixe doméstica, os concellos deberán establecer, a máis tardar o 1 de xaneiro de 2025, a súa recollida separada, de conformidade coa Directiva 2008/98/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 19 de novembro de 2008.

3. Os obxectivos cuantitativos fixados neste artigo enténdese sen prexuízo de posteriores modificacións da normativa aplicable que os incrementen ou reduzan os prazos para o seu cumprimento.





Artigo 4. Liñas básicas da política de residuos da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia

Para a consecución dos obxectivos e finalidades sinalados nos artigos anteriores, a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia:

- a) Colaborará coas entidades locais na xestión daqueles residuos da competencia destas, con especial atención á implantación efectiva da recollida separada en orixe de novas fraccións, en especial dos biorresiduos para destinalos á compostaxe ou á dixestión anaerobia.
- b) Colaborará na posta en marcha de centros especializados na preparación para a reutilización de residuos, en especial dos residuos de aparellos eléctricos e electrónicos, téxtiles e mobles.
- c) Impulsará o establecemento de medidas de promoción de posta no mercado de produtos de segunda man e daqueles que fosen preparados para ser reempregados.
- d) Porá en marcha medidas de fomento do mercado da reciclaxe.
- e) Impulsará a economía colaborativa como medida de prevención na produción de residuos.
- f) Adoptará medidas de fomento da contratación pública ecolóxica, facendo especial fincapé nos aspectos da economía circular.





Artigo 5. *Ámbito de aplicación*

1. Esta lei resulta de aplicación a todo tipo de residuos que se orixinen ou xestionen no territorio da Comunidades Autónoma de Galicia, coas seguintes exclusións:

a) As emisións á atmosfera reguladas na normativa de calidade do aire e protección da atmosfera, así como o dióxido de carbono capturado e transportado con fins de almacenamento xeolóxico e efectivamente almacenado en formacións xeolóxicas de conformidade coa normativa sectorial de aplicación.

b) O almacenamento xeolóxico de dióxido de carbono realizado con fins de investigación, desenvolvemento ou experimentación de novos produtos e procesos, sempre que a capacidade prevista de almacenamento sexa inferior a 100 kilotoneladas.

c) Os solos non contaminados escavados e outros materiais naturais escavados durante as actividades de construción, cando se teña a certeza de que estes materiais se utilizarán con fins de construción no seu estado natural no lugar ou obra onde foron extraídos.

d) Os residuos radioactivos.

e) Os explosivos desclasificados.

f) As materias fecais non contempladas na alínea b) do número 2 deste artigo, a palla e os demais materiais naturais non perigosos, agrícolas ou silvícolas non perigosos, utilizados en explotacións agrícolas e gandeiras, na silvicultura ou na produción de enerxía a base desta biomasa, mediante procedementos ou métodos que non poñan en perigo a saúde humana ou danen o medio.

Inclúese nesta excepción o material fecal hixienizado resultado de procesos de dixestión anaerobia.

2. Esta lei non é de aplicación aos residuos que se citan a continuación, nos aspectos xa regulados por outra norma da Unión Europea ou nacional que incorpore normas daquela:

a) As augas residuais.

b) Os subprodutos animais cubertos polo Regulamento (CE) n.º 1069/2009 do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de outubro de 2009, polo que se establecen as normas sanitarias aplicables aos subprodutos animais e os produtos derivados non destinados ao consumo humano e polo que se derroga o Regulamento (CE) n.º 1774/2002.





Non se inclúen nesta excepción, e polo tanto regularanse por esta lei, os subprodutos animais e os seus produtos derivados cando se destinen á incineración, aos vertedoiros ou sexan utilizados nunha planta de biogás ou de compostaxe.

c) Os cadáveres de animais que morresen de forma diferente ao sacrificio, incluídos os que morresen co fin de erradicar epizootías, e que son eliminados de conformidade co Regulamento (CE) n.º 1069/2009 do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de outubro de 2009.

d) Os residuos resultantes da prospección, da extracción, do tratamento ou do almacenamento de recursos minerais, así como da explotación de canteiras cubertos polo Real Decreto 975/2009, do 12 de xuño, sobre xestión dos residuos de industrias extractivas e de protección e rehabilitación do espazo afectado por actividades mineiras.

e) As substancias que se destinen a ser utilizadas como materias primas para pensos, tal como se definen no artigo 3.2.g) do Regulamento (CE) n.º 767/2009 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de xullo de 2009, e que non sexan subprodutos animais nin os conteñan.

3. Sen prexuízo das obrigas impostas en virtude da normativa específica aplicable, exclúense do ámbito de aplicación desta lei os sedimentos recolocados no interior das augas superficiais para efectos de xestión das augas e das vías navegables, de prevención das inundacións ou de mitigación dos efectos das inundacións e das secas, ou de creación de novas superficies de terreo, se se demostra que devanditos sedimentos non son perigosos.

4. A regulación prevista nesta lei en materia de solos contaminados resultará de aplicación aos solos que teñan tal condición, dentro do necesario respecto ás competencias estatais.





Artigo 6. Definicións

Para os efectos desta lei resultarán de aplicación as definicións recollidas no artigo 3 da Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados, e, ademais, as seguintes:

- a) «Actividades potencialmente contaminantes do solo»: as definidas no artigo 53.
- b) «Árido reciclado»: material resultante da valorización final de residuos de construción e demolición que cumpra cos requisitos especificados na normativa sobre disposicións para a libre circulación de produtos de construción, aqueles que se especificuen na normativa sobre fin de condición de residuo e os esixibles segundo o uso a que se destine.
- c) «Bandexa alimentaria»: recipiente para alimentos segundo o establecido na parte B do Anexo da Directiva 2019/904/UE
- d) «Comercialización»: toda subministración dun produto para a súa distribución, consumo ou utilización no mercado no transcurso dunha actividade comercial, xa sexa previo pagamento ou a título gratuíto.
- e) «Compostaxe doméstica»: xestión dos propios residuos domésticos de carácter orgánico biodegradable producidos nos fogares, restaurantes, servizos de restauración colectiva ou establecementos de venda retalista e que se realiza individualmente para a utilización particular do compost resultante. A compostaxe doméstica considérase unha operación de prevención de residuos.
- f) «Compostaxe comunitaria»: xestión dos residuos domésticos de carácter orgánico biodegradable producidos nos fogares, restaurantes, servizos de restauración colectiva ou establecementos de venda retalista nunha instalación común creada para o efecto, co fin de obter un recurso para a súa aplicación como fertilizante ou substrato de cultivo.
- g) «Desperdicio alimentario»: produtos alimentarios que tivesen como destino a alimentación humana, non vendidos ou consumidos en todas as fases da cadea de produción, transformación, fabricación e subministración de alimentos, incluída a venda retalista e outros tipos de distribución de alimentos, en restaurantes e servizos alimentarios, así como nos fogares.
- h) «Dixestato»: produto resultante da dixestión anaerobia de residuos.
- i) «Pequeno produtor de residuos perigosos»: suxeito produtor de residuos perigosos que produce menos de 10 toneladas anuais de residuos perigosos.





j) «Planta fixa»: instalación que non cumpra cos requisitos sinalados na alínea seguinte para ser considerada planta móbil.

k) «Planta móbil»: instalación que se monta ou traslada para achegarse aos centros de produción do residuo ou ao seu lugar de aplicación, e que non ten carácter permanente por atoparse vinculada a un momento de produción puntual dun tipo de residuo ou a unha actividade de rexeneración ambiental, por un tempo non superior a un ano.

l) «Plástico»: material composto por un polímero, definido de acordo co establecido no artigo 3.5 do Regulamento (CE) n.º 1907/2006, do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de decembro de 2006, ao que poden terse engadido aditivos u outras substancias, e que pode funcionar como principal compoñente estrutural dos produtos finais. Para os efectos da prohibición de comercialización recollida no artigo 43.2, exceptúanse do concepto de plástico os polímeros naturais que non foran modificados quimicamente.

m) «Produtor de residuos perigosos»: suxeito produtor de residuos perigosos que produce 10 ou máis toneladas anuais de residuos perigosos.

n) «Proxecto de investigación, desenvolvemento e innovación»: aqueles proxectos que teñan por obxecto o estudo ou a experimentación de novas tecnoloxías ou procesos no campo do tratamento de residuos e que contén co correspondente informe técnico certificado por unha entidade acreditada por un organismo nacional de acreditación.

Para os efectos do establecido na presente lei, estes proxectos terán unha duración máxima dun ano, salvo conformidade do órgano de dirección competente en materia de residuos, logo de solicitude motivada do equipo investigador.

ñ) «Punto limpo»: instalación autorizada de recollida separada e almacenamento temporal de residuos de competencia municipal que, polo seu gran volume ou perigo, deben ser depositados en instalacións específicas.

o) «Punto limpo móbil»: instalación móbil de recollida separada e almacenamento temporal de residuos de competencia municipal que, polo seu gran volume ou perigo, deben ser depositados en instalacións específicas.

p) «Recheo»: operación de valorización, sempre que así se declare polo órgano de dirección competente en materia residuos, na que se utilizan residuos non perigosos aptos para os fins de rexeneración en zonas escavadas ou para obras de enxeñería paisaxística. Os residuos empregados para recheo deben substituír a materiais que non sexan residuos, ser aptos para os fins mencionados anteriormente e estar limitados á cantidade estritamente necesaria para lograr os ditos fins.





- q) «Residuos alimentarios»: todos os alimentos, tal como se definen no artigo 2 do Regulamento (CE) nº 178/2002 do Parlamento Europeo e do Consello, do 28 de xaneiro de 2002 polo que se establecen os principios e os requisitos xerais da lexislación alimentaria, se crea a Autoridade Europea de Seguridade Alimentaria e se fixan os procedementos relativos á seguridade alimentaria, que se converteron en residuos.
- r) «Residuo inerte»: aquel que cumpre cos criterios de admisión nos vertedoiros para residuos inertes establecidos na Orde AAA/661/2013, do 18 de abril, que modificou os anexos I, II e III do Real decreto 1481/2001, do 27 de decembro, polo que se regula a eliminación de residuos mediante depósito en vertedoiro.
- s) «Réxime de responsabilidade ampliada do suxeito produtor»: o conxunto de medidas para garantir que os suxeitos produtores de produtos asuman a responsabilidade financeira ou financeira e organizativa da xestión da fase de residuo do ciclo de vida dun produto.
- t) «Solo alterado»: solo, sen a consideración de solo contaminado, cuxas características foron alteradas negativamente pola presenza de compoñentes químicos de carácter perigoso procedentes da actividade humana, en concentración tal que superan os niveis xenéricos de referencia establecidos pola normativa vixente ou 50 mg/kg de hidrocarburos totais de petróleo.
- u) «Tratamento intermedio»: as operacións de tratamento realizadas sobre o residuo que precisen un tratamento posterior.
- v) «Tratamento final»: todas as operacións de tratamento de residuos non incluídas na alínea anterior.
- w) «Vaixela de plástico dun só uso»: os pratos, garfos, coitelos, culleres, pallas e escarvantes fabricados total ou parcialmente con plástico e que non foron concibidos, deseñados ou introducidos no mercado para completar, dentro do seu período de vida, múltiples circuitos ou rotacións mediante a súa devolución a un produtor para ser reutilizado co mesmo fin para o que foron concibidos.
- x) «Valorización final»: operacións de preparación para a reutilización e reciclaxe de residuos polas cales os residuos son transformados de novo en produtos, materiais ou substancias, incluída a valorización enerxética.
- y) «Valorización de materiais»: toda operación de valorización distinta á valorización enerxética e da transformación en materiais que vaian ser utilizados como combustible ou outros medios de xerar enerxía, incluíndo entre outras operacións, a preparación para a reutilización, a reciclaxe e o recheo.





Artigo 7. Fin da condición de residuo

1. De conformidade co sinalado na normativa básica estatal, os residuos que, logo de someterse a unha operación de valorización, cumpran os criterios específicos establecidos por orde do ministerio competente, poderán deixar de ser considerados como tales sempre que se cumpran as condicións previstas na devandita normativa básica estatal.

Así mesmo, deixarán de ser considerados residuos aqueles que cumpran cos criterios establecidos na normativa da Unión Europea.

2. De acordo co artigo 5.3 da Lei 22/2011, do 28 de xullo, as substancias ou obxectos afectados polo disposto no devandito precepto e as súas normas de desenvolvemento serán computados como residuos reciclados e valorizados para os efectos do cumprimento dos obxectivos en materia de reciclado e valorización cando se cumpran os criterios de valorización e reciclado previstos naquelas.

3. Nas memorias anuais que os xestores deben presentar de conformidade co sinalado no artigo 28, achegarse a información que respecto dos produtos resultantes das operacións de valorización a que se refire este artigo se determine polo órgano de dirección competente en materia de residuos.





Artigo 8. *Subprodutos*

1. A substancia ou obxecto resultante dun proceso de produción cuxa finalidade primaria non sexa a produción desa substancia ou obxecto será considerado subproduto e non residuo, se cumpre cos requisitos establecidos pola normativa correspondente do ministerio competente, de conformidade co sinalado na normativa básica estatal.
2. As competencias que as correspondentes ordes ministeriais atribúan ás comunidades autónomas en relación coas persoas produtoras e usuarias de subprodutos serán exercidas, no ámbito competencial da Comunidade Autónoma de Galicia, polo órgano da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia competente en materia de residuos.
3. As persoas produtoras e as usuarias de subprodutos na Comunidade Autónoma de Galicia deberán levar un rexistro cronolóxico das cantidades xestionadas ou utilizadas como subproduto e dos restantes extremos que, de ser o caso, prevexan as correspondentes ordes ministeriais. Este rexistro deberá manterse e estar a disposición da administración durante un período mínimo de cinco anos ou aquel período mínimo superior que poida preverse na correspondente orde ministerial.





CAPÍTULO II

Organización e competencias

Artigo 9. Competencias das entidades locais

1. As entidades locais son competentes para a xestión dos residuos nos termos sinalados na normativa básica estatal e na presente lei.

2. En particular, corresponde aos concellos:

a) Como servizo obrigatorio, a recollida, o transporte e o tratamento dos residuos domésticos xerados nos fogares, comercios e servizos na forma en que establezan as súas respectivas ordenanzas, no marco xurídico do establecido na normativa básica estatal en materia de residuos, na presente lei, na normativa sectorial en materia de responsabilidade ampliada do produtor e no Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia. A prestación deste servizo poderase levar a cabo de forma independente ou asociada.

b) O establecemento das medidas adecuadas para evitar o abandono ou vertedura de residuos domésticos.

c) O exercicio da potestade de vixilancia e inspección e da potestade sancionadora no ámbito das súas competencias.

3. As entidades locais poderán:

a) Elaborar programas de xestión dos residuos da súa competencia, de acordo co establecido na presente lei e de conformidade e en coordinación co plan nacional marco e cos plans de xestión de residuos que aprobe a Administración autonómica.

b) Elaborar programas de prevención dos residuos da súa competencia de acordo co establecido na presente lei e nos programas de prevención de residuos aprobados pola Administración autonómica.

c) Xestionar os residuos comerciais non perigosos e os residuos domésticos xerados nas industrias nos termos que establezan as súas respectivas ordenanzas, sen prexuízo de que os suxeitos produtores destes residuos poidan xestionalos por si mesmos. Cando a entidade local estableza o seu propio sistema de xestión poderá impoñer, de maneira motivada e baseándose en criterios de maior eficiencia e eficacia na xestión dos residuos, a incorporación obrigatoria dos suxeitos produtores de residuos ao devandito sistema en determinados supostos.





- d) A través das súas ordenanzas, obrigar ao suxeito produtor ou a outro suxeito posuidor de residuos perigosos domésticos ou de residuos cuxas características dificulten a súa xestión a que adopten medidas para eliminar ou reducir as devanditas características, ou a que os depositen na forma e lugar adecuados.
- e) Implantar sistemas de recollida separada de novas fraccións de residuos domésticos, de conformidade coa planificación establecida por parte da Administración autonómica.
- f) Realizar as súas actividades de xestión de residuos directamente ou mediante calquera outra forma de xestión prevista na lexislación sobre réxime local. Estas actividades poderanse levar a cabo por cada entidade local de forma independente ou mediante asociación de varias entidades locais.
- g) Declarar como servizo público de titularidade municipal todas ou algunhas das operacións de xestión de determinados tipos de residuos, no seu ámbito competencial, cando estea motivadamente xustificado por razóns de adecuada protección da saúde humana e do medio.





Artigo 10. *Competencias da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia*

Son competencias da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia:

- a) A elaboración dos plans autonómicos de xestión de residuos e dos programas autonómicos de prevención de residuos.
- b) A autorización e rexistro das actividades de produción e xestión de residuos de conformidade co establecido nesta lei.
- c) Asegurar o cumprimento das obrigas impostas aos suxeitos produtores dentro do marco da responsabilidade ampliada do produtor, tanto de forma individual como colectiva.
- d) O rexistro da información en materia de produción e xestión de residuos no seu ámbito competencial e en materia de solos contaminados, incluído o Rexistro de produtores e xestores de residuos de Galicia e o Rexistro da calidade de solos de Galicia.
- e) A autorización, de ser o caso, do traslado desde ou cara a países da Unión Europea, ou nos casos estipulados no exercicio das competencias autonómicas en materia de traslados no interior do territorio do Estado, conforme á normativa aplicable aos devanditos traslados.
- f) A tramitación dos procedementos en materia de solos contaminados, así como a declaración de solos contaminados.
- g) A declaración como servizo público, de titularidade autonómica ou municipal, de todas ou algunhas das operacións de xestión de determinados tipos de residuos, cando estea motivadamente xustificado por razóns de adecuada protección da saúde humana e do medio.
- h) O exercicio da potestade de vixilancia e inspección e da potestade sancionadora no ámbito das súas competencias.
- i) Calquera outra competencia en materia de residuos que non fose expresamente atribuída á Administración estatal ou ás entidades locais.





Artigo 11. *Coordinación, colaboración e cooperación interadministrativas*

1. Coa finalidade de realizar as accións necesarias para a consecución dos obxectivos establecidos nesta lei e na planificación en materia de residuos, promoverase a coordinación entre as Administracións autonómica e local, así como a colaboración e cooperación coa estatal, no que ao seu réxime competencial se refire.

2. Coa fin de asegurar a coherencia da actuación das administracións públicas de Galicia, a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia utilizará os procedementos previstos na normativa de réxime local. Coa mesma finalidade, e de conformidade co disposto na normativa básica estatal en materia de réxime local e nos artigos 205 e seguintes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, o Consello da Xunta terá a facultade de coordinar a actuación das entidades locais e, en especial, das deputacións provinciais, cando as actividades ou os servizos locais necesarios para a consecución dos obxectivos previstos nesta lei transcendan o interese propio das correspondentes entidades locais, incidan ou condicionen de forma relevante os da Administración autonómica ou sexan concorrentes ou complementarios dos desta.

3. A potestade de coordinación á que se refire o número anterior exercerase a través dos programas de prevención e xestión de residuos aprobados pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, que fixarán os obxectivos e prioridades da acción pública en materia de residuos e a vinculación das entidades locais ao seu contido, nos termos previstos na lexislación básica e nesta lei.





CAPÍTULO III

Principios da política de residuos

Artigo 12. Protección da saúde humana e do medio

1. As autoridades competentes adoptarán as medidas necesarias para asegurar que a xestión dos residuos se realice sen poñer en perigo a saúde humana e sen danar o medio e, en particular:

a) Non xerarán riscos para a auga, o aire ou o solo, nin para a fauna e a flora.

b) Non causarán incomodidades polo ruído ou os cheiros.

c) Non atentarán adversamente a paisaxes nin a lugares de especial interese legalmente protexidos.

2. As medidas que se adopten en materia de residuos serán coherentes coas estratexias de loita contra o cambio climático.





Artigo 13. Xerarquía de residuos

1. A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, no desenvolvemento das políticas e da lexislación en materia de prevención e xestión de residuos, aplicará para conseguir o mellor resultado ambiental global a xerarquía de residuos pola seguinte orde de prioridade:

- a) Prevención,
- b) Preparación para a reutilización.
- c) Reciclaxe.
- d) Outro tipo de valorización, incluída a valorización enerxética.
- e) Eliminación.

2. Con todo, se para conseguir o mellor resultado ambiental global en determinados fluxos de residuos fose necesario apartarse da devandita xerarquía, poderase adoptar unha orde distinta de prioridades, previa xustificación por un enfoque de ciclo de vida sobre os impactos da xeración e xestión deses residuos, tendo en conta os principios xerais de precaución e sustentabilidade no ámbito da protección ambiental, viabilidade técnica e económica, protección dos recursos, así como o conxunto de impactos ambientais sobre a saúde humana, económicos e sociais.

3. Só se poderán eliminar residuos tratados previamente e que non sexan susceptibles de valorización segundo as mellores técnicas dispoñibles. Así, só poderán ser obxecto de eliminación os rexeitamentos procedentes das plantas de tratamento de residuos, entendidos estes como os producidos polo tratamento de xestión non susceptibles de valorización posterior.

Esta disposición non é aplicable aos residuos cuxo tratamento é tecnicamente inviable ou nos que quede xustificado por razóns de protección da saúde humana ou do medio.

4. Queda prohibido eliminar en vertedoiro residuos recollidos separadamente.





Artigo 14. *Principio de prevención e medidas de prevención*

Será esixible a adopción de medidas de prevención como resposta a un suceso, a un acto ou a unha omisión que supoña unha ameaza inminente de dano medioambiental, co obxecto de impedir a súa produción ou de reducir ao máximo o devandito dano.





Artigo 15. Acceso á información e participación en materia de residuos

1. As Administracións públicas galegas garantirán os dereitos de acceso á información e de participación en materia de residuos nos termos previstos na lexislación sobre dereitos de acceso á información, participación pública e de acceso á xustiza en materia de medio ambiente, e na lexislación sobre transparencia.

2. As administracións públicas, as persoas interesadas, e o público en xeral terán a oportunidade de participar na elaboración dos plans e programas de prevención e xestión de residuos que aproben as Administracións públicas galegas, así como na avaliación dos seus efectos no medio.





Artigo 16. Custos da xestión dos residuos

1. De acordo co principio de que quen contamina, paga, os custos relativos á xestión dos residuos terán que correr a cargo do suxeito produtor inicial de residuos, do suxeito posuidor actual ou do anterior suxeito posuidor de residuos, de acordo co establecido na normativa básica estatal.
2. As normas que regulen a responsabilidade ampliada do suxeito produtor para fluxos de residuos determinados establecerán os supostos en que os custos relativos á súa xestión terán que ser sufragados, parcial ou totalmente, polo suxeito produtor do produto do que proceden os residuos e cando os suxeitos distribuidores do produto poderán compartir os devanditos custos.
3. Na determinación dos custos de xestión dos residuos domésticos e dos residuos comerciais xestionados polas entidades locais, deberá incluírse o custo real das operacións de recollida, transporte e tratamento dos residuos, incluída a vixilancia destas operacións, e o mantemento posterior ao peche dos vertedoiros.





Artigo 17. Información, formación e concienciación cidadás

1. A consellería competente en materia de residuos elaborará e desenvolverá campañas de información, formación e concienciación cidadás, que terán como obxectivos prioritarios:

- a) Promover o cambio do modelo produtivo lineal cara a un modelo produtivo acorde cos principios básicos da economía circular.
- b) Fomentar o emprego verde a través dunha adecuada política de residuos.
- c) Reducir o desperdicio alimentario na produción primaria, na transformación e a fabricación, na venda comerciante retalista e noutros tipos de distribución de alimentos, en restaurantes e servizos alimentarios, así como nos fogares.
- d) Informar do impacto ambiental do consumo e dos beneficios dun consumo responsable.
- e) Promover a participación activa da cidadanía na progresiva implantación da recollida separada, así como o uso dos puntos limpos.
- f) Fomentar a diminución do uso de envases e embalaxes de produtos de difícil reutilización ou reciclaxe, prestando especial atención ao ecodeseño.
- g) Evitar a degradación do patrimonio natural por efecto dunha inadecuada xestión de residuos.
- h) Informar sobre as consecuencias nocivas para a saúde e o medio derivadas do uso incorrecto de produtos que xeran residuos especiais, así como do aumento da xeración de residuos.
- i) Promover medidas de formación en materia de residuos, especialmente dirixidas á poboación escolar.

2. Para o desenvolvemento destes obxectivos, a consellería competente en materia de residuos asinará, de ser o caso, convenios de colaboración cos sistemas colectivos de responsabilidade ampliada do suxeito produtor ou con asociacións ou entidades públicas ou privadas.





TÍTULO I

Instrumentos da política de residuos

CAPÍTULO I

Planificación

Artigo 18. *Da planificación autonómica*

1. Corresponde á Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia a elaboración e aprobación dos plans de xestión e programas de prevención de residuos autonómicos, de conformidade co previsto na normativa básica estatal, a presente lei e as súas normas de desenvolvemento.

Os plans de xestión e programas de prevención de residuos autonómicos someteranse ao establecido na normativa sobre avaliación ambiental.

2. Na elaboración da planificación valoraranse aquelas medidas que incidan de forma significativa na redución das emisións de gases de efecto invernadoiro.

3. Os plans de xestión conterán polo menos as seguintes determinacións:

a) Ámbito material, territorial e temporal, así como o procedemento para a súa revisión.

b) Análise e diagnose da situación da xestión de residuos existente no ámbito territorial da comunidade autónoma e estimación dos residuos obxecto do plan: cantidade, tipoloxía e orixe, así como operacións de xestión ás que se someten. Analizarase o tipo, cantidade e fonte dos residuos xerados dentro do territorio da comunidade autónoma, os que se preveza que se van transportar desde e cara a outros Estados membros, e cando sexa posible desde e cara a outras comunidades autónomas, e realizarase unha avaliación da evolución futura dos fluxos de residuos.

c) Sistemas existentes de recollida de residuos e principais instalacións de xestión, incluída calquera medida especial para aceites usados, residuos perigosos ou fluxos de residuos obxecto de lexislación específica.

d) Avaliación da necesidade de novos sistemas de recollida, peche das instalacións existentes de residuos, instalacións adicionais de tratamento de residuos, de conformidade co principio de proximidade e xerarquía, e os investimentos correspondentes.

e) Principios que deben rexer a prevención e a xestión dos residuos afectados polo plan.

f) Obxectivos específicos de prevención, preparación para a reutilización, reciclaxe e outras formas de valorización, así como de eliminación dos residuos, e as medidas que se deberán





adoptar para a consecución destes obxectivos e dos establecidos na Lei 22/2011, do 28 de xullo, na demais normativa en materia de residuos, noutras normas ambientais e nesta lei.

- g) Plan de infraestruturas necesarias para a consecución dos obxectivos previstos.
- h) Información sobre os criterios de localización para a identificación do emprazamento e sobre a capacidade das futuras instalacións de xestión (preparación para a reutilización, valorización e eliminación).
- i) Políticas de xestión de residuos, incluídas as tecnoloxías e os métodos de xestión de residuos previstos, e a identificación dos residuos que presenten problemas de xestión específicos.
- j) Estimación dos custos de execución do plan.
- k) Programación temporal das actuacións previstas para a execución do plan.
- l) Aspectos organizativos relacionados coa xestión de residuos, incluída unha descrición da repartición de responsabilidades entre os operadores públicos e privados que se ocupan da xestión de residuos.
- m) Campañas de sensibilización e información dirixidas ao público en xeral ou a un grupo concreto de persoas consumidoras.
- n) Lugares historicamente contaminados por eliminación de residuos e medidas para a súa rehabilitación.

4. O programa autonómico de prevención de residuos deberá ter, como mínimo, o seguinte contido:

- a) Obxectivos de prevención, de redución da cantidade de residuos xerados e de redución da cantidade de substancias perigosas ou contaminantes.
- b) Descrición das medidas de prevención existentes e avaliación da utilidade das medidas que se deberán implantar para acadar os obxectivos establecidos.

A finalidade dos devanditos obxectivos e medidas será rachar o vínculo entre o crecemento económico e os impactos sobre a saúde humana e o medio asociados á xeración de residuos.

5. Os programas de prevención de residuos poderán aprobarse de forma independente ou integrarse nos plans de xestión de residuos ou noutros ambientais. Cando os programas de prevención se integren noutros plans, as medidas de prevención e o seu calendario de aplicación deberán distinguirse claramente.





Artigo 19. *Efectos da planificación autonómica*

1. Os plans e programas da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de residuos poderán ser aprobados a través dos instrumentos de ordenación do territorio previstos na lexislación de aplicación e cos efectos nela indicados.
2. Os instrumentos de planeamento urbanístico haberán de adaptarse ás determinacións dos plans e programas da Administración xeral da Comunidade Autónoma consonte co previsto na lexislación de ordenación do territorio que resulte de aplicación.
3. Dentro do necesario respecto ás competencias estatais, os plans e programas en materia de residuos serán de obrigado cumprimento para as Administracións públicas e os suxeitos privados, nos termos previstos no correspondente plan ou programa.





Artigo 20. Duración de plans e programas autonómicos

Os plans e programas en materia de residuos terán a duración que se estipule no propio instrumento planificador, prorrogándose automaticamente en tanto non se aproben novos plans ou programas que os substitúan.

CSV: BOPGDSPG9QHtYwPHL7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Artigo 21. Revisión e avaliación de plans e programas autonómicos

Os plans e programas revisaranse e avaliaranse:

- a) Nos prazos previstos neles e, como mínimo, cada seis anos.
- b) En calquera caso, cando concorran circunstancias que o fagan necesario e, especialmente, para adaptar o seu contido ás esixencias que se deriven das modificacións que se produzan na normativa da Unión Europea, básica estatal e da comunidade autónoma.





Artigo 22. Programas locais de prevención e xestión de residuos

1. As entidades locais poderán elaborar no marco das súas competencias programas de xestión e de prevención de residuos, de conformidade e en coordinación coa planificación estatal e autonómica na materia.
2. O contido dos devanditos programas axustarase ao contido mínimo esixido, segundo o caso, para os plans autonómicos de xestión de residuos e para os programas autonómicos de prevención de residuos.
3. As entidades locais poden elaborar os programas previstos neste artigo individualmente ou agrupadas se así o acordan os seus órganos de goberno. En calquera caso, terán sempre en conta as peculiaridades propias do seu alcance territorial conforme á normativa en vigor e conforme aos plans e programas autonómicos.
4. Os programas regulados neste artigo terán a duración que establezan e avaliaranse e revisaranse, polo menos, cada seis anos.
5. A aprobación definitiva dos programas locais corresponderá ao órgano municipal ou supramunicipal correspondente, logo de informe favorable da consellería competente en materia de residuos, que deberá pronunciarse sobre os aspectos con incidencia nas competencias autonómicas e deberá emitirse no prazo máximo dun mes. Transcorrido o devandito prazo sen emitirse o informe, entenderase que este é favorable.
6. As Administracións competentes, co fin de controlar e avaliar os avances na aplicación das medidas de prevención, determinarán os instrumentos que permitan realizar avaliacións periódicas dos progresos realizados e poderán fixar obxectivos e indicadores cualitativos e cuantitativos concretos.





Artigo 23. Participación das entidades locais nas políticas de prevención e xestión de residuos

A consellería competente en materia de residuos impulsará a participación das entidades locais no deseño das políticas de prevención e xestión de residuos e, en particular, na elaboración dos instrumentos de planificación en materia de residuos.





CAPÍTULO II

Medidas económicas, financeiras e fiscais

Artigo 24. Recursos económicos

1. A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia poderá establecer medidas económicas, financeiras e fiscais en materia de residuos cos seguintes fines:

- a) Fomentar a prevención da xeración de residuos.
- b) Implantar a recollida separada.
- c) Mellorar a xestión dos residuos de acordo co principio de xerarquía.
- d) Impulsar e fortalecer os mercados da reciclaxe.
- e) Favorecer que o sector dos residuos contribúa á mitigación das emisións de gases de efecto invernadoiro.

2. A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia promoverá a contratación e a compra pública sustentable e innovadora, no marco da economía social e verde, circular e hipocarbónica.





CAPÍTULO III

A Sociedade Galega do Medio Ambiente

Artigo 25. A Sociedade Galega do Medio Ambiente

1. A Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A., cuxa creación foi acordada polo Decreto 111/1992, do 11 de abril, é unha sociedade pública autonómica dependente da consellería competente en materia de residuos, á que corresponden as seguintes funcións:

a) A xestión dos residuos domésticos a partir do momento en que son depositados nas estacións de transferencia, coas consecuentes operacións de transporte, almacenamento, valorización, tratamento, comercialización e depósito controlado de residuos.

b) A xestión daqueles outros residuos que figuren no seu obxecto social.

c) A realización de accións para a mellora da xestión e prevención de residuos, incluídas as actuacións de formación e sensibilización.

d) Calquera outras que lle sexan atribuídas e que teñan relación co seu obxecto social.

2. A xestión da Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A., realizarase de tal forma que se garanta o cumprimento dos obxectivos contemplados nesta lei e na planificación autonómica na materia de residuos.

3. Para o cumprimento dos seus fins, a Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A., poderá desenvolver as súas actividades total ou parcialmente mediante a titularidade de accións ou de participacións en sociedades con obxecto idéntico ou análogo.





TÍTULO II

Da produción, posesión e xestión de residuos

CAPÍTULO I

Obrigas dos suxeitos produtores, posuidores iniciais e xestores de residuos

Artigo 26. Obrigas do suxeito produtor ou outro suxeito posuidor inicial relativas á xestión de residuos

1. Os suxeitos produtores de residuos perigosos con instalacións no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia están obrigados a subscribir unha garantía financeira que cubra as responsabilidades a que puidesen dar lugar as súas actividades, atendendo ás características destas, perigo e potencial risco, segundo se estableza regulamentariamente. En todo caso, quedan exentos desta obriga aqueles suxeitos que produzan menos de 10 toneladas anuais de residuos perigosos.

2. Os suxeitos produtores de residuos perigosos, os suxeitos produtores de residuos non perigosos que produzan máis de 1.000 toneladas anuais e aqueles suxeitos pequenos produtores de residuos perigosos que se determinen regulamentariamente, cando produzan residuos en instalacións situadas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, están obrigados a levar o arquivo cronolóxico de xeito telemático a través da plataforma habilitada para ese efecto pola consellería competente en materia de residuos.

Os suxeitos pequenos produtores de residuos que, non estando obrigados, non leven o arquivo cronolóxico de xeito telemático deberán dispor dun arquivo físico na instalación á que estea asociada a correspondente inscrición no Rexistro de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, ao dispor das autoridades competentes, durante un prazo de cinco anos.

3. Os suxeitos produtores ou outros suxeitos posuidores iniciais de residuos deberán facilitar á Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia a información que esta lles requira en relación coa natureza, características e composición dos residuos que posúan, así como calquera outra información relacionada co adecuado cumprimento das súas obrigas.

Así mesmo, deberán informar inmediatamente á consellería competente en materia de residuos en caso de accidente, desaparición, perda ou derrame de residuos.





4. Os suxeitos produtores ou outros suxeitos posuidores iniciais de residuos comerciais non perigosos e os suxeitos produtores de residuos domésticos xerados nas industrias deberán informar ao concello correspondente e ao órgano competente da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia das cantidades de residuos xeradas e acreditar a súa xestión, con carácter anual, antes do 1 de marzo do ano seguinte.

5. Os suxeitos que produzan residuos como consecuencia de procesos produtivos aplicarán as mellores tecnoloxías dispoñibles co obxecto de minimizar a súa produción e o perigo dos residuos que xeren.

Para tal efecto, os suxeitos que produzan residuos perigosos nunha cantidade igual ou superior a 10 toneladas anuais deberán elaborar e presentar ante o órgano competente da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia os correspondentes estudos de minimización.

6. Regulamentariamente establecerase o réxime xurídico dos produtores de residuos perigosos e non perigosos e os órganos competentes para a súa inscrición no Rexistro de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia.

7. Así mesmo, os suxeitos aos que se refire este artigo quedan sometidos ás demais obrigas establecidas no artigo 17 da Lei 22/2011, do 28 de xullo.





Artigo 27. Obrigas dos suxeitos xestores de residuos

1. Os suxeitos xestores de residuos deberán cumprir a normativa que lles sexa de aplicación, así como, cando a súa actividade estea suxeita a autorización, ás condicións impostas nela.

Ademais, deberán garantir que as operacións de xestión que leven a cabo se realizan de conformidade co establecido nos proxectos presentados e nas autorizacións destes, ou de acordo coa información incorporada na súa comunicación.

2. Todos os suxeitos xestores de residuos deberán facilitar á Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia a información que esta lles requira en relación coa natureza, características e composición dos residuos que posúan, así como calquera outra información relacionada co adecuado cumprimento das súas obrigas.

Así mesmo, deberán informar inmediatamente á consellería competente en materia de residuos en caso de accidente, desaparición, perda ou derrame de residuos.

3. Todos os suxeitos xestores de residuos perigosos, os suxeitos que realicen tratamento de residuos, incluído o almacenamento de residuos, os suxeitos negociantes de residuos perigosos e non perigosos e os suxeitos axentes de residuos perigosos deberán constituír previamente ao inicio da súa actividade unha fianza, que terá por obxecto responder fronte á administración do cumprimento das obrigas que se deriven do exercicio daquela e da autorización ou comunicación. A mesma obriga terán outros suxeitos xestores de residuos cando así o esixan as normas que regulan a xestión de residuos específicos ou as que regulan operacións de xestión.

4. Ademais, os suxeitos xestores que realicen tratamento de residuos perigosos, incluído o almacenamento, deberán subscribir un seguro ou garantía financeira equivalente para cubrir as responsabilidades que deriven destas operacións. Esta obriga estenderase a outros suxeitos xestores de residuos cando así o esixan as normas que regulan a xestión de residuos específicos ou as que regulan operacións de xestión.

Esta garantía deberá cubrir en todo caso:

- a) As indemnizacións debidas por morte, lesións ou enfermidade das persoas.
- b) As indemnizacións debidas por danos ás cousas.
- c) Os custos de reparación e recuperación do medio alterado, incluídos os danos ao solo e o subsolo. A contía determinarase conforme ás previsións da lexislación sobre responsabilidade medioambiental.





As franquías establecidas non poderán ser en ningún caso superiores á contía das fianzas depositadas.

5. Os suxeitos xestores que leven a cabo operacións de tratamento, incluído o almacenamento de residuos, en instalacións situadas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia deberán levar o arquivo cronolóxico de xeito telemático a través da plataforma habilitada para ese efecto pola consellería competente en materia de residuos.

Os suxeitos xestores de residuos que, non estando obrigados, non leven o arquivo cronolóxico de xeito telemático deberán dispor dun arquivo físico na instalación á que estea asociada a correspondente inscrición no Rexistro de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, ao dispor das autoridades competentes, durante un prazo de cinco anos.

6. Así mesmo, os suxeitos aos que se refire este artigo quedan sometidos ás demais obrigas establecidas no artigo 20 da Lei 22/2011, do 28 de xullo.





Artigo 28. Obrigas de información

1. As persoas físicas ou xurídicas que obtivesen unha autorización de tratamento de residuos das previstas no artigo 32 enviarán anualmente á Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e, no caso dos residuos de competencia municipal, tamén ao concello correspondente, unha memoria resumo da información contida no arquivo cronolóxico, co contido que figura no anexo XII da Lei 22/2011, do 28 de xullo, ou na norma específica que regule un fluxo de residuos determinado.

A memoria resumo da información contida no arquivo cronolóxico remitirase antes do 1 de marzo, salvo que se especifique outra data na normativa específica que regule un fluxo de residuos determinado.

2. As persoas físicas ou xurídicas que efectuasen unha comunicación das previstas na Lei 22/2011, do 28 de xullo, manterán o arquivo cronolóxico ao dispor da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia para efectos de inspección e control.





CAPÍTULO II

Traslado de residuos

Artigo 29. *Traslado de residuos dentro da Comunidade Autónoma de Galicia*

1. Todos os traslados de residuos dentro do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia deben cumprir os seguintes requisitos:

a) Disporán dun contrato de tratamento con carácter previo ao comezo do traslado de residuos.

b) Irán acompañados do correspondente documento de identificación dos residuos.

2. Ademais, están sometidos a comunicación previa á súa realización, para efectos da oposición ao seu tratamento no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia cando non existan instalacións axeitadas nel ou estea previsto nos plans de residuos unha solución alternativa ao seu tratamento:

a) Os traslados de residuos perigosos.

b) Os traslados de residuos destinados a eliminación.

c) Os traslados de residuos destinados a instalacións de incineración clasificadas como valorización, segundo o previsto na operación R1 do anexo II da Lei 22/2011, do 28 de xullo, no relativo ao cumprimento da fórmula de eficiencia enerxética.

d) Os traslados que se destinen a valorización de residuos domésticos mesturados identificados co código LER 20 03 01.

e) Aqueles traslados de residuos que se determinen por norma regulamentaria estatal ou autonómica.

3. O contido mínimo dos documentos previstos neste artigo será o establecido no artigo 5 e anexos I e II do Real decreto 180/2015, do 13 de marzo, polo que se regula o traslado de residuos no interior do territorio do Estado.

4. Toda a documentación asociada aos trámites administrativos regulados neste artigo, salvo a referente ao contrato de tratamento, será presentada ante o órgano competente da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia en formato electrónico a través da plataforma habilitada para o efecto, de conformidade co previsto nesta lei e na normativa que a desenvolva.





Artigo 30. Traslados de residuos entre comunidades autónomas

Os traslados de residuos entre comunidades autónomas con orixe ou destino no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia realizaranse de acordo co establecido no artigo 25 da Lei 22/2011, do 28 de xullo, e no Real decreto 180/2015, do 13 de marzo, polo que se regula o traslado de residuos no interior do territorio do Estado, ou norma autonómica de desenvolvemento.





Artigo 31. Traslados transfronteirizos na Unión Europea con orixe ou destino na Comunidade Autónoma de Galicia

1. O traslado de residuos entre o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e países da Unión Europea rexerase polo disposto no Regulamento (CE) nº. 1013/2006, do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de xuño de 2006, relativo aos traslados de residuos, e polo artigo 26 da Lei 22/2011, do 28 de xullo.

2. En relación co establecido no artigo 18 do regulamento citado no número anterior, cando os residuos teñan como destino o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, o suxeito xestor autorizado para a súa recepción deberá presentar, con carácter semestral, ao órgano competente da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia unha previsión dos residuos que pretenda recibir nos próximos seis meses.





CAPÍTULO III

Réxime de intervención administrativa en materia de residuos

Artigo 32. Actividades en materia de residuos e instalacións de xestión de residuos sometidas a autorización

1. Quedan sometidas ao réxime de autorización administrativa previa por parte do órgano competente da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia:

a) As instalacións situadas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia nas que se vaian desenvolver operacións de tratamento de residuos, incluído o almacenamento no ámbito da recollida en espera de tratamento, así como a ampliación, modificación substancial ou traslado das devanditas instalacións.

b) As plantas móbiles de tratamento de residuos que vaian realizar a súa actividade no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

c) As persoas físicas ou xurídicas con domicilio no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia que vaian realizar unha ou varias operacións de tratamento de residuos.

d) O traslado de residuos desde ou cara a outros países da Unión Europea, de acordo co previsto no Regulamento (CE) núm. 1013/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de xuño de 2006, relativo aos traslados de residuos.

e) O depósito en vertedoiro de residuos procedentes doutras comunidades autónoma.

f) Os sistemas colectivos de responsabilidade ampliada do suxeito produtor con sede social no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Cando a persoa física ou xurídica que solicite a autorización para realizar unha ou varias operacións de tratamento de residuos sexa titular da instalación de tratamento na que se vaian desenvolver as devanditas operacións, o órgano competente en materia de residuos ou, de ser o caso, o competente en materia de prevención e control integrados da contaminación, poderá conceder unha única autorización que comprenda a instalación e as operacións de tratamento, sempre que aquela estea situada no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. No caso das operacións de valorización de espazos degradados e aplicación en agricultura de lodos tratados, a autorización da actividade e da instalación incluírá a dos lugares nos que se vaia realizar a aplicación. Se a aplicación se vai realizar fóra do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, coa solicitude de autorización deberá achegarse a





documentación acreditativa de que a comunidade autónoma de destino permite a devandita aplicación.

4. As autorizacións previstas na alínea a) do número 1 deste artigo integraranse, cando proceda, na autorización concedida conforme á normativa vixente sobre prevención e control integrados da contaminación, logo de informe favorable do órgano da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia competente en materia de residuos. Este informe terá carácter preceptivo e vinculante para os efectos relacionados coa materia de residuos.

5. No procedemento de outorgamento da autorizacións de instalacións de xestión de residuos en emprazamentos situados en explotacións mineiras, deberá solicitarse informe ao órgano da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia competente en materia de minas. Este informe será preceptivo e vinculante para os efectos relacionados coa devandita materia.

6. No procedemento de outorgamento das autorizacións de actividades de valorización de residuos en solos agrarios, deberá solicitarse informe ao órgano da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia competente en materia de sanidade vexetal. Este informe será preceptivo e vinculante para os efectos relacionados coa devandita materia.





Artigo 33. Denegación da solicitude de autorización

A autorización á que fai referencia o artigo 32 será denegada de forma motivada nos seguintes casos:

- a) Cando non estean suficientemente acreditadas as operacións que se pretenden realizar nin o destino dos residuos de saída resultantes do tratamento.
- b) Cando a xestión prevista non se axuste ao disposto na planificación vixente ou dificulte a consecución dos obxectivos establecidos, de tal maneira que a autorización pretendida implique que a comunidade autónoma non poida cumprir os obxectivos establecidos na lexislación da Unión Europea ou básica estatal.
- c) Cando se estime que os tratamentos propostos poden ocasionar danos ao medio ou á saúde das persoas.
- d) Cando as instalacións non cumpran os criterios técnicos mínimos necesarios para desenvolver a actividade de xestión de residuos solicitadas sen perigo para a saúde das persoas ou para o medio.
- e) Cando as instalacións non fosen executadas de acordo cos proxectos técnicos presentados.
- f) Cando exista un informe negativo do concello en cuxo termo se sitúe a instalación sobre a compatibilidade do proxecto co planeamento urbanístico vixente.
- g) Cando exista un informe negativo, de carácter preceptivo e vinculante, dun órgano sectorial.
- h) Cando se incumpran os requisitos esixidos pola normativa aplicable.





Artigo 34. Prazo para resolver e sentido do silencio

1. A resolución do procedemento de outorgamento das autorizacións previstas nas alíneas a), b), c) e e) do número 1 do artigo 32 deberá ser notificada no prazo máximo de dez meses. De non notificarse a resolución no devandito prazo, a persoa solicitante poderá entender denegada a autorización.

2. No caso das autorizacións previstas nas alíneas d) e f) do número 1 do artigo 32, estarase ao disposto na normativa específica na materia tanto respecto do prazo máximo para notificar a resolución como do sentido do silencio.





Artigo 35. Actividades suxeitas a comunicación

1. Sen prexuízo do disposto na normativa aplicable de carácter sectorial, as actividades que se enuncian a continuación están suxeitas a comunicación que se presentará con carácter previo ao seu inicio ante o órgano da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia competente en materia de residuos, sempre que as realicen entidades ou empresas con sede social en Galicia:

- a) A recollida de residuos sen unha instalación asociada.
- b) O transporte de residuos con carácter profesional.
- c) A actividade dos negociantes e axentes de residuos.
- d) Os sistemas individuais de responsabilidade ampliada do suxeito produtor.
- e) Produzan subprodutos declarados de conformidade co artigo 8.
- f) Leven a cabo proxectos de investigación, desenvolvemento e innovación en materia de residuos.
- g) Teñan o carácter de plataformas loxísticas de residuos, de conformidade coa normativa específica sobre residuos de aparellos eléctricos e electrónicos.
- h) Realicen actividades de compostaxe comunitaria de biorresiduos.
- i) Realicen actividades que estean exentas de autorización consonte o artigo 28 da Lei 22/2011, do 28 de xullo.

3. Tamén deberá comunicarse ao órgano da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia competente en materia de residuos a instalación, ampliación, modificación substancial ou traslado de industrias ou actividades dentro do territorio da comunidade autónoma cando estas produzan residuos perigosos ou máis de 1.000 toneladas anuais de residuos non perigosos.

4. Quedan exentas de presentar comunicación aquelas empresas que obtivesen autorización para o tratamento de residuos e que, como consecuencia da súa actividade, xeren residuos. Nestes casos, e para os residuos producidos como consecuencia do mantemento das instalacións, as inscricións realizaranse de oficio polo órgano competente para outorgar a autorización.





Artigo 36. *Protección da legalidade ambiental*

1. Co fin de asegurar o cumprimento do previsto nesta lei, a autoridade competente poderá adoptar algunha das seguintes medidas:

a) O peche do establecemento ou a paralización da actividade cando estes non contén coa autorización, comunicación ou rexistro correspondentes.

b) A suspensión temporal da actividade cando non se axuste ao comunicado ou ás condicións impostas pola devandita autoridade, sempre que disto derive un risco grave para o medio ou a saúde pública, durante o período necesario para que se emenden os defectos que puidesen existir.

2. As medidas previstas no número anterior non teñen a consideración de sancións e ditaranse conforme ao disposto na normativa autonómica para os procedementos que regulen o outorgamento da autorización, a comunicación ou rexistro, ou, de ser o caso, segundo o procedemento regulamentariamente establecido para o restablecemento da legalidade ambiental.





TÍTULO III

Xestión de residuos domésticos, comerciais e industriais

Artigo 37. Puntos limpos de recollida separada de residuos de competencia local

1. Todas as entidades locais deben garantir o servizo de recollida separada dos residuos domésticos no ámbito das súas competencias. Aqueles residuos domésticos que, debido ao seu tamaño ou a súa composición, non poidan ser xestionados a través de contedores situados na vía pública deberán xestionarse a través de instalacións fixas ou móbiles debidamente habilitadas, salvo que, por razóns de saúde pública e seguridade e protección do medio, non sexa recomendable a súa xestión nestas instalacións e a súa recollida deba canalizarse a través doutros sistemas de recollida selectiva autorizados.
2. As entidades locais poderán prestar o servizo de recollida separada doutros residuos non perigosos xerados nos comercios e dos residuos domésticos xerados nas industrias, se así se establece nas súas respectivas ordenanzas, prevendo o sistema de financiamento correspondente.
3. Os municipios poderán levar a cabo a xestión dos puntos limpos directamente ou mediante calquera outra forma de xestión prevista na lexislación sobre réxime local. Estas actividades poderanse levar a cabo por cada entidade local de forma independente ou mediante asociación de varias entidades locais.





Artigo 38. Réxime xurídico dos puntos limpos

1. O exercicio da actividade de xestión de residuos levada a cabo nos puntos limpos deberá cumprir coas prescricións técnicas que sexan aprobadas pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e requirirá autorización previa do órgano competente en materia de residuos, de conformidade co establecido na normativa básica estatal de aplicación.

2. A entidade local que xestione, directa ou indirectamente, o punto limpo regulará a forma de uso das instalacións, garantindo que a instalación se atope, en todo momento, nas condicións baixo as cales foi concedida a autorización para o seu funcionamento.

No caso de xestión indirecta do punto limpo, o suxeito responsable fronte á Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia do mantemento adecuado das instalacións será o suxeito titular da correspondente autorización de xestión.

3. As entidades locais, en colaboración coa Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, fomentarán a utilización dos puntos limpos por parte da cidadanía, mediante programas de concienciación, campañas divulgativas e outras iniciativas de natureza similar.





Artigo 39. Establecementos comerciais de carácter colectivo

Nos establecementos comerciais de carácter colectivo de conformidade co establecido no artigo 23 da Lei 13/2010, do 17 de decembro, de comercio interior de Galicia, deberán adoptarse as medidas necesarias para facilitar a recollida separada dos residuos xerados nos seus establecementos, incluíndo salas de venda e dependencias auxiliares, como almacéns, oficinas e zonas comúns.

CSV: BOPGDSPG9QHwPHL7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Artigo 40. Edificios públicos

1. En todos os edificios situados no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia que sexan titularidade da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades instrumentais do sector público autonómico deberán adoptarse as medidas necesarias para facilitar a recollida separada dos residuos xerados neles, así como fomentarse a instalación e utilización de fontes de auga potable de carácter gratuito e de envases reutilizables.
2. As medidas previstas no número anterior deberán adoptarse igualmente nos edificios situados no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia que sexan de titularidade das entidades locais de Galicia, as universidades públicas do Sistema Universitario de Galicia e as entidades vinculadas ou dependentes delas, dentro do respecto á súa autonomía.
3. No caso dos edificios situados no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia que sexan titularidade da Administración xeral do Estado, as Administracións das demais comunidades autónomas e as entidades dos seus respectivos sectores públicos, as devanditas medidas terán carácter potestativo.





Artigo 41. Centros de recollida separada de residuos industriais

A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia fomentará a creación e posta en marcha de centros de recollida separada de residuos industriais nos polígonos industriais e nos parques empresariais.

CSV: BOPGDSPG9QHwPHL7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Artigo 42. Programas de implantación de instalacións de compostaxe comunitaria

1. As entidades locais onde se implanten instalacións de compostaxe comunitaria deberán informar, cando menos cunha periodicidade anual, ao órgano da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia competente en materia de residuos dos seguintes aspectos:

- a) Número de persoas participantes nos programas de compostaxe comunitaria.
- b) Número e localización de instalacións de compostaxe comunitaria existentes no termo municipal.
- c) Cantidade de residuos tratados na instalación de compostaxe comunitaria.
- d) Cantidade de compost obtido na instalación de compostaxe comunitaria e o seu destino.

2. Así mesmo, as entidades locais presentarán resultados analíticos do compost obtido nas instalacións de compostaxe comunitaria sempre que sexan requiridas polo órgano da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia competente en materia de residuos.

3. Regulamentariamente determinarase a capacidade máxima das instalacións de compostaxe comunitaria, así como os demais requisitos para a súa xestión.





Artigo 43. Bolsas de plástico e produtos de plástico dun só uso

- 1. A entrega das bolsas de plástico queda supeditada ao que establece o Real decreto 293/2018, do 18 de maio, sobre redución do consumo de bolsas de plástico e polo que se crea o Rexistro de produtores, ou norma que o substitúa.**
- 2. Queda prohibida a comercialización de:**
 - a) Vaixelas de plástico dun só uso.**
 - b) Vasos, cuncas para bebidas de poliestireno expandido.**
 - c) Bandexas alimentarias de poliestireno expandido.**
- 3. Exclúense da prohibición de comercialización establecida no número anterior as pallas destinadas a fins médicos e utilizadas coa devandita finalidade.**





Artigo 44. Redución do desperdicio alimentario

1. A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia levará a cabo actuacións encamiñadas ao fomento da redución da xeración do desperdicio alimentario na produción primaria, na transformación e fabricación, na venda comerciante retalista e noutros tipos de distribución alimentaria, restaurantes e servizos alimentarios, así como no fogar.

2. Os suxeitos titulares de establecementos de restauración, regulados na Lei 7/2011, do 27 de outubro, de turismo de Galicia, están obrigados a ofertar a entrega das fraccións sobrantes de alimentación non consumidas a quen contratou o servizo de restauración, preferentemente en recipientes que non sexan dun só uso. A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia fomentará con esta finalidade o emprego de menaxe ambientalmente sostible.

A conservación ulterior dos alimentos entregados será responsabilidade da persoa usuaria que contratou o servizo.

3. A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia promoverá o diálogo social e a aprobación dun Código de Boas Prácticas en relación cos excedentes alimentarios, coa participación de todos os axentes implicados, o cal terá como obxectivos principais:

- a) A diagnose sobre perdas e desperdicios alimentarios.
- b) A mellora dos procesos para reducir excedentes de alimentos aptos para o consumo humano, pero non para a súa comercialización.
- c) A fixación de mecanismos para que tales excedentes sexan entregados a organizacións sociais, dentro dos contidos fixados nas Directrices de doazón de alimentos na Unión Europea
- d) A realización de campañas de fomento do consumo responsable.





TÍTULO IV

Responsabilidade ampliada do suxeito produtor do produto

Artigo 45. Concepto e obrigas

1. Enténdese por suxeito produtor do produto a persoa física ou xurídica que de forma profesional desenvolva, fabrique, procese, trate, venda ou importe produtos, segundo se determine nas normas de desenvolvemento da responsabilidade ampliada do suxeito produtor previstas no artigo 31 da Lei 22/2011, do 28 de xullo.

2. Poderase dar cumprimento ás obrigas que se establezan no marco da responsabilidade ampliada do suxeito produtor do produto de forma individual ou de forma colectiva. Onde estean implantados sistemas públicos de xestión, os suxeitos produtores poderán dar cumprimento a estas obrigas contribuíndo economicamente aos devanditos sistemas, de forma proporcional ás cantidades de produto que poñan no mercado e atendendo aos custos efectivos da súa xestión.

3. A responsabilidade ampliada do suxeito produtor do produto aplicarase sen prexuízo da responsabilidade dos suxeitos produtores de residuos, doutros suxeitos posuidores iniciais e dos demais suxeitos xestores que interveñan na cadea de xestión, segundo o establecido nesta lei, na Lei 22/2011, do 28 de xullo, e nas normas que regulen os distintos fluxos de residuos e produtos específicos.

4. Non obstante o previsto no número anterior, aqueles sistemas de responsabilidade ampliada do suxeito produtor que establezan a recollida dos seus residuos a través de sistemas de loxística inversa estarán excluídos das obrigas de inscrición como transportistas para os traslados realizados entre os puntos de recollida e as súas plataformas loxísticas, de conformidade coas normas específicas para os fluxos de residuos suxeitos á responsabilidade ampliada do suxeito produtor do produto.





Artigo 46. Comunicación dos sistemas individuais

1. Os produtores que opten por un sistema individual deberán presentar ante o órgano da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia competente en materia de residuos unha comunicación previa ao comezo das súas actividades, indicando o seu funcionamento e as medidas que aplicarán para o cumprimento das obrigas derivadas da responsabilidade ampliada.
2. O contido da comunicación prevista neste artigo será, como mínimo, o que establece o anexo IX da Lei 22/2011, do 28 de xullo.





Artigo 47. Autorización dos sistemas colectivos

1. Os suxeitos produtores que opten por sistemas colectivos para o cumprimento das súas obrigas derivadas da responsabilidade ampliada constituirán unha asociación das previstas na Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, ou outra entidade con personalidade xurídica propia e sen ánimo de lucro, nos termos previstos na normativa básica estatal en materia de residuos.
2. De conformidade co establecido na normativa básica estatal e a presente lei, a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia será competente para outorgar a autorización previa ao inicio da actividade cando a asociación titular do sistema colectivo teña previsto establecer a súa sede no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.
3. A autorización previa ao inicio da actividade do sistema colectivo terá o contido mínimo previsto no anexo X da Lei 22/2011, do 28 de xullo.
4. Unha vez comprobada a integridade documental do expediente, a solicitude de autorización será remitida á Comisión de coordinación en materia de residuos para o seu informe, de conformidade co establecido no artigo 32.3 da Lei 22/2011, do 28 de xullo, con carácter previo á resolución do órgano da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia competente en materia de residuos. Este concederá, se procede, a autorización, na que se fixarán as condicións de exercicio. A autorización inscribírase no Rexistro de produción e xestión de residuos de Galicia.
5. As condicións de exercicio e a autorización deberán axustarse aos principios previstos no artigo 9 da Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio.
6. O prazo máximo para a tramitación da autorización será de seis meses, prorrogables de maneira motivada por razóns derivadas da complexidade do expediente. A devandita prórroga poderá facerse por unha soa vez, por un tempo limitado e antes de que expire o prazo orixinal. Transcorrido o prazo sen notificarse resolución expresa, entenderase desestimada a solicitude presentada.
7. As autorizacións de sistemas colectivos concederanse polo período que se estableza na regulación específica. Cando non se indique o prazo de vixencia, a autorización terá unha duración de cinco anos e renovarase seguindo o procedemento establecido na normativa básica estatal e no presente artigo.
8. As autorizacións reguladas neste artigo non son transmisibles a terceiros.





Artigo 48. *Obrigas dos sistemas individuais e colectivos*

As obrigas dos sistemas individuais e colectivos de responsabilidade ampliada do suxeito produtor son as establecidas na normativa básica estatal de aplicación.

CSV: BOPGDSPG9QHwPHL7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





TÍTULO V

Expropiación

Artigo 49. Declaración de utilidade pública e interese social

1. Declárase de utilidade pública e interese social, para os efectos da lexislación de expropiación forzosa, o establecemento ou ampliación de instalacións de xestión de residuos.
2. A declaración de utilidade pública e interese social levará implícita a necesidade de ocupación dos bens ou de adquisición dos dereitos afectados e implicará a urxente ocupación para os efectos do artigo 52 da Lei de expropiación forzosa do 16 de decembro de 1954.





Artigo 50. Recoñecemento da utilidade pública e interese social

1. Para o recoñecemento da utilidade pública e interese social das instalacións ás que se refire o artigo anterior, o suxeito interesado deberá presentar unha solicitude dirixida ao órgano da Administración xeral da Comunidade Autónoma competente en materia de residuos, na que incluírá unha relación concreta e individualizada dos bens ou dereitos que se estimen de necesaria expropiación.
2. A solicitude irá acompañada dunha proposta de actuación e someterase a información pública, solicitándose informe dos organismos afectados.
3. Concluída a tramitación, o recoñecemento da utilidade pública e o interese social será acordado pola persoa titular da consellería competente en materia de residuos.





TÍTULO VI

Dos solos contaminados

CAPÍTULO I

Disposicións Xerais

Artigo 51. Obxectivos da política de solos

A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, con fin de garantir un desenvolvemento sustentable, perseguirá os seguintes obxectivos en relación cos solos situados no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia:

- a) A conservación das súas funcións naturais.
- b) O mantemento do máximo das súas funcións.
- c) A recuperación de acordo co uso ao que están destinados, utilizando as mellores técnicas dispoñibles.

As actuacións de recuperación deben orientarse a materializar solucións permanentes, primando, na medida do posible, as técnicas de tratamento *in situ*, que minimizan o impacto relacionado coa xestión dos residuos.

- d) A asignación de usos que permitan absorber os custos dunha acción recuperadora adecuada dos solos.
- e) A prioridade do coñecemento e control da calidade dos solos situados no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.
- f) A aplicación efectiva do principio de prevención e dos principios de que quen contamina, paga e quen dana, repara.





Artigo 52. *Protección do solo*

A protección do solo constitúe un deber dos suxeitos posuidores ou propietarios daquel, que comporta as obrigas de coñecer, informar e controlar a súa calidade, así como de adoptar medidas preventivas, de defensa, de recuperación, de control e de seguimento nos casos en que sexa preceptivo de acordo coa normativa vixente.





Artigo 53. Actividades potencialmente contaminantes do solo

Teñen a consideración de actividades potencialmente contaminantes do solo aquelas actividades de tipo industrial ou comercial nas que, xa sexa polo manexo de substancias perigosas xa sexa pola xeración de residuos, poden contaminar o solo. En todo caso teñen esa consideración:

- a) As actividades de tipo industrial e comercial mencionadas no anexo I do Real decreto 9/2005, do 14 de xaneiro, polo que se establece a relación de actividades potencialmente contaminantes do solo, e os criterios e estándares para a declaración de solos contaminados, ou norma que a substitúa.
- b) As actividades que producen, manexan ou almacenan máis de 10 toneladas por ano dunha ou varias das substancias incluídas no Regulamento sobre clasificación, envasado e etiquetado de substancias perigosas, aprobado polo Real decreto 363/1995, do 10 de marzo.
- c) Os almacenamentos de combustible para uso propio segundo o Regulamento de instalacións petrolíferas, aprobado polo Real decreto 2085/1994, do 20 de outubro, e a Instrución técnica complementaria MI-IP 03, aprobada polo Real decreto 1427/1997, do 15 de setembro, cun consumo anual medio superior a 300.000 litros e cun volume total de almacenamento igual ou superior a 50.000 litros.





Artigo 54. Obrigas de información

1. Calquera persoa, física ou xurídica, de carácter público ou privado, que detecte indicios ou riscos de contaminación do solo, como consecuencia da realización de calquera tipo de actividade, incluídas operacións de escavación ou movemento de terras, vertidos e accidentes, deberá poñelo en coñecemento do órgano da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia competente en materia de solos contaminados á maior brevidade posible.

2. Os suxeitos titulares ou responsables de actividades ou de instalacións nas que se desenvolvan actividades potencialmente contaminantes do solo, así como os suxeitos posuidores ou propietarios de solos sobre os que estas se implanten ou se tivesen implantado, terán a obriga de achegar os datos, información e documentación requiridos polo órgano da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia competente en materia de solos contaminados, para efectos de determinar o grao de cumprimento da normativa en materia de solos contaminados.

3. Os suxeitos titulares de actividades potencialmente contaminantes do solo deberán presentar ante o órgano da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia competente en materia de solos contaminados un informe preliminar de situación para cada un dos solos en que se desenvolve a actividade, co alcance e contido mínimo establecido no anexo II do Real decreto 9/2005, do 14 de xaneiro, nun prazo non superior a dous anos desde o inicio da actividade.

4. Os suxeitos titulares das actividades potencialmente contaminantes do solo están obrigados a remitir cada cinco anos un informe de situación ao órgano da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia competente en materia de solos contaminados, co contido mínimo que establece o artigo 5 do Decreto 60/2009, do 26 de febreiro, sobre solos potencialmente contaminados e procedemento para a declaración de solos contaminados.

Tamén estarán obrigadas a presentar o informe en caso de modificación substancial da instalación, ampliación, peche definitivo ou cando se produza a transmisión da súa titularidade.

5. As persoas propietarias dos solos nos que se desenvolveu unha actividade potencialmente contaminante no pasado deben presentar un informe de situación do solo





cando pretendan establecer neles unha actividade diferente das potencialmente contaminantes ou que supoña un cambio de uso do solo.

6. Logo do estudo dos informes previstos nos números anteriores, así como doutras fontes de información dispoñibles, o órgano da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia competente en materia de solos contaminados poderá requirir información complementaria, como a toma de mostras de solo e augas subterráneas, a realización de investigacións de calidade do solo ou a implantación dun plan de vixilancia e control do solo e das augas subterráneas asociadas, así como a adopción inmediata de medidas de prevención.

7. Os suxeitos titulares das actividades potencialmente contaminantes do solo están obrigadas a adoptar as medidas que impoña o órgano da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia competente en materia de solos contaminados e que sexan necesarias para evitar a aparición de accións contaminantes e, de ser o caso, evitar, controlar ou minimizar os efectos derivados destas.

8. No caso de transmisión da propiedade de predios nos que se realizou algunha das actividades potencialmente contaminantes do solo, será de aplicación o disposto no artigo 33.2 da Lei 22/2011, do 28 de xullo.





CAPÍTULO II

Avaliación da calidade do solo

Artigo 55. Instrumentos para a avaliación da calidade do solo

Son instrumentos para avaliar a calidade do solo:

- a) Os informes preliminares e os informes de situación do solo a que se refire o artigo 54.
- b) Os plans de vixilancia e control do solo e das augas subterráneas asociadas.
- c) As investigacións analíticas da calidade do solo, exploratorias e detalladas.
- d) As valoracións de riscos.





Artigo 56. Plans de vixilancia e control do solo e das augas subterráneas asociadas

Os plans de vixilancia e control do solo e das augas subterráneas asociadas teñen como obxecto realizar un seguimento da posible afección que sobre a calidade do solo e das augas subterráneas poida ocasionar o desenvolvemento dunha actividade potencialmente contaminante.





Artigo 57. *Investigacións analíticas da calidade do solo*

1. As investigacións analíticas da calidade do solo teñen por obxecto determinar de forma cualitativa e cuantitativa a presenza de contaminación no solo sobre a base dun traballo experimental realizado *in situ*.

2. As investigacións analíticas deberán permitir identificar os posibles focos de contaminación e o tipo e cantidade de contaminantes presentes, delimitar as áreas afectadas, tanto horizontal como verticalmente, e describir a evolución espacial e temporal da contaminación.

3. As investigacións analíticas poderán constar de dúas fases:

a) Investigación analítica exploratoria da calidade do solo, que ten por obxecto comprobar a existencia de concentracións de substancias contaminantes que poidan implicar que o solo estea alterado ou contaminado.

b) Investigación analítica detallada da calidade do solo, que ten como finalidade permitir unha correcta delimitación do tipo, concentración e distribución das substancias contaminantes no solo e no resto dos medios que poidan verse afectados pola contaminación, así como a cuantificación dos riscos para a saúde das persoas e o medio derivados da presenza de contaminantes.

O alcance e o contido destas dúas fases son os establecidos no anexo IV do Decreto 60/2009, do 26 de febreiro, ou norma que o substitúa.





Artigo 58. *Valoracións de riscos*

1. As valoracións de riscos son os procesos de identificación, medida e comparación de diversos parámetros, mediante os cales se estudan, analizan e caracterizan os riscos que a presenza de determinadas substancias nos medios afectados poden supoñer para a saúde das persoas e o medio.

2. O alcance e o contido das valoracións de riscos son os establecidos no anexo VIII do Real decreto 9/2005, do 14 de xaneiro, e no anexo IV do Decreto 60/2009, do 26 de febreiro, ou normas que os substitúan.





Artigo 59. Entidades acreditadas, aprobación e execución dos instrumentos para a avaliación da calidade do solo

1. Deberán estar debidamente acreditadas por unha entidade nacional de acreditación as entidades que realicen o deseño e implantación dos plans de vixilancia e control do solo e das augas subterráneas asociadas, as investigacións analíticas, tanto exploratorias como detalladas, e as valoracións de riscos, así como o deseño, execución, control e seguimento da recuperación.
2. Os traballos sinalados no número anterior deberán executarse sobre a base dunha proposta realizada pola correspondente entidade acreditada. A proposta será valorada e aprobada polo órgano competente da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia competente en materia de solos contaminados con carácter previo á súa execución.
3. Tanto a proposta como a súa implantación deberán ser levadas a cabo pola mesma entidade acreditada, salvo causa xustificada e previa aceptación do órgano competente para a súa aprobación.
4. Os controis periódicos correspondentes aos plans de vixilancia e control do solo e das augas subterráneas asociadas deberán realizarse por entidades coa acreditación en toma de mostras da matriz a caracterizar.
5. As análises químicas *in situ* correrán a cargo de laboratorios debidamente acreditados para os parámetros que se determinen.





CAPÍTULO III

Solos contaminados e suxeitos obrigados

Artigo 60. Declaración de solos contaminados

1. O órgano da Administración xeral da Comunidade Autónoma competente en materia de solos contaminados declarará e delimitará os solos contaminados nos supostos contemplados no artigo 34.1 da Lei 22/2011, do 28 de xullo.

2. A resolución que declare un solo como contaminado conterà as determinacións sinaladas nas alíneas a), b) e c) do anexo XI da Lei 22/2011, do 28 de xullo, e ademais:

- a) As medidas de control e de seguimento que, de ser o caso, haxan de adoptarse.
- b) Os usos aos que non poderá destinarse o solo, en tanto subsista a declaración.
- c) A fundamentación xurídica e técnica na que se sustenta a declaración.

CSV: BOPGDSPG9QHwPHL7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Artigo 61. Efectos da declaración

1. A declaración dun solo como contaminado obrigará a realizar as operacións necesarias para proceder á súa limpeza e recuperación, na forma e prazos que se determinen na resolución de declaración de solo contaminado.

2. Non obstante o previsto no número anterior, as medidas de recuperación adicionais derivadas dun novo uso do solo que esixa alcanzar niveis de calidade do solo superiores aos niveis asociados ao uso existente no momento en que se produciu a contaminación non poderán esixirse ao suxeito causante desta, no caso de que sexa distinto do suxeito promotor do noso uso. Neste suposto, será o suxeito promotor do novo uso quen deba adoptar as medidas adicionais de recuperación.

3. De conformidade co establecido no artigo 34.3 da Lei 22/2011, do 28 de xullo, unha vez que a declaración de solo como contaminado sexa firme en vía administrativa, esta será obxecto de nota marxinal no Rexistro da propiedade, por iniciativa do órgano da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia competente en materia de solos contaminados. A devandita nota cancelárase unha vez que se declare que o solo deixou de ter tal consideración.

4. A declaración dun solo como contaminado pode comportar a suspensión da executividade dos dereitos de edificación e outros aproveitamentos do solo no caso de resultar incompatibles coas medidas de limpeza e recuperación do terreo que se establezan, ata que estas se leven a cabo ou se declare o solo como non contaminado.





Artigo 62. Suxeitos responsables da descontaminación e recuperación dos solos contaminados

1. Están obrigados a realizar as operacións de descontaminación e recuperación dos solos contaminados, logo de requirimento do órgano competente da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, os suxeitos causantes da contaminación, os cales, cando sexan varios, responderán destas obrigas de forma solidaria e, subsidiariamente, por esta orde, as persoas propietarias dos solos contaminados e as posuidoras deles.

Nos supostos de bens de dominio público en réxime de concesión, responderán subsidiariamente en defecto do suxeito o suxeitos causantes da contaminación, por esta orde, a persoa posuidora e a propietaria.

2. Os suxeitos responsables subsidiarios poderán repercutir o custo das actuacións que levasen a cabo na recuperación dun solo declarado contaminado ao suxeito ou suxeitos causantes da contaminación.

A recuperación dos custos de descontaminación non poderá exixirse por encima dos niveis de contaminación asociados ao uso do solo no momento en que se produciu a contaminación por parte do suxeito causante.

3. Serán responsables solidarios ou subsidiarios das obrigas pecuniarias que resulten desta lei os suxeitos que se recollen no artigo 13 da Lei 26/2007, do 24 de outubro, de responsabilidade ambiental, nos termos que o devandito artigo establece.





Artigo 63. *Convenios de colaboración para a reparación de solos contaminados*

De conformidade co artigo 37 da Lei 22/2011, do 28 de xullo, as actuacións para proceder á limpeza e recuperación dos solos declarados como contaminados poderán levarse a cabo mediante convenios de colaboración entre os suxeitos obrigados a realizar as devanditas operacións e as administracións públicas competentes nos termos previstos nese artigo.





Artigo 64. Declaración de perda da condición de solo contaminado

1. De conformidade co establecido no artigo 35.4 da Lei 22/2011, do 28 de xullo, o órgano da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia competente en materia de solos contaminados declarará que un solo declarado contaminado perdeu tal consideración logo de comprobar que se realizaron de forma adecuada as operacións de descontaminación e recuperación.
2. A declaración prevista no número anterior inscribírase no Rexistro da calidade do solo de Galicia.





Artigo 65. Recuperación voluntaria de solos

- 1. A descontaminación do solo para calquera uso poderá levarse a cabo, sen a previa declaración do solo como contaminado, mediante un proxecto de recuperación voluntaria aprobado polo órgano da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia competente en materia de solos contaminados.**
- 2. Logo da execución do proxecto acreditarase que a descontaminación se levou a cabo nos termos previstos no propio proxecto.**
- 3. As descontaminacións que se produzan por vía voluntaria serán inscritas no Rexistro da calidade do solo de Galicia polo órgano da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia competente en materia de solos contaminados.**





Artigo 66. *Utilidade pública*

Os proxectos para a recuperación dos solos declarados contaminados decláranse de utilidade pública para efectos de expropiación forzosa.





Artigo 67. Prazo para resolver

O prazo para resolver os procedementos de declaración de solos contaminados regulados no artigo 8 do Decreto 60/2009, do 26 de febreiro, sobre solos potencialmente contaminados e o procedemento para a declaración dos solos contaminados, será de 12 meses. Transcorrido o devandito prazo sen que se notifique a correspondente resolución, producirase a caducidade do procedemento.





Artigo 68. *Garantía financeira*

O órgano da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia competente en materia de solos contaminados poderá esixir a constitución dunha garantía financeira do cumprimento das obrigas fronte á administración derivadas das actuacións de recuperación e descontaminación de solos contaminados, nos termos que se determinen regulamentariamente en desenvolvemento desta lei.





Artigo 69. Relación co planeamento urbanístico

1. A execución de desenvolvementos urbanísticos nos ámbitos que inclúan solos contaminados poderá verse condicionada en tanto o órgano da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia competente en materia de solos contaminados non declare que os solos deixaron de ter tal consideración.

2. En relación cos devanditos solos e para o obxecto de determinar a viabilidade dos usos previstos no ámbito que se pretenda desenvolver, os concellos, na tramitación do corresponde instrumento de planeamento urbanístico:

a) Presentarán dentro do procedemento de avaliación ambiental daquel, xunto coa documentación esixida pola normativa de aplicación, un informe da calidade do solo.

b) Remitirán o instrumento de planeamento urbanístico, logo da súa aprobación inicial, ao órgano da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia competente en materia de solos contaminados, que deberá emitir informe no prazo de tres meses. Transcorrido o prazo sen que se emitise o informe, entenderase favorable. En caso de ser desfavorable, o informe indicará expresamente as normas vulneradas.





CAPÍTULO IV

Rexistro da calidade do solo de Galicia

Artigo 70. Rexistro da calidade do solo de Galicia

1. O Rexistro da calidade do solo de Galicia é o instrumento público de carácter administrativo que conterá, como mínimo, a relación de solos nos que se desenvolven ou se desenvolveron actividades potencialmente contaminantes do solo, os solos declarados como contaminados e os que se declaren que perderon a condición de solos contaminados no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. O rexistro regulado neste artigo cumprirá as funcións que o artigo 35 da Lei 22/2011, do 28 de xullo, prevé para o inventario de solos declarados como contaminados pola Administración autonómica e, así mesmo, será o rexistro administrativo no que se inscribirán as descontaminacións que se produzan por vía voluntaria, de acordo co previsto no artigo 38 do mesmo texto legal.

3. O órgano da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia competente en materia de solos contaminados levará o rexistro regulado neste artigo e emitirá certificacións dos extremos que consten nel, cando lle sexan solicitadas nos termos previstos na lexislación sobre dereito de acceso á información en materia de medio ambiente e na restante normativa aplicable, sen prexuízo do que establece a lexislación sobre protección de datos de carácter persoal.





TÍTULO VII

Fomento, promoción e difusión

Artigo 71. Axudas económicas

1. A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, no ámbito das súas competencias, poderá outorgar subvencións para incentivar mecanismos de prevención de residuos e a implantación das mellores técnicas dispoñibles na xestión de residuos.
2. Así mesmo, a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia poderá establecer subvencións para financiar as actuacións de descontaminación e recuperación dos solos declarados contaminados previstas nesta lei. Neste casos, conforme o previsto na normativa básica estatal, esixirase o compromiso de que as posibles plusvalías que adquiren os solos reverterán na contía subvencionada en favor da Administración pública concedente da subvención, así como a constitución de garantía financeira para asegurar o cumprimento do devandito compromiso.





Artigo 72. Promoción e difusión

A consellería competente en materia de residuos realizará, con carácter anual, as seguintes accións de promoción e difusión:

- a) Potenciar a celebración de acordos de colaboración cos sectores produtivos e con representantes empresariais e sindicais e do asociacionismo ambiental, das asociacións de persoas consumidoras e doutras organizacións de participación cidadá, con fin de facilitar o cumprimento dos obxectivos previstos nesta lei.
- b) Promover convenios de colaboración con entidades públicas ou privadas para a implantación de medidas tendentes á educación, investigación, información e asesoramento, orientadas especialmente a pequenas e medias empresas, con fin de introducir nas empresas as tecnoloxías menos contaminantes e de prevención en materia de residuos.
- c) Favorecer, a través de acordos de colaboración coa consellería competente en materia de educación, a integración de contidos en materia de residuos nos ciclos formativos, co fin de mellorar a conciencia ambiental no estudiantado e na cidadanía en xeral.





TÍTULO VIII

Vixilancia, inspección, control e potestade sancionadora

CAPÍTULO I

Vixilancia, inspección e control

Artigo 73. Órganos competentes

A inspección, vixilancia e control do cumprimento desta lei, así como das súas normas de desenvolvemento, corresponde, no ámbito das súas respectivas competencias, á consellería competente en materia de residuos e ás entidades locais.





Artigo 74. Servizos de vixilancia e inspección da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia

1. As funcións de vixilancia e inspección ambiental da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia relativas ao cumprimento desta lei e as súas normas de desenvolvemento serán levadas a cabo por persoal funcionario.

2. O persoal inspector terá a condición de axente da autoridade, quedando facultado para:

a) Acceder, previa identificación e sen necesidade de preaviso, ás instalacións e lugares nos que se desenvolvan as actividades reguladas por esta lei, salvo naqueles que teñan a condición de domicilio ou outros lugares para cuxa entrada sexa necesario o consentimento da persoa titular ou autorización xudicial.

b) Realizar cantos exames, controis, toma de mostras e recollida de información, incluída a gravación de imaxes, resulten necesarios para o exercicio dos labores de vixilancia e inspección encomendados.

3. As actas formalizadas polo persoal inspector observando os requisitos legais correspondentes nas que se recollan os feitos constatados por aquel farán proba destes agás que se acredite o contrario.

4. Para o desempeño das súas funcións, o persoal inspector poderá ir acompañado de persoal de asesoramento técnico. Este persoal asesor está obrigado a gardar segredo respecto dos datos e informacións de que tivese coñecemento no exercicio destas funcións.





Artigo 75. Inspección

1. No territorio da Comunidade Autónoma de Galicia están suxeitos ás inspeccións periódicas que estime necesarias o órgano da Administración xeral daquela competente en materia de inspección ambiental:

- a) As entidades e empresas que leven a cabo operacións de tratamento de residuos.
- b) As entidades e empresas que recollan ou transporten residuos con carácter profesional.
- c) Os suxeitos axentes e negociantes.
- d) Os establecementos e empresas que produzan residuos.
- e) Os sistemas de aplicación da responsabilidade ampliada do suxeito produtor do produto.

2. O órgano sinalado no número anterior poderá comprobar en calquera momento que se cumpren os requisitos para o mantemento das autorizacións outorgadas e para continuar a actividade prevista nas comunicacións segundo o previsto nesta lei. No caso de que non fose así, poderase suspender a autorización ou paralizar provisionalmente a actividade prevista na comunicación e propoñeranse as medidas que se deberán adoptar ou, de ser o caso, poderase revogar a autorización ou paralizar definitivamente a actividade.

3. As persoas titulares das entidades e empresas mencionadas no número 1 deste artigo están obrigadas a prestar toda a colaboración requirida pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e o seu persoal inspector, incluída a posta a disposición de calquera documentación relacionada co exercicio da actividade.

4. As inspeccións das operacións de recollida e transporte de residuos cubrirán a orixe, a natureza, a cantidade e o destino dos residuos recollidos e transportados.

5. O órgano competente da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia poderá tomar en consideración os rexistros efectuados con arranxo ao sistema comunitario de xestión e auditoría ambientais ou outros equivalentes, especialmente no que se refire á frecuencia e intensidade das inspeccións.





CAPÍTULO II

Responsabilidade e réxime sancionador

Artigo 76. Potestade sancionadora

O exercicio da potestade sancionadora en materia de residuos e solos contaminados corresponde:

- a) Á consellería competente en materia de medio ambiente, no que atinxe ao ámbito competencial que nesta materia ostenta a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.
- b) Aos concellos, no caso das infraccións consistentes no abandono, vertedura ou eliminación incontrolados dos residuos cuxa recollida e xestión corresponde a aqueles, así como das infraccións relativas ao depósito ou entrega de residuos sen cumprir as condicións previstas nas súas ordenanzas.





Artigo 77. Alcance da responsabilidade en materia de residuos

1. Os residuos terán sempre unha persoa responsable do cumprimento das obrigas que derivan da súa produción e xestión, que se corresponderá co suxeito produtor ou outro suxeito posuidor inicial ou o suxeito xestor, nos termos previstos na normativa básica estatal, na presente lei e nas súas normas de desenvolvemento. Estes suxeitos poderán exercer accións de repetición cando os custos en que incorresen deriven dos incumprimentos legais ou contractuais doutras persoas físicas ou xurídicas.

2. A responsabilidade dos suxeitos produtores e dos demais suxeitos posuidores iniciais de residuos domésticos e comerciais conclúe cando os entreguen nos termos previstos nas ordenanzas locais e no resto da normativa aplicable.

3. A responsabilidade dos demais suxeitos produtores ou posuidores iniciais de residuos, cando non realicen o tratamento por si mesmos, conclúe cando os entreguen a un suxeito negociante para o seu tratamento, ou a unha empresa ou entidade de tratamento autorizada, sempre que a entrega sexa acreditada documentalmente e se realice cumprindo os requisitos legalmente esixidos.

4. De conformidade co artigo 31.2.e) da Lei 22/2011, do 28 de xullo, en aplicación da responsabilidade ampliada e coa finalidade de promover a prevención e de mellorar a reutilización, a reciclaxe e a valorización de residuos, os suxeitos produtores de produtos que co seu uso se converten en residuos poderán ser obrigados, pola corresponde normativa, a responsabilizarse total ou parcialmente da organización da xestión dos residuos, podendo establecerse que os suxeitos distribuidores do devandito produto compartan esta responsabilidade.

5. A responsabilidade ampliada do suxeito produtor aplicarase sen prexuízo da responsabilidade da xestión de residuos establecida na presente lei e na restante normativa de aplicación.





Artigo 78. Suxeitos responsables das infraccións administrativas

1. Poderán ser sancionadas polos feitos constitutivos das infraccións administrativas recollidas neste capítulo as persoas físicas ou xurídicas que os cometan a título de dolo ou culpa, de acordo co establecido nesta lei e sen prexuízo, de ser o caso, das correspondentes responsabilidades civís, penais e ambientais.

2. De acordo co artigo 28.3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, cando o cumprimento dunha obriga establecida na presente lei corresponda a varias persoas conxuntamente, responderán de forma solidaria das infraccións que, de ser o caso, se cometan e das sancións que se impoñan. Non obstante, cando a sanción sexa pecuniaria e sexa posible se individualizará na resolución en función do grao de participación de cada suxeito responsable.

3. A responsabilidade será solidaria, en todo caso, nos seguintes supostos:

a) Cando o suxeito produtor, o suxeito posuidor inicial ou o suxeito xestor de residuos entregue residuos a unha persoa física ou xurídica distinta das sinaladas nesta lei e na restante normativa de residuos.

b) Cando sexan varios os suxeitos responsables e non sexa posible determinar o grao de participación de cada un na realización da infracción.

4. Cando os danos causados ao medio se orixinen por acumulación de actividades debidas a diferentes persoas, a administración competente poderá imputar individualmente esta responsabilidade e os seus efectos económicos.





Artigo 79. *Infraccións*

- 1. Constitúen infraccións administrativas, de conformidade coa presente lei, as accións e omisións tipificadas nela.**
- 2. As infraccións tipificadas na presente lei clasifícanse en moi graves, graves e leves.**





Artigo 80. *Infraccións moi graves*

Constitúen infraccións moi graves:

- a) O exercicio dunha actividade regulada nesta lei sen a preceptiva comunicación ou autorización, ou con ela caducada ou suspendida, así como o incumprimento das obrigas impostas nas autorizacións ou da información incorporada na comunicación, sempre que supuxese perigo grave ou dano á saúde das persoas, producise un dano ou deterioración grave para o medio, ou cando a actividade teña lugar en espazos protexidos.
- b) A actuación en forma contraria ao establecido nesta lei e nas súas normas de desenvolvemento, sempre que supuxese perigo grave ou dano á saúde das persoas, producise un dano ou deterioración grave para o medio, ou cando a actividade teña lugar en espazos protexidos.
- c) O abandono, vertedura ou eliminación incontrolada de residuos perigosos.
- d) O abandono, vertedura ou eliminación incontrolada de calquera outro tipo de residuos, sempre que se puxese en perigo grave a saúde das persoas, ou se producise un dano ou deterioración grave para o medio.
- e) O incumprimento das obrigas derivadas das medidas provisionais previstas nesta lei.
- f) A ocultación ou a alteración intencionadas de datos achegados aos expedientes administrativos para a obtención de autorizacións, permisos ou licenzas, ou de datos contidos nas comunicacións relacionadas co exercicio das actividades reguladas nesta lei.
- g) A elaboración, importación ou adquisición intracomunitaria de produtos con substancias ou preparados prohibidos polo perigo dos residuos que xeran.
- h) Non realizar as operacións de limpeza e recuperación cando un solo fose declarado como contaminado, logo do correspondente requirimento do órgano competente da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou o incumprimento, de ser o caso, das obrigas derivadas de acordos voluntarios ou convenios de colaboración para a reparación en vía convencional dos solos contaminados.
- i) A mestura das diferentes categorías de residuos perigosos entre si ou destes cos que non teñan tal consideración, sempre que como consecuencia diso se puxese en perigo grave a saúde das persoas, ou se producise un dano ou deterioración grave para o medio.
- j) A entrega, venda ou cesión de residuos perigosos a persoas físicas ou xurídicas distintas das sinaladas nesta lei, así como a aceptación daqueles en condicións distintas das que se





establezan nas correspondentes autorizacións e comunicacións, ou nas normas establecidas nesta lei.

k) A elaboración, a posta no mercado ou a utilización de produtos ou envases no ámbito da responsabilidade ampliada do suxeito produtor do produto, incumprindo as obrigas que deriven desta lei ou das súas normas de desenvolvemento e as condicións impostas na autorización, cando como consecuencia se perturben gravemente a saúde e hixiene públicas, a protección do medio ou a seguridade das persoas consumidoras.

l) A entrada no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia de residuos perigosos procedentes doutro Estado membro da Unión Europea, así como a saída de residuos perigosos cara a outro Estado membro, sen obter os permisos e autorizacións esixidos pola lexislación da Unión Europea ou sen cumprir a obriga establecida no artigo 26.5.b) da Lei 22/2011, do 28 de xullo.

m) Non elaborar os plans de vixilancia e control do solo e das augas subterráneas asociadas, as investigacións analíticas da calidade do solo ou as valoracións de riscos cando sexa obrigatorio de acordo co disposto nesta lei, sempre que se puxese en perigo grave a saúde das persoas, ou se producise un dano ou deterioración grave no medio.

n) Non adoptar medidas de recuperación en solos cando así se requira, sempre que se puxese en perigo grave a saúde das persoas, ou se producise un dano ou deterioración grave no medio.

ñ) O incumprimento das condicións sinaladas nas resolucións emitidas polo órgano da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia competente en materia de solos contaminados nos procedementos regulados nesta lei e na normativa de desenvolvemento, sempre que se puxese en perigo grave a saúde das persoas, ou se producise un dano ou deterioración grave no medio.

o) O incumprimento da obriga prevista no artigo 54.1 de informar ao órgano da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia competente en materia de solos contaminados da detección de indicios ou riscos de contaminación, sempre que se puxese en perigo grave a saúde das persoas, ou se producise un dano ou deterioración grave no medio.





Artigo 81. *Infraccións graves*

Constitúen infraccións graves:

- a) O exercicio dunha actividade descrita nesta lei sen a preceptiva comunicación ou autorización, ou con ela caducada ou suspendida, así como o incumprimento das obrigas impostas nas autorizacións ou da información incorporada na comunicación, sen que supuxese un perigo grave ou un dano á saúde das persoas nin se producise un dano ou deterioración grave para o medio.
- b) A actuación en forma contraria ao establecido nesta lei e nas súas normas de desenvolvemento, sen que supuxese un perigo grave ou un dano á saúde das persoas nin se producise un dano ou deterioración grave para o medio.
- c) O abandono, vertedura ou eliminación incontrolado de calquera tipo de residuos non perigosos sen que supuxese un perigo grave ou un dano á saúde das persoas nin se producise un dano ou deterioración grave para o medio.
- d) O incumprimento da obriga de proporcionar documentación, a ocultación ou falseamento de datos esixidos pola normativa aplicable ou polas estipulacións contidas na autorización, o incumprimento da obriga de custodia e mantemento da devandita documentación, así como a ocultación ou falseamento de datos ou non entrega da información ou documentación esixida polo órgano competente da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, cando esta información sexa necesaria para determinar o grao de cumprimento desta lei e as súas normas de desenvolvemento.
- e) A falta de constitución de fianzas ou garantías, ou da súa renovación, cando sexan obrigatorias.
- f) O incumprimento das obrigas derivadas dos convenios e acordos que se establezan en materia de responsabilidade ampliada do suxeito produtor do produto, en relación coa produción e xestión de residuos e no ámbito de solos contaminados.
- g) A obstrución, por acción ou omisión, da actividade de vixilancia, inspección e control da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, así como o incumprimento das obrigas de colaboración previstas no artigo 44.2 da Lei 22/2011, do 28 de xullo.
- h) A falta de etiquetaxe, ou a etiquetaxe incorrecta ou parcial dos envases que conteñan residuos perigosos.





- i) A mestura das diferentes categorías de residuos perigosos entre si ou destes cos que non teñan tal consideración, sempre que como consecuencia non se puxese en perigo grave a saúde das persoas nin se producise un dano ou deterioración grave para o medio.
- j) A entrega, venda ou cesión de residuos non perigosos a persoas físicas ou xurídicas distintas das sinaladas nesta lei, así como a aceptación daqueles en condicións distintas das que se establezan nas correspondentes autorizacións ou nas normas establecidas nesta lei.
- k) A elaboración, a posta no mercado ou a utilización de produtos ou envases no ámbito da responsabilidade ampliada do suxeito produtor do produto incumprindo as obrigas que deriven desta lei e das súas normas de desenvolvemento e as estipulacións contidas na autorización, sempre que non se perturben gravemente a saúde e hixiene públicas, a protección do medio nin a seguridade das persoas consumidoras.
- l) Non elaborar os estudos de minimización de residuos ou os plans empresariais de prevención previstos nas normas de residuos, así como non atender os requirimentos efectuados polo órgano da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia competente en materia de residuos para que aqueles sexan modificados ou completados con carácter previo á súa aprobación.
- m) O incumprimento das prohibicións establecidas no artigo 43.2.
- n) A entrada no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia de residuos procedentes doutro Estado membro da Unión Europea, así como a saída de residuos cara a outro Estado membro, sen obter os permisos e autorizacións esixidos pola lexislación da Unión Europea, ou sen cumprir a obriga establecida no artigo 26.5.b) da Lei 22/2011, do 28 de xullo.
- ñ) No caso de traslado intracomunitario, o incumprimento da obriga de emisión do certificado de valorización ou eliminación intermedia ou definitiva dos residuos, no prazo máximo e nos termos establecidos nos artigos 15 e 16 do Regulamento 1013/2006, do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de xuño de 2006.
- o) Non elaborar os plans de vixilancia e control do solo e das augas subterráneas asociadas, as investigacións analíticas da calidade do solo ou as valoracións de riscos cando sexa obrigatorio de acordo co disposto nesta lei, cando non se puxese en perigo grave a saúde das persoas nin se producise un dano ou deterioración grave no medio.
- p) A ocultación ou alteración por parte das entidades acreditadas dos datos que deban subministrarse á Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia de acordo co disposto nesta lei e co que regulamentariamente se estableza.





q) A comisión dalgún dos feitos tipificados nesta lei como infracción moi grave, cando, pola súa escasa contía ou entidade, non mereza esa cualificación.





Artigo 82. *Infraccións leves*

Constitúen infraccións leves:

- a) O atraso na subministración da documentación que haxa que proporcionar á Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia de acordo co establecido pola normativa aplicable, nas estipulacións contidas nas autorizacións ou que deba, de ser o caso, acompañar ás comunicacións.
- b) A comisión dalgún dos feitos tipificados nesta lei como infracción moi grave ou grave cando, pola súa escasa contía ou entidade, non mereza esa cualificación.
- c) Calquera incumprimento das obrigas impostas expresamente por esta lei e as súas normas de desenvolvemento, das estipulacións contidas nas autorizacións ou do contido das comunicacións, cando non estea tipificada como infracción moi grave ou grave.

CSV: BOPGDSPG9QHwPpHL7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Artigo 83. Sancións

1. As infraccións moi graves tipificadas nesta lei darán lugar á imposición de todas ou algunhas das seguintes sancións:

a) Multa desde 45.001 euros, ou desde 300.001 euros de tratarse de residuos perigosos, ata 1.750.000 euros.

b) Inhabilitación para o exercicio de calquera das actividades previstas nesta lei por un período de tempo non inferior a un ano nin superior a dez.

c) No suposto das infraccións tipificadas nas alíneas a), b), e), f), i) e j) do artigo 80, clausura temporal ou definitiva, total ou parcial, das instalacións ou aparellos por un prazo máximo de 5 anos, debéndose salvagardar os dereitos das persoas traballadoras de acordo co previsto na lexislación laboral.

d) No suposto das infraccións tipificadas nas letras a), b), e), f), g), i) e j) do artigo 80, revogación da autorización ou suspensión por un tempo non inferior a un ano nin superior a dez.

2. As infraccións graves tipificadas nesta lei darán lugar á imposición de todas ou algunhas das seguintes sancións:

a) Multa desde 901 euros ata 45.000 euros, ou desde 9.001 euros ata 300.000 euros de tratarse de residuos perigosos.

b) Inhabilitación para o exercicio de calquera das actividades previstas nesta lei por un período de tempo inferior a un ano.

c) No suposto das infraccións tipificadas nas alíneas a), b), e), g), h), i), j) e n) do artigo 81, revogación da autorización ou suspensión por un tempo de ata un ano.

3. As infraccións leves sancionaranse cunha multa de ata 900 euros, ou de ata 9.000 euros de tratarse de residuos perigosos.

4. No suposto das infraccións tipificadas nas alíneas g) e k) do artigo 80 e nas alíneas k), l) e m) do artigo 81, o órgano que exerza a potestade sancionadora poderá acordar como sanción accesoria o comiso das mercadorías, determinando o seu destino final.

5. As persoas físicas ou xurídicas que fosen sancionadas pola comisión das infraccións moi graves ou graves tipificadas nesta lei non poderán obter subvencións do sector público





autonómico ata cumprir a sanción e, de ser o caso, executar as medidas correctoras pertinentes.

CSV: BOPGDSPG9QHtYwPHL7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Artigo 84. Gradación das sancións

1. O órgano que exerza a potestade sancionadora deberá gardar a debida adecuación entre a sanción e o feito constitutivo da infracción, considerando especialmente:

a) A súa repercusión.

b) A súa transcendencia polo que respecta á saúde e seguridade das persoas e do medio ou aos bens protexidos pola Lei 22/2011, do 28 de xullo, e pola presente lei.

c) As circunstancias da persoa responsable e o seu grao de intencionalidade, participación e beneficio obtido.

d) A reincidencia, por comisión no termo dun ano de máis dunha infracción da mesma natureza cando así fose declarado por resolución firme en vía administrativa.

e) A reiteración.

f) A irreversibilidade dos danos ou deterioracións producidos.

g) Os demais criterios de gradación previstos con carácter básico no artigo 29.3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

2. En ningún caso a multa que se impuxese pola comisión dunha infracción tipificada nesta lei resultará máis beneficiosa para quen cometeu a infracción que o cumprimento da disposición infrinxida. Para este efecto, a contía máxima da multa prevista no artigo 83 para o tipo de infracción de que se trate poderá incrementarse ata un importe equivalente ao beneficio obtido. A valoración do beneficio ilícito farase con arranxo a valores e prezos de mercado.





Artigo 85. Prescrición das infraccións

1. As infraccións tipificadas nesta lei prescribirán nos seguintes prazos:

- a) As infraccións moi graves, aos cinco anos.**
- b) As infraccións graves, aos tres anos.**
- c) As infraccións leves, ao ano.**

2. O prazo de prescrición comezará a contarse desde o día en que a infracción se cometese, coas seguintes particularidades:

a) Nos supostos de infraccións continuadas, o prazo de prescrición comezará a contar desde o momento da finalización da actividade ou do último acto co que a infracción se consuma. No caso de que os feitos ou actividades constitutivos de infracción fosen descoñecidos por carecer de signos externos, os devandito prazo computarase desde que aqueles se manifesten.

b) Cando os danos ao medio derivados das infraccións non fosen inmediatamente perceptibles, o prazo de prescrición comezará a contar desde o momento da súa manifestación ou coñecemento.

3. Interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento da persoa interesada, do procedemento sancionador, reiniciándose o prazo de prescrición se o expediente sancionador estivese paralizado durante máis dun mes por causa non imputable á persoa presuntamente responsable.

CSV: BOPGDSPG9QHwPHL7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Artigo 86. *Prescripción das sancións*

1. As sancións impostas pola comisión de infraccións leves prescribirán ao ano, as impostas por faltas graves aos tres anos e as impostas por faltas moi graves aos cinco anos.
2. O prazo de prescripción das sancións comezará a contarse desde o día seguinte a aquel en que sexa executable a resolución pola que se impón a sanción ou transcorrese o prazo para recorrela.
3. Interromperá a prescripción a iniciación, con coñecemento da persoa interesada, do procedemento de execución, volvendo transcorrer o prazo se aquel está paralizado durante máis dun mes por causa non imputable á persoa infractora.
4. No caso de desestimación presunta do recurso de alzada interposto contra a resolución pola que se impón a sanción, o prazo de prescripción da sanción comezará a contarse desde o día seguinte a aquel no que finalice o prazo legalmente previsto para a resolución do devandito recurso, de acordo co previsto no artigo 30.3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.





Artigo 87. Publicidade das sancións

Os órganos que exerzan a potestade sancionadora poderán acordar, cando estimen que existen razóns de interese público e a través do procedemento que regulamentariamente se determine, a publicación no diario oficial correspondente e nos medios de comunicación social que consideren oportunos das sancións impostas pola comisión de infraccións moi graves e graves, así como os nomes e apelidos ou razón social das persoas físicas ou xurídicas responsables, unha vez que as devanditas sancións adquirisen o carácter de firmes.





Artigo 88. *Concorrenza de sancións e relacións coa orde xurisdicional penal*

1. Non poderán sancionarse os feitos que fosen sancionados penal ou administrativamente, nos casos en que se aprecie identidade de suxeito, feito e fundamento.
2. Cando un órgano da Unión Europea impuxese unha sanción polos mesmos feitos, e sempre que non concorra a identidade de suxeito e fundamento, o órgano competente para resolver deberá tela en conta para efectos de graduar a que, de ser o caso, deba impor, e poderá minorala, sen prexuízo de declarar a comisión da infracción, de acordo co artigo 31.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.
3. En calquera momento do procedemento sancionador, cando o órgano competente estime que os feitos puidesen ser constitutivos de ilícito penal, comunicarao ao Ministerio Fiscal, solicitándolle testemuño das actuacións practicadas respecto da devandita comunicación.

Esta comunicación suspenderá a tramitación do procedemento sancionador mentres a autoridade xudicial non dite resolución firme que poña fin ao procedemento ou teña lugar o sobresemento ou o arquivo das actuacións ou se produza a devolución do expediente polo Ministerio Fiscal. De non apreciarse a existencia de ilícito penal, continuarase a tramitación do procedemento sancionador desde que se teña coñecemento da resolución xudicial firme que poña fin ao procedemento, ou do sobresemento, do arquivo das actuacións ou da devolución do expediente polo Ministerio Fiscal. Os feitos declarados probados na resolución xudicial firme vincularán ao órganos administrativos competentes.

4. Cando o órgano competente tivese coñecemento de que se está desenvolvendo un proceso penal sobre os mesmos feitos, solicitará do órgano xudicial comunicación das actuacións realizadas.

Recibida a comunicación, e de estimarse que existe identidade de suxeito, feito e fundamento entre a infracción administrativa e a infracción penal que puidese concorrer, o órgano competente para a resolución do procedemento sancionador acordará a suspensión deste ata que se dite resolución xudicial firme.

5. Cando un solo feito constituía dous ou máis infraccións con arranxo a esta lei e outras leis que fosen de aplicación, impoñerase ao suxeito infractor a sanción de maior gravidade se o exercicio da potestade sancionadora correspondese, respecto de todas esas infraccións, á Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e o fundamento ou ben xurídico protexido fosen os mesmos.





Artigo 89. Reparación do dano e indemnización

1. Sen prexuízo da sanción que se puidese impoñer, a persoa infractora quedará obrigada á reposición da situación alterada ao seu estado orixinario, así como á indemnización dos danos e perdas causados, que poderán ser determinados polo órgano competente, debendo, neste caso, comunicarse á persoa infractor para a súa satisfacción no prazo que para o efecto se determine.
2. Nos casos de danos ambientais, a persoa infractora estará obrigada á reparación nos termos da normativa vixente sobre responsabilidade ambiental.
3. Cando as condutas sancionadas causasen danos ou perdas ás Administracións e a contía destinada a indemnizar estes danos non quedase determinada no expediente, fixarase mediante un procedemento complementario, cuxa resolución será inmediatamente executiva. Este procedemento será susceptible de terminación convencional, pero nin esta nin a aceptación pola persoa infractora da resolución que puidese recaer implicarán o recoñecemento voluntario da súa responsabilidade. A resolución do procedemento poñerá fin á vía administrativa.

CSV: BOPGDSPG9QHwPHL7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Artigo 90. Multas coercitivas e execución subsidiaria

1. Se as persoas infractoras non procedesen á reparación ou indemnización dos danos causados de acordo co establecido nesta lei, unha vez transcorrido o prazo sinalado no requirimento correspondente, o órgano competente para iniciar o procedemento sancionador poderá acordar a imposición de multas coercitivas, ata o efectivo e completo cumprimento da resolución que impoñan tales obrigas, ou a execución subsidiaria.
2. A contía de cada unha das multas coercitivas non superará un terzo da multa imposta pola infracción cometida e fixarase tendo en conta os seguintes criterios:
 - a) O atraso no cumprimento da obriga de reparación desde a data na que a resolución sancionadora sexa executiva.
 - b) A existencia de intencionalidade no incumprimento.
 - c) A natureza dos prexuízos causados, en particular cando afecte a recursos ou espazos únicos, escasos ou protexidos.
 - d) A reincidencia no incumprimento da obriga de reparación de danos causados ao medio.
3. A imposición de multas coercitivas esixirá que no requirimento se indique o prazo de que se dispón para o cumprimento da obriga e a contía da multa que pode ser imposta. En todo caso, o prazo deberá ser suficiente para cumprir a obriga.
4. Se, unha vez imposta a multa coercitiva, se mantivese o incumprimento que a motivou, aquela poderá reiterarse por lapsos de tempo que sexan suficientes para cumprir o ordenado.
4. As multas coercitivas son independentes e compatibles coas que se poidan impoñer en concepto de sanción.
5. No caso de que non se realicen as operacións de limpeza e recuperación de solos contaminados, poderá procederse á execución subsidiaria a costa da persoa infractora.
6. Os medios de execución forzosa das resolucións que obriguen a realizar as medidas de prevención, de evitación e de reparación de danos ambientais serán os regulados pola normativa sobre responsabilidade ambiental.

Handwritten signature and a large arrow pointing downwards.





CAPÍTULO III

Procedemento sancionador

Artigo 91. Procedemento sancionador e resolución sancionadora

1. A imposición de sancións realizarase mediante a tramitación do correspondente procedemento sancionador, de acordo co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro.
2. A resolución que poña fin ao procedemento será motivada e resolverá todas as cuestións suscitadas naquel. A resolución haberá de ditarse e notificarse no prazo máximo dun ano desde a data do acordo de incoación do procedemento.
3. Na resolución non poderán aceptarse feitos distintos dos determinados no curso do procedemento, con independencia da súa diferente valoración xurídica. Con todo, cando o órgano competente para resolver considere que a infracción ou a sanción revisten maior gravidade que a determinada na proposta de resolución, notificarase á persoa inculpada para que achegue cantas alegacións estime convenientes no prazo de quince días.
4. A resolución será executiva cando non caiba contra ela ningún recurso ordinario en vía administrativa, sen prexuízo do previsto no segundo parágrafo do artigo 90.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, podendo adoptarse na mesma as disposicións cautelares precisas para garantir a súa eficacia en tanto non sexa executiva e que poderán consistir no mantemento das medidas provisionais que de ser o caso se adoptaron.





Artigo 92. Medidas provisionais

1. Iniciado o procedemento sancionador, a persoa titular do órgano competente para resolvelo, por iniciativa propia ou por proposta da persoa instrutora daquel, poderá adoptar en calquera momento, mediante acordo motivado, as medidas de carácter provisional que estime necesarias para asegurar a eficacia da resolución que puidese recaer e evitar o mantemento dos riscos ou danos para a saúde humana e o medio.

2. As medidas provisionais deberán ser proporcionadas á natureza e gravidade das presuntas infraccións e poderán consistir en:

a) Medidas de corrección, seguridade ou control que impidan a continuidade na produción do dano.

b) Precintado de aparellos, equipos ou vehículos.

c) Clausura temporal, parcial ou total do establecemento.

d) Suspensión temporal da autorización para o exercicio da actividade pola empresa.

3. Coa mesma finalidade prevista no número 1, o órgano competente para a iniciación do procedemento sancionador, nos casos de urxencia e para a protección provisional dos intereses implicados, poderá adoptar as medidas provisionais imprescindibles con anterioridade á iniciación do procedemento, cos límites e condicións establecidos no artigo 56 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, sen que en ningún caso a súa duración poida exceder o prazo de quince días.

Estas medidas poderán incluír a suspensión da autorización e a prohibición do exercicio das actividades comunicadas, cando a autoridade competente comprobe que o suxeito titular non cumpre os requisitos establecidos na autorización concedida ou na comunicación presentada.

4. Non se poderá adoptar ningunha medida provisional sen o trámite de audiencia previa ás persoas interesadas por un prazo non inferior a dez días nin superior a quince, para que poidan achegar cantas alegacións, documentos e xustificacións que estimen convenientes, salvo nos seguintes supostos:

a) Cando concorran razóns de urxencia que aconsellen a adopción inmediata da medida, baseadas na produción dun dano grave para a saúde humana ou do medio.





b) Cando se trate do exercicio dunha actividade das reguladas no artigo 53 da Lei 22/2011, do 28 de xullo, ou na presente lei, sen a preceptiva autorización ou con ela caducada ou suspendida.

Nestes casos o trámite de audiencia levarase a cabo inmediatamente despois de acordada a medida provisional, para a revisión ou ratificación desta polo órgano que a impuxo.

CSV: BOPGDSPG9QHwPHL7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Artigo 93. *Órganos competentes*

1. Nos casos en que, de acordo co establecido na presente lei, o exercicio da potestade sancionadora corresponda á Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, a competencia para a incoación dos procedementos sancionadores corresponderá:

- a) Á persoa titular da respectiva xefatura territorial da consellería competente en materia de residuos, segundo o ámbito territorial no que se cometese a infracción.
- b) Á persoa titular da dirección xeral competente en materia de residuos, se os feitos afectasen aos ámbitos territoriais de máis dunha xefatura territorial.
- c) Á persoa titular da xefatura territorial da consellería competente en materia de residuos en cuxo ámbito territorial se detectase a infracción, cando esta se refira ao traslado de residuos.

2. Cando a iniciación do procedemento sancionador sexa acordada pola persoa titular dunha xefatura territorial, poñerá en coñecemento da dirección xeral competente en materia de residuos, que poderá avocar a súa tramitación, de conformidade cos artigos 10 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, e 7 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, se estimase que a presunta infracción pon en perigo grave de degradación ao medio.

3. A resolución dos procedementos sancionadores de competencia da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia corresponderá:

- a) Nas infraccións leves, á persoa titular da xefatura territorial da consellería competente en materia de residuos que acordase a iniciación do procedemento sancionador, agás no suposto sinalado na alínea b) do número 1, en que corresponderá á persoa titular da dirección xeral competente en materia de residuos.
- b) Nas infraccións graves, á persoa titular da dirección xeral competente en materia de residuos.
- c) Nas infraccións moi graves, á persoa titular da consellería competente en materia de residuos.

4. En todo caso, na tramitación dos procedementos sancionadores garantirase que a instrución e a resolución se encomende a órganos distintos, de acordo co disposto polo artigo 63.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.





Disposición adicional primeira. *Tramitación electrónica*

1. A tramitación dos procedementos administrativos previstos nesta lei deberase levar a cabo por vía electrónica, de conformidade co previsto na presente lei e a súa normativa de desenvolvemento.
2. A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia adoptará as medidas necesarias e incorporará as tecnoloxías precisas para garantir a interoperatividade dos distintos sistemas, de acordo coa normativa aplicable nesta materia.





Disposición adicional segunda. *Recuperación de solos obxecto de verteduras incontroladas*

O réxime de responsabilidade regulado no artigo 36.1 da Lei 22/2011, do 28 de xullo, será aplicable aos supostos de verteduras incontroladas de residuos, para efectos da execución das tarefas de limpeza e de reposición ao estado anterior que, de ser o caso, correspondan.





Disposición adicional terceira. *Sistema promovido pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia para a xestión institucional dos residuos domésticos*

O sistema promovido pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia para a xestión institucional dos residuos domésticos seguirá a xestionarse pola Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A., de conformidade co previsto nesta lei e na disposición adicional vixésimo primeira da Lei 11/2013, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014.





Disposición transitoria primeira. *Procedemento de traslado de residuos dentro do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia*

En tanto non se desenvolva regulamentariamente, o procedemento de traslado de residuos dentro do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, tramitarase de xeito telemático a través da plataforma habilitada para tal efecto pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co establecido polo Real decreto 180/2015, do 13 de marzo.

CSV: BOPGDSPG9QHwPHL7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Disposición transitoria segunda. Adaptación ao réxime de responsabilidade ampliada do suxeito produtor

De conformidade coa disposición transitoria cuarta da Lei 22/2011, do 28 de xullo, os sistemas integrados de xestión de residuos existentes á entrada en vigor da devandita lei rexeranse polo previsto na Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos, polas normas reguladoras de cada fluxo de residuos, e pola Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia. Non obstante, eses sistemas adaptaranse ao establecido na Lei 22/2011, do 28 de xullo, e na presente lei, no prazo dun ano desde que entren en vigor as normas que adapten as citadas disposicións reguladoras estatais. Este réxime tamén se aplicará a aqueles sistemas de responsabilidade ampliada cuxa comunicación ou solicitude de autorización se presentase antes da entrada en vigor das normas de adaptación mencionadas.





Disposición transitoria terceira. *Adaptación ao novo réxime de garantías*

1. As persoas rexistradas no Rexistro xeral de produtores e xestores de residuos de Galicia que estean levando a cabo actividades que se vexan afectadas polo réxime de garantías introducido como novidade nesta lei disporán do prazo de seis meses para solicitar a adaptación da súa autorización ou comunicación e do prazo dun ano para presentar a garantía financeira correspondente ao exercicio da súa actividade.
2. Aquelas persoas que no prazo indicado non teñan depositadas as garantías financeiras requiridas serán dadas de baixa de oficio no rexistro, logo da tramitación do correspondente procedemento no que se acorde a revogación da autorización ou, no suposto de comunicacións, a determinación da imposibilidade de continuar co exercicio da actividade por incumprimento dos requisitos para o seu exercicio.





Disposición transitoria cuarta. *Réxime transitorio en materia de subprodutos*

Os materiais que fosen declarados subprodutos polo órgano competente da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ao abeiro do procedemento aplicable antes da posta en marcha dos mecanismos previstos no artigo 4.2 da Lei 22/2011, do 28 de xullo, de acordo coa disposición transitoria primeira da devandita lei, poderán xestionarse conforme ao réxime xurídico derivado de tal declaración autonómica, ata que sexa aceptada ou rexeitada a súa condición de subproduto conforme os mecanismos previstos no artigo 4.2 da Lei 22/2011, do 28 de xullo.





Disposición derogatoria única. *Derogación normativa*

1. Quedan derogadas:

a) A Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia.

b) O Decreto 154/1998, do 28 de maio, polo que se publica o catálogo de residuos de Galicia.

c) O Decreto 59/2009, do 26 de febreiro, polo que se regula a rastrexabilidade dos residuos.

2. Así mesmo, quedan derogadas todas as normas de igual ou inferior rango que contradigan ou se opoñan ao disposto nesta lei.

CSV: BOPGDSPG9QHtYwPHL7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Disposición derradeira primeira. *Habilitación normativa*

Habílitate ao Consello da Xunta de Galicia para que dite as disposicións necesarias para o desenvolvemento desta lei.





Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

A presente lei entrará en vigor aos vinte días naturais da súa publicación.

Alfonso Rueda Valenzuela

Vicepresidente primeiro e Conselleiro de Presidencia,

Xustiza e Turismo



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO


3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

